



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 101
24 de febreiro de 2021

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

I 11392 (11/INT-000658)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a crise económica e social que asola a comarca de Ferrol

[40154](#)

I 11407 (11/INT-000660)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación á crise industrial que asola Galicia

[40160](#)

I 11440 (11/INT-000662)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre os atrasos no aboamento de subvencións concedidas no marco de programas do Plan de reactivación económica

[40166](#)

Admisión a trámite e publicación

I 10854 (11/INT-000631)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa ampliación da rede de centros integrados de formación profesional

[40172](#)

I 10883 (11/INT-000632)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa elaboración das listaxes de substitucións no ensino

[40177](#)

I 10888 (11/INT-000633)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa poboación do lobo en Galicia

[40180](#)



I 10894 (11/INT-000634)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co asesoramento xurídico ás persoas afectadas por ocupacións ilegais de vivendas, por lanzamentos derivados de execucións hipotecarias ou arrendamentos urbanos e por concursos de acredores

[40183](#)**I 10911 (11/INT-000635)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 máis**

Sobre os problemas de conectividade e a falta de equipos informáticos e de profesorado nos centros educativos para paliar os efectos da covid-19

[40186](#)**I 10927 (11/INT-000636)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa defensa dos intereses das persoas consumidoras de produtos bancarios

[40190](#)**I 10934 (11/INT-000637)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 6 máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co desenvolvemento en Galicia de macroproxectos eólicos

[40194](#)**I 10940 (11/INT-000638)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa creación de áreas de reparacións nos estaleiros galegos

[40202](#)**I 11031 (11/INT-000640)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto para Galicia dos ecoesquemas previstos na nova Política Agraria Común para o período 2023-2027

[40206](#)**I 11049 (11/INT-000641)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coas seccións de crédito das cooperativas

[40209](#)**I 11066 (11/INT-000642)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a política do Goberno galego en relación coas persoas que se atopan en situación de soidade non desexada [40213](#)

I 11096 (11/INT-000643)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co uso de textos ideoloxicamente parciais e excluín-tes como material docente [40215](#)

I 11145 (11/INT-000644)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 4 máis

Sobre os parques eólicos no oriente ourensán e no sur de Lugo [40218](#)

I 11178 (11/INT-000645)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa prevención, atención e abordaxe integral da soidade non desexada [40226](#)

I 11185 (11/INT-000646)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa cobertura do servizo de teleasistencia en Galicia [40229](#)

I 11192 (11/INT-000647)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a política do Goberno galego en relación coa captación de fondos europeos no ámbito social [40232](#)

I 11244 (11/INT-000648)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa información requirida polo Consello de Europa respecto da presenza do galego no ensino [40234](#)

I 11263 (11/INT-000649)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coas necesidades educativas do alumnado xordo ou con deficiencias auditivas [40238](#)

I 11278 (11/INT-000650)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación cos bens inmatriculados pola Igrexa Católica [40242](#)



I 11297 (11/INT-000651)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 3 máis**

Sobre os parques eólicos na comarca de Valdeorras

[40246](#)**I 11300 (11/INT-000652)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co impulso da actividade comercial dos portos

[40253](#)**I 11310 (11/INT-000653)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa mortalidade de moluscos nas rías de Galicia e coa perda de ingresos no sector marisqueiro

[40256](#)**I 11317 (11/INT-000654)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 3 máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de parques eólicos

[40259](#)**I 11374 (11/INT-000655)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre a información, evolución e previsións da débeda de Galicia e da débeda no conxunto do Estado

[40263](#)**I 11378 (11/INT-000656)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a situacións dos bens adquiridos de xeito irregular durante o franquismo

[40266](#)**I 11403 (11/INT-000659)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre a actuación polo Goberno da Xunta para impulsar un Proxecto de Recuperación da Memoria Democrática das mulleres galegas, co fin de visibilizalas e recoñecer a represión que sufriron e o papel vertebrador que tiveron na loita pola democracia e a autonomía galega

[40270](#)**I 11386 (11/INT-000661)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre a consideración polo Goberno galego de establecer mecanismos para facilitar que os posibles titulares de bens inmatriculados pola Igrexa Católica ao abeiro da reforma da normativa hipotecaria impulsada polo Goberno Aznar poidan reclamar os seus eventuais dereitos

[40272](#)

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

■ 11396 (11/POP-001618)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a crise económica e social que asola á comarca de Ferrol

[40274](#)

■ 11409 (11/POP-001621)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a estratexia a curto-medio prazo da Xunta de Galicia para solucionar a crise industrial que vive Galicia

[40279](#)

■ 11441 (11/POP-001626)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre os retrasos no aboamento de subvencións concedidas no marco de Programas do Plan de reactivación económica

[40284](#)

Admisión a trámite e publicación

■ 10857 (11/POP-001545)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da paralización do traslado do alumnado e profesorado do IES Lamas de Abade, de Santiago de Compostela, mentres non haxa na súa contorna un centro educativo coa dimensión e medios axeitados onde acollelos

[40290](#)

■ 10858 (11/POP-001546)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da construción dun novo centro de ensinanza secundaria para solucionar os problemas da comunidade educativa do IES Lamas de Abade, de Santiago de Compostela

[40294](#)

■ 10859 (11/POP-001547)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación na contorna de Lamas de Abade das infraestruturas necesarias para constituír un verdadeiro campus educativo preuniversitario

[40298](#)

■ 10864 (11/POP-001548)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis



Sobre o orzamento destinado para o ano 2020 e o número de axudas concedidas ás persoas armadoras de buques pesqueiros conxeladores do censo unificado de palangre de superficie con porto base en Galicia para paliar as dificultades de comercialización ocasionadas como consecuencia da pandemia da covid-19 [40302](#)

I 10866 (11/POP-001549)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a posición que vai defender o Goberno galego na negociación das cotas de pesca para as especies como a pescada do norte, o rapante ou o peixe sapo, entre outras [40305](#)

I 10868 (11/POP-001550)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do novo protocolo de pesca entre a Unión Europea e Senegal [40308](#)

I 10872 (11/POP-001552)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as xestións que está a realizar o Goberno galego ante o Goberno central en relación coa actual situación de bloqueo das capturas de marroxo [40310](#)

I 10878 (11/POP-001553)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento destinado a cada unha das liñas de axuda cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca e convocadas na Orde do 18 de decembro de 2020 para a innovación no sector pesqueiro [40313](#)

I 10884 (11/POP-001554)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa situación xerada polo procedemento de elaboración das listaxes de substitucións e a realización dos chamamentos no corpo de mestres para impartir docencia na especialidade de Música [40316](#)

I 10912 (11/POP-001556)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación dos centros de ensino do concello de Vilagarcía de Arousa no referido á falta de recursos humanos, materiais e informáticos, así como aos problemas derivados dos contaxios de covid-19 [40319](#)

I 10917 (11/POP-001557)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis



Sobre as medidas que está a impulsar a Xunta de Galicia para fomentar a incorporación das mulleres ás explotacións agrogandeiras [40323](#)

I 10921 (11/POP-001558)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da evolución do IPC e do impacto da covid-19

[40325](#)

I 10928 (11/POP-001559)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da evolución que presentan no ano 2020, en relación co ano 2019, as reclamacións por abusos bancarios presentadas no Banco de España

[40328](#)

I 10935 (11/POP-001560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 6 máis

Sobre as actuacións que vai impulsar a Xunta de Galicia para evitar que prospere o macroproxecto eólico promovido pola empresa Statkraft en Galicia

[40331](#)

I 10941 (11/POP-001561)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para promover a área de reparacións nas instalacións de Navantia na ría de Ferrol

[40338](#)

I 10954 (11/POP-001563)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a contribución que supón o contido do *Atlas da frota de baixura do litoral de Galicia 2000-2018*

[40342](#)

I 10956 (11/POP-001564)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre os beneficios que vai reportar a posta en marcha da Rede de Observadores do Medio Mariño de Galicia, Redogal

[40345](#)

I 10958 (11/POP-001565)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento destinado no ano 2021 ás axudas, aprobadas pola Consellería do Mar, para proxectos de desenvolvemento local participativo dirixidas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca

[40348](#)

I 10960 (11/POP-001566)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis



Sobre o orzamento destinado no ano 2021 ás axudas para proxectos de desenvolvemento local participativo dirixidas aos grupos de acción local do sector pesqueiro [40351](#)

I 11032 (11/POP-001567)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a posición que está a defender a Xunta de Galicia ante o Goberno central en relación coa proposta de ecoesquemas elaborada polo Ministerio de Agricultura para o agro galego, no marco da nova Política Agraria Común para o período 2023-2027 [40353](#)

I 11037 (11/POP-001568)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a avaliación que fai o Goberno galego do desenvolvemento do Plan de asistencia á sepe de Galicia, posto en marcha no ano 2018 [40356](#)

I 11038 (11/POP-001569)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do Programa galego para a optimización da terapia nutricional especializada no paciente crítico (Desnutrición Zero), posto en marcha no ano 2019 [40359](#)

I 11039 (11/POP-001570)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre as melloras acadadas polo Sergas nos resultados asistenciais mediante a creación no ano 2015 do Rexistro Galego de Infarto Agudo de Miocardio [40362](#)

I 11040 (11/POP-001571)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia dos resultados do proceso asistencial integrado para a esclerose lateral amiotrófica (ELA), posto en marcha no ano 2018 [40365](#)

I 11050 (11/POP-001572)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade de igualar o funcionamento e os requisitos das seccións de crédito das cooperativas cos grandes bancos [40368](#)

I 11057 (11/POP-001574)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 6 máis

Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego da adquisición polo Goberno central dalgún novo compromiso de apoio económico para a celebración do bienio Xacobeo 2021-2022 [40371](#)



I 11061 - 11524 (11/POP-001575)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de construír un centro de atención residencial para persoas maiores no concello de Petín e, se é o caso, as actuacións que vai levar a cabo ao respecto

[40373, 40375](#)**I 11067 (11/POP-001576)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre os pasos dados polo Goberno galego en relación coas persoas que se atopan en situación de soidade non desexada

[40376](#)**I 11070 (11/POP-001577)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e 12 máis**

Sobre o avance que presentan os traballos da primeira fase para a conversión en autovía da vía de altas prestacións Nadela-Sarria, no treito comprendido entre A Pobra de San Xiao e o centro de Sarria

[40378](#)**I 11075 (11/POP-001578)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín**

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da oferta de formación para o persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais nos seis centros de formación agroforestal da Consellería do Medio Rural

[40380](#)**I 11084 (11/POP-001579)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis**

Sobre a situación do proxecto de conexión do porto seco de Monforte coa estrada N-120

[40384](#)**I 11090 (11/POP-001580)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para reverter o estado no que se atopa o dique de abrigo do peirao da Mosqueira, no concello de Moaña

[40387](#)**I 11097 (11/POP-001581)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posibilidade de usar documentos como o suplemento *La Voz de la Escuela* número 1265, de *La Voz de Galicia*, nas aulas dos centros educativos galegos

[40389](#)**I 11099 (11/POP-001582)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e 8 máis**

Sobre a situación na que se atopa a prestación do servizo de transporte colectivo por estrada no concello de Ames desde a implantación do Plan de transporte público de Galicia o 23 de decembro de 2020

[40392](#)

I 11132 (11/POP-001583)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade respecto da adxudicación, no primeiro semestre de 2021, das obras de construción dunha senda peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás, no concello de Moaña

[40394](#)

I 11137 (11/POP-001584)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a cobertura da praza de facultativo vacante por xubilación no consultorio médico de Goián, no concello de Tomiño

[40396](#)

I 11146 (11/POP-001585)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 4 máis

Sobre as actuacións que vai impulsar o Goberno galego para evitar que prospere o megaproxecto eólico promovido polo Grupo Avintia no oriente ourensán e no sur de Lugo, mediante o subterfuxio da fragmentación

[40398](#)

I 11151 (11/POP-001586)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da asunción da titularidade e xestión da escola infantil municipal de Pontearreas

[40406](#)

I 10889 (11/POP-001588)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun novo plan de xestión do lobo, así como dun novo censo e mapa da súa presenza en Galicia

[40409](#)

I 10898 (11/POP-001555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre o asinamento dun convenio co Consello da Avogacía Galega para o asesoramento e a orientación xurídica ás persoas físicas propietarias ou usufrutuarias dunha vivenda ocupada de xeito ilegal

[40412](#)

I 11160 (11/POP-001589)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 4 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego para evitar a deslocalización de postos de traballo de Iberdrola da comarca de Valdeorras para Salamanca

[40415](#)



I 11165 (11/POP-001590)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as razóns que xustifican o peche da hospedaría da Casa do Mar da Coruña desde o inicio do confinamento ata a actualidade

[40420](#)**I 11171 (11/POP-001591)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e 3 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da pretensión de Iberdrola de trasladar a Salamanca o seu Centro de Operación de Conca do río Sil, situado no concello da Rúa

[40423](#)**I 11179 (11/POP-001592)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a aprobación da Estratexia de prevención, atención e abordaxe integral da soidade non desexada

[40426](#)**I 11186 (11/POP-001593)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do actual índice de cobertura do servizo de teleasistencia en Galicia

[40429](#)**I 11193 (11/POP-001594)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre os proxectos remitidos pola Xunta de Galicia ao Goberno central para a captación de fondos europeos no ámbito social, ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia

[40432](#)**I 11238 (11/POP-001595)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis**

Sobre o balance que fai o Goberno galego do funcionamento da Cidade da Cultura de Galicia

[40434](#)**I 11241 (11/POP-001596)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis**

Sobre o estado en que se atopa na actualidade a plataforma informática GaliciaLe

[40436](#)**I 11247 (11/POP-001597)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a remisión polo Goberno galego ao Goberno central, para a redacción do informe requirido polo Consello de Europa, dalgunha avaliación propia dos resultados da aplicación en Galicia do Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario

[40438](#)

I 11248 (11/POP-001598)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis**

Sobre os avances levados a cabo pola Xunta de Galicia para colaborar na posta en marcha dun centro museístico da feira no concello de Monterroso

[40442](#)**I 11251 (11/POP-001599)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**

Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego para recortar a cobertura diaria da atención pediátrica no Centro de Saúde de Conxo, en Santiago de Compostela

[40444](#)**I 11261 (11/POP-001604)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do cumprimento do Obxectivo transversal 4, Cohesión territorial e fixación da poboación no medio rural, correspondente ao Plan estratéxico de Galicia 2015-2020

[40446](#)**I 11267 (11/POP-001605)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 3 máis**

Sobre a asunción polo Goberno galego do compromiso de garantir a oferta de modelos educativos bilingües en lingual oral e de signos nos programas de atención temperá ao alumnado xordo

[40448](#)**I 11268 (11/POP-001606)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 3 máis**

Sobre as medidas implantadas polo Goberno galego para garantir a mellora das condicións de aprendizaxe do alumnado xordo neste ano de pandemia por covid-19

[40452](#)**I 11273 (11/POP-001607)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre as solucións que vai achegar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ante o inminente desaloxo de 22 persoas do poboado de chabolas do Caramuxo, no barrio de Navia, en Vigo, e as xestións realizadas ao respecto

[40456](#)**I 11279 (11/POP-001608)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa listaxe de bens inmatriculados pola Igrexa Católica ao abeiro da Lei hipotecaria

[40459](#)**I 11298 (11/POP-001609)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 3 máis**

Sobre as actuacións que vai impulsar o Goberno galego para paralizar todos os proxectos eólicos previstos na comarca de Valdeorras ata dispor dun estudo de impacto e dunha planificación de conxunto

[40463](#)

I 11304 (11/POP-001610)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a asunción polo Goberno galego do compromiso de demandar, desde a súa representación no Consello de Administración da Autoridade Portuaria, un plan estratéxico de impulso e dinamización económica do porto da Coruña

[40469](#)

I 11311 (11/POP-001611)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para afrontar a mortalidade de moluscos, derivada do exceso de auga doce, e a previsible perda de ingresos no sector marisqueiro da ría de Vigo

[40472](#)

I 11318 (11/POP-001612)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego diante da promoción polo Goberno central de macroproxectos eólicos que coliden co Plan eólico galego e co exercicio das competencias de Galicia

[40475](#)

I 11322 (11/POP-001613)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as demandas formuladas polo Goberno galego na negociación das cotas definitivas de pesca para o ano 2021 en augas do Gran Sol

[40479](#)

I 11367 (11/POP-001614)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abelairas Rodríguez, María Isaura e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para negarse a autorizar a ocupación provisional dos espazos dispoñibles no CEIP Ramón y Cajal de Vigo, polo alumnado e persoal da Escola Infantil Municipal Santa Marta

[40482](#)

I 11381 (11/POP-001615)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a previsión polo Goberno galego de presentar recurso diante do Tribunal Supremo en relación coa sentenza da Audiencia Provincial sobre o pazo de Meirás

[40484](#)

I 11387 (11/POP-001617)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma



Sobre a consideración polo Goberno galego de establecer mecanismos para facilitar que os posibles titulares de bens inmatriculados pola Igrexa Católica ao abeiro da reforma da normativa hipotecaria impulsada polo Goberno Aznar poidan reclamar os seus eventuais dereitos [40488](#)

I 11400 (11/POP-001619)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da apertura dun trámite de audiencia cos axentes e organizacións sectoriais e sindicais máis representativas cara a unha modificación do Decreto 104/2012, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia [40490](#)

I 11404 (11/POP-001620)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a actuación polo Goberno da Xunta para impulsar un Proxecto de Recuperación da Memoria Democrática das mulleres galegas, co fin de visibilizalas e recoñecer a represión que sufriron e o papel vertebrador que tiveron na loita pola democracia e a autonomía galega [40493](#)

I 11383 (11/POP-001622)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 6 máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia tras a publicación dun recente informe por parte do Goberno estatal en resposta ás recomendacións do Comité de Ministros do Consello de Europa en relación coa Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias [40495](#)

I 11320 (11/POP-001623)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento destinado pola Consellería do Mar entre os anos 2016 e 2020 aos proxectos financiados nos portos pesqueiros galegos para a modernización das infraestruturas relacionadas coa súa actividade, así como para a subministración de equipamentos e servizos para optimizar a comercialización dos produtos do mar [40498](#)

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

I 11535 (11/PUP-000159)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Suárez Sarmiento, María Elena e 7 máis

Sobre os proxectos que vai acometer o Goberno galego para mellorar o saneamento de Vilagarcía de Arousa e apoiar o Concello no desenvolvemento das súas competencias municipais na materia [40501](#)



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 23 de febreiro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 11392 (11/INT-000658)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a crise económica e social que asola a comarca de Ferrol

- 11407 (11/INT-000660)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación á crise industrial que asola Galicia

- 11440 (11/INT-000662)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre os atrasos no aboamento de subvencións concedidas no marco de programas do Plan de reactivación económica

Admisión a trámite e publicación

- 10854 (11/INT-000631)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa ampliación da rede de centros integrados de formación profesional

- 10883 (11/INT-000632)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa elaboración das listaxes de substitucións no ensino

- 10888 (11/INT-000633)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa poboación do lobo en Galicia



- 10894 (11/INT-000634)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co asesoramento xurídico ás persoas afectadas por ocupacións ilegais de vivendas, por lanzamentos derivados de execucións hipotecarias ou arrendamentos urbanos e por concursos de acredores

- 10911 (11/INT-000635)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 máis

Sobre os problemas de conectividade e a falta de equipos informáticos e de profesorado nos centros educativos para paliar os efectos da covid-19

- 10927 (11/INT-000636)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa defensa dos intereses das persoas consumidoras de produtos bancarios

- 10934 (11/INT-000637)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 6 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co desenvolvemento en Galicia de macroproxectos eólicos

- 10940 (11/INT-000638)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa creación de áreas de reparacións nos estaleiros galegos

- 11031 (11/INT-000640)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto para Galicia dos ecoesquemas previstos na nova Política Agraria Común para o período 2023-2027

- 11049 (11/INT-000641)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coas seccións de crédito das cooperativas

- 11066 (11/INT-000642)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio



Sobre a política do Goberno galego en relación coas persoas que se atopan en situación de soidade non desexada

- 11096 (11/INT-000643)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co uso de textos ideoloxicamente parciais e excluín-tes como material docente

- 11145 (11/INT-000644)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 4 máis

Sobre os parques eólicos no oriente ourensán e no sur de Lugo

- 11178 (11/INT-000645)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa prevención, atención e abordaxe integral da soidade non desexada

- 11185 (11/INT-000646)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa cobertura do servizo de teleasistencia en Galicia

- 11192 (11/INT-000647)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a política do Goberno galego en relación coa captación de fondos europeos no ámbito social

- 11244 (11/INT-000648)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa información requirida polo Consello de Europa respecto da presenza do galego no ensino

- 11263 (11/INT-000649)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coas necesidades educativas do alumnado xordo ou con deficiencias auditivas

- 11278 (11/INT-000650)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación cos bens inmatriculados pola Igrexa Católica



- 11297 (11/INT-000651)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 3 máis
Sobre os parques eólicos na comarca de Valdeorras

- 11300 (11/INT-000652)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co impulso da actividade comercial dos portos

- 11310 (11/INT-000653)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa mortalidade de moluscos nas rías de Galicia e coa perda de ingresos no sector marisqueiro

- 11317 (11/INT-000654)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en materia de parques eólicos

- 11374 (11/INT-000655)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a información, evolución e previsións da débeda de Galicia e da débeda no conxunto do Estado

- 11378 (11/INT-000656)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a situacións dos bens adquiridos de xeito irregular durante o franquismo

- 11403 (11/INT-000659)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre a actuación polo Goberno da Xunta para impulsar un Proxecto de Recuperación da Memoria Democrática das mulleres galegas, co fin de visibilizalas e recoñecer a represión que sufriron e o papel vertebrador que tiveron na loita pola democracia e a autonomía galega

- 11386 (11/INT-000661)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a consideración polo Goberno galego de establecer mecanismos para facilitar que os posibles titulares de bens inmatriculados pola Igrexa Católica ao abeiro da reforma da normativa hipotecaria impulsada polo Goberno Aznar poidan reclamar os seus eventuais dereitos



1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 11396 (11/POP-001618)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a crise económica e social que asola á comarca de Ferrol

- 11409 (11/POP-001621)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a estratexia a curto-medio prazo da Xunta de Galicia para solucionar a crise industrial que vive Galicia

- 11441 (11/POP-001626)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre os retrasos no aboamento de subvencións concedidas no marco de Programas do Plan de reactivación económica

Admisión a trámite e publicación

- 10857 (11/POP-001545)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da paralización do traslado do alumnado e profesorado do IES Lamas de Abade, de Santiago de Compostela, mentres non haxa na súa contorna un centro educativo coa dimensión e medios axeitados onde acollelos

- 10858 (11/POP-001546)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da construción dun novo centro de ensinanza secundaria para solucionar os problemas da comunidade educativa do IES Lamas de Abade, de Santiago de Compostela

- 10859 (11/POP-001547)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación na contorna de Lamas de Abade das infraestruturas necesarias para constituír un verdadeiro campus educativo preuniversitario

- 10864 (11/POP-001548)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis



Sobre o orzamento destinado para o ano 2020 e o número de axudas concedidas ás persoas armadoras de buques pesqueiros conxeladores do censo unificado de palangre de superficie con porto base en Galicia para paliar as dificultades de comercialización ocasionadas como consecuencia da pandemia da covid-19

- 10866 (11/POP-001549)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a posición que vai defender o Goberno galego na negociación das cotas de pesca para as especies como a pescada do norte, o rapante ou o peixe sapo, entre outras

- 10868 (11/POP-001550)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do novo protocolo de pesca entre a Unión Europea e Senegal

- 10872 (11/POP-001552)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as xestións que está a realizar o Goberno galego ante o Goberno central en relación coa actual situación de bloqueo das capturas de marraxo

- 10878 (11/POP-001553)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento destinado a cada unha das liñas de axuda cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca e convocadas na Orde do 18 de decembro de 2020 para a innovación no sector pesqueiro

- 10884 (11/POP-001554)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa situación xerada polo procedemento de elaboración das listaxes de substitucións e a realización dos chamamentos no corpo de mestres para impartir docencia na especialidade de Música

- 10912 (11/POP-001556)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación dos centros de ensino do concello de Vilagarcía de Arousa no referido á falta de recursos humanos, materiais e informáticos, así como aos problemas derivados dos contaxios de covid-19

- 10917 (11/POP-001557)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis



Sobre as medidas que está a impulsar a Xunta de Galicia para fomentar a incorporación das mulleres ás explotacións agrogandeiras

- 10921 (11/POP-001558)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da evolución do IPC e do impacto da covid-19

- 10928 (11/POP-001559)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da evolución que presentan no ano 2020, en relación co ano 2019, as reclamacións por abusos bancarios presentadas no Banco de España

- 10935 (11/POP-001560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 6 máis

Sobre as actuacións que vai impulsar a Xunta de Galicia para evitar que prospere o macroproxecto eólico promovido pola empresa Statkraft en Galicia

- 10941 (11/POP-001561)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para promover a área de reparacións nas instalacións de Navantia na ría de Ferrol

- 10954 (11/POP-001563)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a contribución que supón o contido do *Atlas da frota de baixura do litoral de Galicia 2000-2018*

- 10956 (11/POP-001564)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre os beneficios que vai reportar a posta en marcha da Rede de Observadores do Medio Mariño de Galicia, Redogal

- 10958 (11/POP-001565)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento destinado no ano 2021 ás axudas, aprobadas pola Consellería do Mar, para proxectos de desenvolvemento local participativo dirixidas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca

- 10960 (11/POP-001566)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis



Sobre o orzamento destinado no ano 2021 ás axudas para proxectos de desenvolvemento local participativo dirixidas aos grupos de acción local do sector pesqueiro

- 11032 (11/POP-001567)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a posición que está a defender a Xunta de Galicia ante o Goberno central en relación coa proposta de ecoesquemas elaborada polo Ministerio de Agricultura para o agro galego, no marco da nova Política Agraria Común para o período 2023-2027

- 11037 (11/POP-001568)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a avaliación que fai o Goberno galego do desenvolvemento do Plan de asistencia á sepse de Galicia, posto en marcha no ano 2018

- 11038 (11/POP-001569)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do Programa galego para a optimización da terapia nutricional especializada no paciente crítico (Desnutrición Zero), posto en marcha no ano 2019

- 11039 (11/POP-001570)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre as melloras acadadas polo Sergas nos resultados asistenciais mediante a creación no ano 2015 do Rexistro Galego de Infarto Agudo de Miocardio

- 11040 (11/POP-001571)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia dos resultados do proceso asistencial integrado para a esclerose lateral amiotrófica (ELA), posto en marcha no ano 2018

- 11050 (11/POP-001572)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade de igualar o funcionamento e os requisitos das seccións de crédito das cooperativas cos grandes bancos

- 11057 (11/POP-001574)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 6 máis

Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego da adquisición polo Goberno central dalgún novo compromiso de apoio económico para a celebración do bienio Xacobeo 2021-2022



- 11061 - 11524 (11/POP-001575)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de construír un centro de atención residencial para persoas maiores no concello de Petín e, se é o caso, as actuacións que vai levar a cabo ao respecto

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 11524.

- 11067 (11/POP-001576)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre os pasos dados polo Goberno galego en relación coas persoas que se atopan en situación de soidade non desexada

- 11070 (11/POP-001577)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 12 máis

Sobre o avance que presentan os traballos da primeira fase para a conversión en autovía da vía de altas prestacións Nadela-Sarria, no treito comprendido entre A Pobra de San Xiao e o centro de Sarria

- 11075 (11/POP-001578)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da oferta de formación para o persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais nos seis centros de formación agroforestal da Consellería do Medio Rural

- 11084 (11/POP-001579)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre a situación do proxecto de conexión do porto seco de Monforte coa estrada N-120

- 11090 (11/POP-001580)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para reverter o estado no que se atopa o dique de abrigo do peirao da Mosqueira, no concello de Moaña

- 11097 (11/POP-001581)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posibilidade de usar documentos como o suplemento *La Voz de la Escuela* número 1265, de *La Voz de Galicia*, nas aulas dos centros educativos galegos

- 11099 (11/POP-001582)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 8 máis



Sobre a situación na que se atopa a prestación do servizo de transporte colectivo por estrada no concello de Ames desde a implantación do Plan de transporte público de Galicia o 23 de decembro de 2020

- 11132 (11/POP-001583)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade respecto da adxudicación, no primeiro semestre de 2021, das obras de construción dunha senda peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás, no concello de Moaña

- 11137 (11/POP-001584)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a cobertura da praza de facultativo vacante por xubilación no consultorio médico de Goián, no concello de Tomiño

- 11146 (11/POP-001585)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 4 máis

Sobre as actuacións que vai impulsar o Goberno galego para evitar que prospere o megaproxecto eólico promovido polo Grupo Avintia no oriente ourensán e no sur de Lugo, mediante o subterfuxio da fragmentación

- 11151 (11/POP-001586)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da asunción da titularidade e xestión da escola infantil municipal de Pontearreas

- 10889 (11/POP-001588)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun novo plan de xestión do lobo, así como dun novo censo e mapa da súa presenza en Galicia

- 10898 (11/POP-001555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre o asinamento dun convenio co Consello da Avogacía Galega para o asesoramento e a orientación xurídica ás persoas físicas propietarias ou usufrutuarias dunha vivenda ocupada de xeito ilegal

- 11160 (11/POP-001589)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 4 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego para evitar a deslocalización de postos de traballo de Iberdrola da comarca de Valdeorras para Salamanca



- 11165 (11/POP-001590)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as razóns que xustifican o peche da hospedaría da Casa do Mar da Coruña desde o inicio do confinamento ata a actualidade

- 11171 (11/POP-001591)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da pretensión de Iberdrola de trasladar a Salamanca o seu Centro de Operación de Conca do río Sil, situado no concello da Rúa

- 11179 (11/POP-001592)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a aprobación da Estratexia de prevención, atención e abordaxe integral da soidade non desexada

- 11186 (11/POP-001593)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do actual índice de cobertura do servizo de teleasistencia en Galicia

- 11193 (11/POP-001594)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre os proxectos remitidos pola Xunta de Galicia ao Goberno central para a captación de fondos europeos no ámbito social, ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia

- 11238 (11/POP-001595)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre o balance que fai o Goberno galego do funcionamento da Cidade da Cultura de Galicia

- 11241 (11/POP-001596)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre o estado en que se atopa na actualidade a plataforma informática GaliciaLe

- 11247 (11/POP-001597)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a remisión polo Goberno galego ao Goberno central, para a redacción do informe requirido polo Consello de Europa, dalgunha avaliación propia dos resultados da aplicación en Galicia do Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario



- 11248 (11/POP-001598)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre os avances levados a cabo pola Xunta de Galicia para colaborar na posta en marcha dun centro museístico da feira no concello de Monterroso

- 11251 (11/POP-001599)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego para recortar a cobertura diaria da atención pediátrica no Centro de Saúde de Conxo, en Santiago de Compostela

- 11261 (11/POP-001604)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do cumprimento do Obxectivo transversal 4, Cohesión territorial e fixación da poboación no medio rural, correspondente ao Plan estratéxico de Galicia 2015-2020

- 11267 (11/POP-001605)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre a asunción polo Goberno galego do compromiso de garantir a oferta de modelos educativos bilingües en lingual oral e de signos nos programas de atención temperá ao alumnado xordo

- 11268 (11/POP-001606)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre as medidas implantadas polo Goberno galego para garantir a mellora das condicións de aprendizaxe do alumnado xordo neste ano de pandemia por covid-19

- 11273 (11/POP-001607)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as solucións que vai achegar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ante o inminente desaloxo de 22 persoas do poboado de chabolas do Caramuxo, no barrio de Navia, en Vigo, e as xestións realizadas ao respecto

- 11279 (11/POP-001608)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa listaxe de bens inmatriculados pola Igrexa Católica ao abeiro da Lei hipotecaria

- 11298 (11/POP-001609)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis



Sobre as actuacións que vai impulsar o Goberno galego para paralizar todos os proxectos eólicos previstos na comarca de Valdeorras ata dispor dun estudo de impacto e dunha planificación de conxunto

- 11304 (11/POP-001610)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a asunción polo Goberno galego do compromiso de demandar, desde a súa representación no Consello de Administración da Autoridade Portuaria, un plan estratéxico de impulso e dinamización económica do porto da Coruña

- 11311 (11/POP-001611)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para afrontar a mortalidade de moluscos, derivada do exceso de auga doce, e a previsible perda de ingresos no sector marisqueiro da ría de Vigo

- 11318 (11/POP-001612)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego diante da promoción polo Goberno central de macroproxectos eólicos que coliden co Plan eólico galego e co exercicio das competencias de Galicia

- 11322 (11/POP-001613)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as demandas formuladas polo Goberno galego na negociación das cotas definitivas de pesca para o ano 2021 en augas do Gran Sol

- 11367 (11/POP-001614)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abelairas Rodríguez, María Isaura e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para negarse a autorizar a ocupación provisional dos espazos dispoñibles no CEIP Ramón y Cajal de Vigo, polo alumnado e persoal da Escola Infantil Municipal Santa Marta

- 11381 (11/POP-001615)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a previsión polo Goberno galego de presentar recurso diante do Tribunal Supremo en relación coa sentenza da Audiencia Provincial sobre o pazo de Meirás

- 11387 (11/POP-001617)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a consideración polo Goberno galego de establecer mecanismos para facilitar que os posibles titulares de bens inmatriculados pola Igrexa Católica ao abeiro da reforma da normativa hipotecaria impulsada polo Goberno Aznar poidan reclamar os seus eventuais dereitos



- 11400 (11/POP-001619)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da apertura dun trámite de audiencia cos axentes e organizacións sectoriais e sindicais máis representativas cara a unha modificación do Decreto 104/2012, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia

- 11404 (11/POP-001620)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a actuación polo Goberno da Xunta para impulsar un Proxecto de Recuperación da Memoria Democrática das mulleres galegas, co fin de visibilizalas e recoñecer a represión que sufriron e o papel vertebrador que tiveron na loita pola democracia e a autonomía galega

- 11383 (11/POP-001622)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 6 máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia tras a publicación dun recente informe por parte do Goberno estatal en resposta ás recomendacións do Comité de Ministros do Consello de Europa en relación coa Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias

- 11320 (11/POP-001623)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento destinado pola Consellería do Mar entre os anos 2016 e 2020 aos proxectos financiados nos portos pesqueiros galegos para a modernización das infraestruturas relacionadas coa súa actividade, así como para a subministración de equipamentos e servizos para optimizar a comercialización dos produtos do mar

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 11535 (11/PUP-000159)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Suárez Sarmiento, María Elena e 7 máis

Sobre os proxectos que vai acometer o Goberno galego para mellorar o saneamento de Vilagarcía de Arousa e apoiar o Concello no desenvolvemento das súas competencias municipais na materia

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á crise económica e social que asola á comarca de Ferrol.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén determinada polo remate do período de consultas do ERE de Siemens-Gamesa sen alternativas para manter o emprego, así como polas declaracións da directora de Navantia anunciando que non se vai construír o comprometido en Navantia Ría de Ferrol e que constatan as peores previsións para o futuro da comarca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación actual da ría de Ferrol é de colapso absoluto, con unha produción de escasamente un 10% da que existía hai tan só dez anos, e expulsando do sector pouco a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pouco mais ininterrompidamente, ás persoas que até o de agora viñan traballando e vivindo del.

Mais todas as iniciativas e acordos parlamentarios instando á Xunta de Galiza a tomar a iniciativa para a súa rexeneración son desatendidas ou contestadas con boas palabras e ratificándose na estratexia de parcheo que nos colocou na actual situación.

O anunciado peche da central térmica das Pontes despois de esgotar os recursos mineiros da localidade e de transformar radicalmente o territorio supón un repto económico e social de enormes dimensións para a comarca de Ferrol.

Neste sentido, preocupa que o único plan coñecido até o de agora para salvar a crise que este peche vai provocar, sexa o que Endesa ven de facer público, condicionado á obtención de fondos europeos así como á instalación de parques eólicos.

A situación de Siemens Gamesa, no momento de presentación de esta iniciativa, tampouco pode ser peor, xa que o período de negociacións consúmese sen alternativas ao peche.

En canto á situación de Navantia Ría de Ferrol, auténtico motor económico da comarca, é tamén desesperada. Máis de 2000 postos de traballo desaparecidos nos últimos meses, mentres a dirección de Navantia anuncia a renuncia á construción do dique cuberto para novas construcións, ou traballa na modificación dos termos da alianza coa empresa privada Windar para abandonar ao seu favor a actividade eólica mariña.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten pensado a Xunta de Galiza chamar ao goberno de España a participar nunha mesa onde acordar actuacións para solucionar os graves problemas da comarca de Ferrol?

. Por que a Xunta de Galiza á vista dos graves problemas de produción marisqueira na ría de Ferrol non estuda mudar políticas e actuacións, e reincide naquelas que nos teñen conducido á actual situación?

. Por que a única actuación prevista pola Xunta de Galiza para a localidade das Pontes nos seus orzamentos é constitución de 1 oficina?

. Por que a Xunta de Galiza renuncia a elaborar un marco normativo para instalación de parques eólicos que garanta a instalación da cadea industrial e de valor no noso país?

. Por que a Xunta de Galiza non fai efectivo o acordo parlamentar para solicitar a entrada no Consello de administración de Navantia, e por que desbota participar economicamente na modernización de infraestruturas do estaleiro?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos
Daniel Castro García
Ramón Fernández Alfonzo
Alexandra Fernández Gómez
María González Albert
M^a Carme González Iglesias
Rosana Pérez Fernández
Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 18/02/2021 16:32:23

Xosé Luis Rivas Cruz na data 18/02/2021 16:32:35

Mercedes Queixas Zas na data 18/02/2021 16:32:41

Rosana Pérez Fernández na data 18/02/2021 16:32:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/02/2021 16:32:55

Daniel Pérez López na data 18/02/2021 16:33:02

Iria Carreira Pazos na data 18/02/2021 16:33:10

Olalla Rodil Fernández na data 18/02/2021 16:33:18

Daniel Castro García na data 18/02/2021 16:33:26

María del Carmen Aira Díaz na data 18/02/2021 16:33:32

Noa Presas Bergantiños na data 18/02/2021 16:33:39

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/02/2021 16:33:49

María González Albert na data 18/02/2021 16:33:56

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 16:34:12

María Montserrat Prado Cores na data 18/02/2021 16:34:19

Alexandra Fernández Gómez na data 18/02/2021 16:34:25

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/02/2021 16:34:31

María do Carme González Iglesias na data 18/02/2021 16:34:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 18/02/2021 16:34:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, relativa á crise industrial que asola Galiza

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola preocupación social xerada diante da situación xerada polo remate do ERE de SIEMENS-GAMESA sen alternativas para manter o emprego, o anuncio de que non se vai construír o dique en NAVANTIA, a solicitude de liquidación de PILI CARRERA, as crises de XEAL, ALUIBERICA, ALCOA, BARRERAS, etc.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos económicos de Galiza en canto PIB, PIB *per cápita*, e poboación activa, amosan unhas tendencias preocupantes xa con anterioridade ao inicio da pandemia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten especial relevancia o devalo industrial, tamén anterior e independente dos efectos da pandemia, que durante o pasado ano 2020 e principios deste 2021 suma unha serie de novas crises en sectores e empresas estratéxicas, como ENDESA As Pontes, NATURGY Sabón, NAVANTIA Ferrol, ALCOA San Cibrao, SIEMENS GAMESA As Somozas, GALICIA TEXTIL Neda, PILI CARRERA Vigo, BARRERAS Vigo, XEAL Cee, ALUIBERICA A Coruña...

Sectores, como indicamos, estratéxicos, de gran tradición e importante implantación no noso país: enerxético, naval, téxtil, e siderúrxico.

Estas crises poden verse agravadas polos efectos da pandemia na mobilidade, no comercio, e no consumo en xeral polos efectos da falta de confianza na situación económica. O que nos vai afastar aínda máis dos obxectivos da Comisión europea en canto á promoción dunha economía industrializada e con alto compoñente tecnolóxico.

Salienta negativamente, para acadar os obxectivos mencionados, e escaso esforzo da Xunta de Galiza en canto a I+D+i, que con un 0,94% do PIB está moi lonxe da media do Estado Español (1,24%) ou da Unión Europea (2,12%).

De igual xeito que a falta de iniciativa da Xunta de Galiza, absolutamente ao servizo das estratexias electorais do Partido Popular, está a ser o común denominador de todas estas crises, nas que chama a atención que o goberno galego careza de propostas e compromisos orzamentarios que poidan en algunha medida axudar a reverter as problemáticas xerais ou particulares que vimos de expoñer.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a estratexia a curto-medio prazo da Xunta de Galiza para solucionar esta grave crise industrial que vive Galiza?

Que partidas orzamentarias ten reservadas a Xunta de Galiza para actuar en cada unha destas crises en particular?

Por que a Xunta de Galiza reivindica a participación da SEPI en algunha de estas empresas mais non contempla a posible participación directa dos seus propios organismos?

Por que rexeita participar dunha solución conxunta para Barreras cando ten grandes cantidades de diñeiro a perder en préstamos fallidos?

Que actuacións desenvolve a Xunta de Galiza para promover a colaboración entre estaleiros?

Que plans ou actuación prevé a Xunta de Galiza para axudar ao sector téxtil?

Considera a Xunta de Galiza que a instalación de oficinas nas localidades de As Pontes e Sabón vai ser unha medida suficiente para paliar os efectos dos peches das térmicas?

Por que os convenios de transición xusta nas localidades galegas afectadas son os máis retrasados de todo o estado? Por que a Xunta de Galiza non adopta unha actitude máis reivindicativa e proactiva e este respecto?

Por que non existe unha mesa para a industrialización de Galiza?

Como prevé a Xunta de Galiza que a capacidade de evacuación de enerxía condicione o desenvolvemento das enerxías renovábeis na Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 18/02/2021 17:23:53

Olalla Rodil Fernández na data 18/02/2021 17:24:07

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/02/2021 17:24:17

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/02/2021 17:24:26

Paulo Ríos Santomé na data 18/02/2021 17:24:33

María do Carme González Iglesias na data 18/02/2021 17:24:40

Alexandra Fernández Gómez na data 18/02/2021 17:24:46

María Montserrat Prado Cores na data 18/02/2021 17:24:53

María González Albert na data 18/02/2021 17:25:00

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 17:25:10

Noa Presas Bergantiños na data 18/02/2021 17:25:21

María del Carmen Aira Díaz na data 18/02/2021 17:25:34

Daniel Castro García na data 18/02/2021 17:25:43

Iria Carreira Pazos na data 18/02/2021 17:26:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 18/02/2021 17:26:22

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/02/2021 17:26:31

Rosana Pérez Fernández na data 18/02/2021 17:26:41

Mercedes Queixas Zas na data 18/02/2021 17:26:50

Xosé Luis Rivas Cruz na data 18/02/2021 17:27:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa aos retrasos no aboamento de subvencións concedidas no marco de Programas do Plan de reactivación económica.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione diante da falta de liquidez de autónomos, pemes e microempresas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia está a afectar dunha maneira dramática á maior parte dos sectores económicos da nosa sociedade, especialmente a pemes, microempresas e autónomos, que segundo a súa actividade, vense na obriga de adaptar os seus negocios ou establecementos á nova situación para poder seguir traballando





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nese sentido, a Xunta de Galiza articulou diferentes liñas de apoio, e entre elas, a destinada a proxectos de dixitalización.

A Resolución de 15 de xuño de 2020 (DOG n.º 119 de 18 xuño 2020), aproba as bases reguladoras das axudas a proxectos de dixitalización para facer fronte á situación provocada pola COVID-19 (programa Cheques Dixitalización COVID19), dirixidas a dar apoio financeiro a pemes para eses proxectos a través do IGAPE, subvencionando ata o 80% do gasto efectuado.

Nesas mesmas bases, en canto ás condicións de aboamento, establécese que sexa aboará anticipadamente o 50% do importe da axuda, unha vez concedida esta; e nas bases fálase de “flexibilidade” e da “excepcionalidade”. Entendemos que todo isto ten o seu motivo e xustificación na necesidade de que esas axudas cheguen o máis rápido posible aos seus potenciais destinatarios, que por outra parte, no mes de xuño xa sufrían dunha falta de liquidez abafante.

Pero na práctica atopámonos con que son moitos os solicitantes desta axudas que viron como, despois de adiantar o custe do proxecto, e atoparse nunha situación dramática pola falta de liquidez, teñen que esperar ata tres meses ou máis para que dende o IGAPE resolvan a concesión da axuda. Cando nas propias bases se explícita que o prazo máximo para resolver e notificar esa resolución será de 30 días hábiles dende a data da presentación.

E en moitos casos, independentemente do momento no que se houberan presentado as solicitudes, o abono anticipado do 50% do importe da axuda (que debía ser aboado coa resolución favorable), non se produciu ata finais do mes de decembro.

E incluso temos coñecemento de casos nos que, séndolle notificada a concesión da axuda en novembro, sen mediar despois ningún outro requirimento por parte do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

IGAPE, a día de hoxe non se procedeu a aboar anticipadamente nin sequera o 50% do importe da axuda. Ou que noutros casos, dous meses despois da fin do prazo de xustificación (15 de decembro), aínda se solicitou polo IGAPE documentación adicional.

E aínda nestas datas, rematando o mes de febreiro, o IGAPE non procedeu a aboar o 50% restante do importe das axudas con resolución favorábel presentadas dende xullo a decembro de 2020.

Circunstancias todas estas que retrasan en exceso, e de forma aparentemente inxustificada, o percibo das axudas por parte dos destinatarios, que xa adiantaron fai meses os gastos dos proxectos acometidos e susceptíbeis de subvención. O cal nestes momentos reviste unha especial gravidade, dado que un dos maiores problemas que teñen as pemes, microemepresas e autónomos do noso país é, precisamente, a falta de liquidez.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

. Considera o Goberno galego que as axudas articuladas no marco dos Programas do plan de reactivación están chegando aos seus destinatarios coa axilidade que deben e nos prazos establecidos nas súas bases?

. Considera o Goberno galego que as axudas concedidas a proxectos de dixitalización para facer fronte á situación provocada pola COVID-19 (programa Cheques Dixitalización COVID19), dirixidas a dar apoio financeiro a través do IGAPE a pemes, micropemes e autónomos asimilados, están chegando aos seus destinatarios coa axilidade que deben e nos prazos establecidos nas súas bases?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que valoración lle merecen ao Goberno galego os retrasos cos que o IGAPE tramita os expedientes de solicitudes de axudas a proxectos de dixitalización para facer fronte á situación provocada pola COVID-19 (programa Cheques Dixitalización COVID19)?

. Que valoración lle merece ao Goberno galego o retraso que se está a producir no abono das solicitudes aprobadas (e xustificadas) de axudas a proxectos de dixitalización para facer fronte á situación provocada pola COVID-19 (programa Cheques Dixitalización COVID19)?

. Que medidas vai adoptar o Goberno galego para que os solicitantes destas axudas concedidas e xustificadas se aboen á maior brevidade?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 19/02/2021 11:04:28

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/02/2021 11:04:38

Mercedes Queixas Zas na data 19/02/2021 11:04:46

Rosana Pérez Fernández na data 19/02/2021 11:04:54

Ramón Fernández Alfonso na data 19/02/2021 11:05:01

Daniel Pérez López na data 19/02/2021 11:05:10

Iria Carreira Pazos na data 19/02/2021 11:05:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 19/02/2021 11:05:27

Daniel Castro García na data 19/02/2021 11:05:35

María del Carmen Aira Díaz na data 19/02/2021 11:05:43

Noa Presas Bergantiños na data 19/02/2021 11:05:51

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/02/2021 11:05:59

María González Albert na data 19/02/2021 11:06:06

Xosé Luis Bará Torres na data 19/02/2021 11:06:14

María Montserrat Prado Cores na data 19/02/2021 11:06:22

Alexandra Fernández Gómez na data 19/02/2021 11:06:30

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/02/2021 11:06:51

María do Carme González Iglesias na data 19/02/2021 11:06:58

Paulo Ríos Santomé na data 19/02/2021 11:07:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Iria Carreira Pazos e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación da comunidade educativa do IES Lamas de Abade de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa do IES Lamas de Abade 1 está a ser un dos primeiros centros en sufrir as consecuencias dos ataques ao ensino público que o Partido Popular está a levar adiante baixo o subterfuxio da ampliación da rede de Centros Integrados de Formación Profesional.

Hai xa varias semanas que este Parlamento aprobou (cos únicos votos do Partido Popular) a proposición non de lei tramitada con carácter urxente polo grupo que sostén o goberno para ampliar a rede de centros integrados de Formación Profesional. Foi nese debate onde o BNG sinalou que o modelo de CIFP imposto en Galiza estaba a ocasionar importantes problemas a profesorado e alumnado e que sen estar en contra da ampliación da Formación Profesional en Galiza non podía apoiar unha iniciativa na que baixo o subterfuxio da ampliación da FP se desmantelasen IES.

Pouco tempo foi necesario para demostrar que as denuncias que o BNG fixera na comisión 4 do Parlamento se convertesen nunha realidade. Unha realidade que está a sufrir en todas as súas dimensións a comunidade educativa do IES Lamas de Abade 1.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E por iso que a propia comunidade deste instituto elaborou un comunicado no que denuncian esta situación e que queremos reproducir de xeito literal nesta iniciativa.

O comunicado establece os seguintes puntos:

1º Consideramos que a proposta de fortalecer a oferta, medios e dotacións do ensino público, para que a Formación Profesional sexa unha verdadeira plataforma para acceder ao mercado laboral da nosa mocidade ven a responder a unha demanda social e económica.

Para que se poida desenvolver unha oferta formativa de calidade é necesario contar con espazos e profesionais, e iso non se fai dun día para outro, necesítase de planificación e vontade para acadar o éxito.

Sen embargo dende a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, enténdese esta “modernización da FP” como unha ocasión máis para desmontar o ensino público, concretamente de secundaria, e volve a ser outra agresión aos servizos da poboación do rural.

2. Non parece axeitado suprimir un centro de ensino secundario, na zona da cidade con maior crecemento poboacional nos últimos anos, e onde se incrementará de forma significativa o número de veciños e de nenos en idade escolar nos próximos anos.

3. A proposta da Consellería pasa por trasladar (incluso para o próximo curso), ao alumnado (e ao profesorado) que neste momento cursan os seus estudos da ESO e Bacharelato en Lamas, para o IES de SAR. Un centro de formación urbano, pegado a nova estación intermodal da cidade, con carencias de espazo, e con dificultades de tráfico e acceso, e onde se pretende masificar ao alumnado, eliminando espazos de uso común e dotacións complementarias do centro (aulas de desdobre, laboratorios, etc,).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Dende a ANPA do IES de Lamas, trasladouse aos responsables políticos a pertinencia de avaliar os problemas actuais e futuros que esta decisión provocará, que entre outros son:

a) Eliminación dun centro educativo para o ensino secundario. Non se fan centros de ensino público de secundaria dende fai décadas, mentres medran outras ofertas como a concertada.

b) Saturación de espazos no IES de SAR, xa non só no escenario COVID (onde será imposible acomodar aos rapaces). A proposta é ir a aulas ao máximo de ratio permitida, é dicir, 30 alumnos por aula. Isto implica unha perda de calidade educativa.

c) Imposibilidade de que unha parte significativa do alumnado poida acceder camiñando a un centro próximo ao seu fogar, ou empregando o transporte público.

d) Incapacidade actual e a para os próximos cursos de contar con prazas suficientes de ESO e Bacharelato na zona para os rapaces que viven nas áreas de afectación do IES de Lamas e do CEIP de Lamas, para que poidan estudar en condicións; sendo a solución desprazarse a outros centros educativos mais lonxe das súas casas (centros saturados de alumnado, sen espazos e con imposibilidade de ampliación), ou incluso a centros de ensino concertados.

Todos os motivos expostos pola comunidade educativa do IES Lamas de Abade entendemos que merecen unha solución e unha resposta por parte da Consellaría de Educación. Esta resposta debe realizarse no marco dunha modificación do Mapa escolar, xa que hai tempo que non se avalía e porque calquera mudanza incide no resto dos centros do Concello.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Vai o goberno galego proceder á reforma urxente do Mapa escolar co obxectivo de construír novos centros educativos de secundaria para solucionar os problemas da comunidade educativa, como sucede no caso do IES Lamas de Abade?

. Vai a Xunta de Galiza paralizar o traslado do alumnado e profesorado mentres non se teña un centro educativo da dimensión necesaria , e cos medios propios do século XXI na contorna onde acoller aos actuais e futuros alumnos da ESO e Bacharelato do IES Lamas de Abade?

. Vai a Xunta de Galiza dotar das infraestruturas necesarias a contorna de Lamas de Abade, para constituír un verdadeiro campus educativo preuniversitario, onde convivan e se aproveitan de forma óptima as instalacións, e espazos entre a comunidade educativa (instalacións deportivas, de lecer, espazos de aprendizaxe ao aire libre, etc..)?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Iria Carreira Pazos

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 12/02/2021 13:05:47

Iria Carreira Pazos na data 12/02/2021 13:05:50

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/02/2021 13:06:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación coas listas de substitución de ensino.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 30 de xuño, a consellaría de educación publicaba **RESOLUCIÓN** do 30 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en determinadas especialidades do corpo de mestres/as (597).

Nesta resolución, que pretendía cubrir a previsíbeis necesidades para o curso 20-21 neste corpo, establecíase que “para aquelas persoas interesadas que presenten a súa solicitude accedendo directamente á SEDE Electrónica da Xunta de Galicia, deberán empregar o modelo de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (PR004A), prégase indiquen no asunto a seguinte lenda “Inscripción listas...”.

Continuando co procedemento administrativo correspondente a Consellaría de Educación publicou con data do 2 de febreiro de 2020 a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de mestres, especialidade de Música.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No propio texto desta relación provisional establecíase que “O prazo de reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional é de cinco (5) días hábiles e comeza mañá, mércores día 03 de febreiro e remata o martes día 09 de febreiro de 2021. As reclamacións deberán formularse por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e dirixirse á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de acordo co establecido na base terceira da Resolución do 02 de febreiro de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se aproba e se ordena a publicación da relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de mestres, especialidade de Música (597035).

Mais incomprensiblemente, a Consellaría de Educación comezou a realizar chamamentos sen ter publicada a resolución definitiva; o que provocou que moito profesorado que previsiblemente tería que ser chamado a substituír de se atender as súas reclamacións ao baremos provisional non fosen chamados, co prexuízo que isto implica tanto a efectos económicos como de consolidación de posto na listaxe.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Vai a Xunta de Galiza resolver a situación creada e establecer mecanismos compensatorios tanto a efectos económicos como de consolidación de posto do profesorado prexudicado por esta situación?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 12/02/2021 13:29:30

Daniel Castro García na data 12/02/2021 13:29:33

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/02/2021 13:29:46



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta, Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, na que participan as comunidades autónomas e o Ministerio para a Transición Ecolóxica, acordou incluír ao lobo no Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial o que supón homoxeneizar o status de protección da especie a nivel nacional e que deixe de ser considerada especie cinxética en todo o territorio nacional.

Esta decisión suscitou polémica, pola falla de acordo das comunidades autónomas e a posición contraria dos territorios onde se atopa o 95 % da poboación de lobos. En Galicia anualmente morren unhas decenas de lobos, principalmente por actividades relacionadas co furtivismo ou cos accidentes de tráfico, algunhas fontes chegan a estimar ata 200 mortes por estas causas. En cambio, nos derradeiros 14 anos cazáronse en Galicia oficialmente 17 lobos, e nos derradeiros 7 anos non se cazou ningún exemplar. O derradeiro lobo capturado nunha batida oficial foi no ano 2013, segundo datos da propia Administración. Desde entón leváronse a cabo varias actuacións, con resultado nulo. No ano 2019 só en Lugo rexistráronse catro batidas para capturar cánidos, das cinco que se aprobaron en toda Galicia.

En Galicia, o lobo forma parte do noso patrimonio natural e cultural, polo que debe ser conservado, e ben xestionada a súa presenza, co fin de acadar unha cohabitación entre este e o gando das nosas explotacións que son os principais afectados polos seus ataques, mediante control, medidas de protección do gando, compensacións e axudas polas perdas producidas polos ataques, xa que non podemos esquecer que a gandería é un dos sectores socioeconómicos estratéxicos do noso país.

O Plan de Xestión do Lobo en Galicia, foi aprobado no ano 2008, e debe adaptarse aos tempos actuais e aos avances técnicos existentes. Tamén debe levarse a cabo un novo mapa da presenza do lobo en Galicia e compre polo tanto a elaboración dun novo plan se asente en principios de conservación, prevención e compensación.



Ademais este novo documento ten que ser froito dun consenso coas asociacións en defensa do lobo, representantes do sector gandeiro e do sector veterinario, para conseguir que o noso patrimonio natural non estea rifado cos intereses socioeconómicos dos nosos veciños e veciñas.

Os danos que produce o lobo nas explotacións gandeiras son cuantiosos e as cantidades orzamentadas polo Goberno galego para prevención e indemnización dos danos son residuais en relación ao custe, por outra banda estas axudas non teñen continuidade e se viron reducidas na convocatoria deste ano con respecto ao ano pasado, por outro lado as contías non se actualizan e non cobren os danos xerados.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que debера de propoñerse a inclusión dentro da PAC, do mesmo xeito que se axuda a explotacións en zonas de montaña, axudas a explotacións en zonas de risco por presenza de depredadores como o lobo.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai a Xunta de Galicia, a elaborar un novo Plan de Xestión do Lobo e un novo censo e mapa da presenza deste en Galicia?
2. Que medidas ten previsto levar a cabo a Xunta de Galicia ante o acordo Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade do pasado 4 de febreiro?
3. Vai a Xunta de Galicia a adoptar novas medidas de prevención cara os ataques do lobo?
4. Vai a Xunta de Galicia a aumentar o orzamento dedicado á prevención e compensación dos ataques do lobo e actualizar as táboas polos danos?
5. Ten previsto pedir a introdución de axudas na PAC ás explotacións en risco de ataques por depredadores?

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Martín Seco García na data 12/02/2021 12:31:58

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/02/2021 12:32:07

Paloma Castro Rey na data 12/02/2021 12:32:17

Pablo Arangüena Fernández na data 12/02/2021 12:32:25

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/02/2021 12:32:34

Patricia Otero Rodríguez na data 12/02/2021 12:32:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os datos e razóns que xustifican a celebración dun convenio para o asesoramento á propiedade de vivendas obxecto de intromisión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de decembro de 2020 o Instituto Galego de Vivenda e Solo asinou co Consello da Avogacía Galega un convenio a fin de que polos colexios da avogacía de Galiza se prestase servizo de asesoramento ás persoas físicas que sufriran a ocupación ilegal dunha vivenda da que sexan propietarias ou usufrutuarias.

En cumprimento do convenio subscrito o CAG comprometéase á elaboración dunha guía informativa sobre os trámites administrativos e xudiciais sobre os dereitos e obrigas das persoas propietarias ou usufrutuarias de vivendas ocupadas ilegalmente. Así mesmo, pactábase a prestación de asistencia xurídica telefónica ou por correo electrónico para as persoas propietarias de vivendas obxecto de intrusión ilegal, consonte ao establecido na guía elaborada.

Resulta sorprendente que o único convenio de asesoramento xurídico asinado pola Xunta de Galiza no ano 2020 o fose para a orientación nunha materia con moi





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

escasa incidencia no territorio en Galiza, e no que, en boa parte do contido do convenio, xa existen recursos públicos para a defensa e protección dos intereses das persoas privadas.

En sentido inverso vemos como a evolución dos concursos de acreedoras, tanto de persoas naturais como xurídicas, medrando nun 30% no 2019 a respecto de 2016, sen que dende o goberno galego se adoptase medida de orientación para as persoas atinxidas. Non existindo neste caso unha alternativa pública no que se asesorar.

Do mesmo xeito o número de lanzamentos derivados de execucións hipotecarias e de arrendamentos urbanos excederon dos 2.000, sen que polo goberno de a Xunta de Galiza se púxese a dispor das afectadas nun instrumento de orientación ou asesoramento xurídico, como existía no ano 2016 ou 2017.

E por iso que se formula a seguinte interpelación:

-Cal é o número de allanamentos de vivenda habitual ou de segunda vivenda ocorridos nos anos 2019 e 2020?

-Considera o Goberno galego que a actuación do Ministerio Fiscal en Galiza ou das forzas e corpos de seguridade non están a cumprir acaidamente as súas funcións na recuperación posesoria de vivendas e de defensa dos dereitos das persoas físicas?

-Entende o Goberno galego que o convenio asinado contempla o asesoramento sobre inmobles que non teñan as condicións para a súa habitabilidade?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-A xuízo do Goberno galego o número de lanzamentos ou de concursos de acreedoras non xustifica a sinatura dun convenio co Consello da Avogacía Galega para a orientación ou asesoramento das persoas atinxidas?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/02/2021 13:47:50

Alexandra Fernández Gómez na data 12/02/2021 13:47:53

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/02/2021 13:48:03

Iria Carreira Pazos na data 12/02/2021 13:48:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Montserrat Prado Cores, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación epidemiolóxica nos centros educativos de Vilagarcía de Arousa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación epidemiolóxica nos centros educativos do concello de Vilagarcía de Arousa, non fai máis que corroborar a falta de medios e de adopción de medidas preventivas neste contexto. Son moitos os centros que contan con alumnado e profesorado contaxiado e que, do mesmo xeito, se atopan con barreiras para o desenvolvemento do proceso educativo. Os protocolos e medidas que a Consellaría trasladou aos centros resultan unha vez máis, papel mollado, xa que como ben sendo de costume, non veñen acompañadas de investimento en recursos humanos e materias. Aulas espello, docencia telemática...medidas todas elas inviables cos recursos que teñen os centros ao seu dispor.

Ante esta situación, atopámonos con problemas de conectividade nos centros, falta de equipos informáticos, profesorado triplicando esforzos e traballando dende os seus equipos persoais e coa súa conexión privada para poder dar resposta ás esixencias da Consellaría e por outra banda, para facilitar na medida das posibilidades, que o alumnado poida seguir o seu proceso educativo. Estamos a falar de que en centros de ensino secundario, non se poden conectar a unha videoconferencia máis de 2





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alumnos/as á vez, ou de que un aula de bacharelato non pode seguir unha actividade virtual.

Ademais destas problemáticas, no IES Miguel Ángel González Estévez de Carril, engádese o problema do horario. Este centro ten xornada de mañá e tamén conta coa tarde do martes no horario lectivo. Tendo en conta que alumnado do concello de Catoira asiste a este centro por ser o máis próximo con bacharelato, atópase na tesitura de que os martes queda fóra do recinto sen ter onde xantar nin onde resgardarse, posto que no contexto actual a hostalería está pechada e do mesmo xeito non poden permanecer no centro. Tras varias solicitudes de cambio de horario, para suprimir esa tarde e que o alumnado poida volver ás súas casas sen ter que quedarse a comer, a resposta da consellaría é , outra vez, que a dirección do centro busque a solución coa empresa de transporte. A día de hoxe os rapaces e rapazas de Catoira seguen a xantar na rúa posto que a empresa non acepta a petición do centro e a Consellaría , fai o propio, deixar andar.

Se todo isto, xa supón un problema fundamental no ensino, existe outro aínda máis grave e importante, os contaxios descontrolados no CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro de Carril. Esta mesma semana, Sanidade recoñecía a transmisión de coronavirus no colexio. Mentres as familias e o profesorado levan semanas demandando medidas de control do virus como a desinfección ou o peche do centro, o Conselleiro de Educación limitábase a pedirllas que confiaran no criterio clínico.

Aulas de 1º de primaria nas que houbo que esperar a que foran varios nenos e nenas os que deran positivo para pechalas. Falamos, por exemplo, dunha soa aula con 8 nenas/os contaxiados, maila profesora. Nenas e nenos confinados nas súas casas dende hai 20 días sen facerlles aínda a PCR, familias enteiras contaxiadas, varias aulas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pechadas...E ante esta situación a única solución é “confiar no criterio clínico”, cando as nais e pais levan vendo como se manipulan os datos dende o inicio desta situación.

As familias merecen que se lles responda aos escritos presentados e non simplemente a través da prensa cando non lle queda máis remedio.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Vai a Xunta de Galiza solucionar os problemas de conectividade nos centros e a falta de equipos informáticos e de profesorado para paliar os efectos da Covid- 19?

. Vai o Goberno Galego atender ás demandas da comunidade educativa e habilitar as solucións para o alumnado afectado polos problemas de horario, transporte e falta de espazos nos que resgardarse poida desenvolver a súa actividade académica?

. Vai a Xunta de Galiza establecer os mecanismos de desinfección e mesmo peche do centro se fose necesario para conter o contaxio descontrolado do Covid-19 CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro de Carril?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Montserrat Prado Cores

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/02/2021 15:57:19

María Montserrat Prado Cores na data 12/02/2021 15:57:22

Daniel Castro García na data 12/02/2021 15:57:31

Mercedes Queixas Zas na data 12/02/2021 15:57:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as reclamacións feitas ás entidades bancarias no Banco de España.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 12 de febreiro de 2021 o Banco de España facía pública unha nota informativa pola cal daba publicidade aos datos referidos ás reclamacións recibidas ao seu abeiro. Cómpre recordar que no caso das reclamacións ás entidades bancarias a clientela debe en primeiro lugar reclamar de forma directa a través dos departamentos correspondentes das propias entidades.

Segundo a información facilitada, o Banco de España recibiu un total de 21.337 reclamacións no ano 2020. Esta cifra constitúe un 45,8% máis do que o ano anterior. Aínda que estes datos do Portal do Cliente Bancario son provisionais constatan que malia ser 2020 o ano da pandemia, a clientela dos bancos non estivo exenta de desacordos coas entidades.

Segundo esta información provisional, a meirande parte do aumento ten que ver con reclamacións referentes a tarxetas e tamén á xestión de contas e depósitos. Atribúen o aumento das reclamacións de tarxetas ao aumento do comercio electrónico durante a pandemia e o aumento das reclamacións referentes a contas. Aínda así, o groso das reclamacións continúa relacionado con asuntos referentes a préstamos hipotecarios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sínálase tamén como arredor dun 70% das reclamacións son resolvidas a favor da clientela.

Aínda sendo estes datos provisionais, e á espera da publicación da Memoria de Reclamacións 2020, a Xunta de Galiza, ao abeiro das súas competencias en materia de consumo, debe facer seguimento desta situación e comparar estes datos coa súa propia experiencia. Así mesmo, tendo en conta o aumento dos abusos ao abeiro da pandemia da covid-19, que mesmo teñen sido atendidos por parte da CNMC a través dun buzón específico de consultas ademais de a través das reclamacións de usuarias e usuarios, a administración galega debe aumentar as súas medidas e actuacións na defensa das e dos consumidores.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- . Que valoración fai a Xunta de Galiza da evolución das reclamacións presentadas ao Banco de España respecto de abusos bancarios?
- . Que valoración fai en correlación aos datos que ten a propia Xunta de Galiza a través do Instituto Galego do Consumo e da Competencia?
- . Considera a Xunta de Galiza que durante a pandemia as entidades bancarias aumentaron os seus abusos?
- . Considera o Goberno galego que debe impulsar programas específicos de educación financeira e prevención dos calotes a través de internet, e independentes dos que divulgan as propias entidades?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cales considera a Xunta de Galiza que son a causa deste empeoramento dos servizos?

. Que actuacións vai impulsar para defender os intereses das e dos consumidores galegos fronte aos novos abusos bancarios?

. Valora crear algunha oficina de asesoramento específico?

. Vai desenvolver algún estudo específico no ámbito da competencia?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 15/02/2021 10:31:01

Ramón Fernández Alfonso na data 15/02/2021 10:31:06





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2021 10:31:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, María González Albert, Iago Tabarés Pérez Piñeiro, Luis Bará Torres, Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os macroproxectos eólicos proxectados para Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza asiste nestes momentos a un boom eólico desenvolvido sen unha adecuada planificación e vixilancia pública, baixo unha arquitectura legal obsoleta e sen garantías para a participación social e a salvagarda do patrimonio natural. Isto acontece cun evidente abandono de funcións por parte da Xunta de Galiza, que nega un debate arredor de cal debe ser o novo modelo enerxético galego para a descarbonización ao tempo que impulsa mudanzas lexislativas para reducir garantías á sociedade e aos concellos galegos e abrir a porta a grandes multinacionais sen retorno socioeconómico e sen unha mínima protección dos valores naturais.

Neste contexto, despois dunha década de parálise, asistimos a unha expansión sen precedentes. Desde a entrada de Núñez Feijoo no ano 2009 ata o ano 2018 non se instalaran en Galiza nin 300MW. No 2019, nun só ano, puxéronse en marcha 19 parques e 400MW instalados máis, un número maior aos instalados na década anterior. Este desenvolvemento, que podería parecer positivo, estase a dar de forma abrupta, sen planificación e sen consenso coa sociedade dos lugares afectados, e en moitos casos a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

través dunha fraudulenta fragmentación dos proxectos en proxectos máis pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto. Recentes sentenzas xudiciais como a de Sasdónigas ou da Serra do Iribio dan conta desta situación sinalan tamén o papel da administración galega á hora de rebaixar garantías ambientais e desprotexer espazos singulares.

Ademais, Galiza asiste por primeira vez ao intento por parte de grandes empresas de promover parques eólicos de máis de 50MW, que dependen do Estado e segundo o recollido na lei do sector eléctrico do ano 2013 realizan a súa tramitación ante o Ministerio responsábel de enerxía, neste caso o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

O 07 de xaneiro de 2021, e ata o 18 de febreiro, iniciábase a través do soporte dixital do MITECO o prazo de consultas a diferentes entidades do Documento Inicial do Parque eólico Rebordechao, cun total de 154MW e que implicaba aos seguintes concellos: Nogueira de Ramuín, Xunqueira de Espadanedo, Montederramo, Maceda, Vilar de Barrio, Laza, Castrelo do Val, Verín, Monterrei e Cualedro, todos eles pertencentes ao que administrativamente se coñece como provincia de Ourense. Cun día de diferenza, o 8 de xaneiro de 2021, e até o 19 de febreiro, iniciábase a través do soporte dixital do MITECO o prazo de consultas a diferentes entidades do Documento Inicial do Parque eólico de Barxas, de 121 MW e que implica a municipios do Bierzo e de Galiza, tanto na zona de Lugo como de Ourense. Estamos a falar neste caso dos municipios de Barxas, Oencia, Trabadelo e Veiga de Valcarce (pertencentes a León) e O Barco de Valdeorras, Petín e Vilamartín de Valdeorras (pertencentes a Ourense), e polos axentes consultados ao fío deste Documento inicial sabemos que atinxe tamén a diversos municipios de Lugo Sul (Pedrafita, Quiroga, Folgoso do Caurel, Ribas de Sil, As Nogais) e en Ourense tamén a Larouco, San Xoán de Río e Trives.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Doce días despois de coñecerse estes dous proxectos xa citados, a través das mesmas canles e cun prazo de consulta até o día 3 de marzo de 2021, sae á luz o Proxecto do Parque eólico de Prada, cunha potencia prevista de 170,5 MW e que atinxe os municipios seguintes: A Pobra de Trives, A Veiga, Carballeda de Valdeorras, Larouco, O Barco de Valdeorras, Petín, San Xoán de Río (Ourense) e Quiroga (Lugo).

Malia o intento da empresa de proceder á fragmentación en tres proxectos, é evidente pola súa dimensión e pola afectación no territorio de que se trata dun mesmo proxecto que une os tres megaparques nun só. Ademais, está impulsado polo mesmo conglomerado empresarial e no que atinxe aos de Prada e Barxas mesmo comparten necesidades técnicas de evacuación. Cómpre recordar que Statkraft é un grupo con sede en Oslo e controlado polo estado noruegués. Este proxecto supón un total de 445MW, unha potencia superior á existente no territorio de Ourense, á impulsada no período 2009-2018 e mesmo á impulsada no conxunto de Galiza no ano 2019, o que dá idea da súa dimensión.

Desde o grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego observamos con gran preocupación esta situación, que está a ser contestada xa desde o ámbito asociativo e desde o ámbito municipal. Estamos a falar dunha implantación sen precedentes nunha expansión territorial descomunal e carente dunha planificación que poida ser acorde coas necesarias garantías ambientais. Exemplo disto é a proximidade e a interferencia con zonas de alto valor natural, arqueolóxico, patrimonial, social e económico e mesmo de zonas con diversas categorías de protección.

O proxecto proposto afecta de forma severa a diferentes zonas de alto valor ambiental e é incompatible coa súa protección. Podemos sinalar as afectacións máis graves nas áreas do Macizo Central e dos Montes de Trevinca. A unha distancia insuficiente do parque, ou dentro do propio parque, atopamos áreas de importante





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

protección internacional, como por exemplo a IBA A Limia e IBA Montes Aquilanos, IBA Sierra de La Cabrera para a protección das aves. O macroproxecto noruegués tamén ten unha importante afectación á Rede Natura 2000 e Lugares de Importancia Comunitaria (LIC). Afecta a ZEC do Macizo Central, ZEC Río Támega, ZEC Bidueiral de Montederramo, ZEC Ancares – Courel, ZEC Ribeiras do Río Sil e afluentes, ZEC Serra Enciña da Lastra ou ZEC Pena Trevinca. Por outra banda, existe unha clara afección a Lugares de Interese Xeolóxico no gran proxecto que supón a conxunción destes megaparques.

O macroproxecto tamén afecta á Rede Galega de Espazos Naturais pola súa proximidade ao parque natural de O Invernadoiro, a 6,49 km, ZEPVN dos Ancares-Courel, Macizo Central, Río Támega e Bidueiral de Montederramo. Afecta tamén diversas catalogacións de protección da fauna e da flora e a especies coa consideración de perigo de extinción, de atención preferente ou vulnerable. Por exemplo, podemos sinalar a proximidade ou intromisión en diversas Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA).

Así mesmo, salienta a afectación por proximidade (Rebordechao) ou inclusión (Barxas e Prada) na Zona Plan de Xestión do Lobo en Galiza e de cheo na zona de recuperación do sapoconcho. Podemos sinalar tamén a intromisión na recuperación e protección da auganeira (Desmán ibérico), o oso pardo (do que a Xunta de Galiza segue sen actualizar o correspondente Plan de Conservación), a aguia real, diversas especies de morcego, invertebrados recollidos no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

É de sinalar tamén a profunda afectación que a instalación deste proxecto industrial pode ter nas augas pola proximidade extrema a reservas naturais fluviais e zonas protexidas de auga potábel (ZPAP) como poden ser, citando só algunhas, Rego de Candis, Río Casaio II, Río Leira, Rego Marinan, Río Entoma, Río Bibei IV, Río Casaio





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

I, a da Bacía do Sil, do embalse de Santiago, os río Lor, Valcarce, Barxa, Navea, Ribeira Grande ou da contorna de Laza e Verín. Neste sentido, cómpre mencionar a climatoloxía específica desta parte do país e as súas necesidades crecentes derivada de períodos de seca con importantes consecuencias para a poboación e para o sector agrogandeiro, que deben terse presentes. Así mesmo, cómpre ter en conta o impacto sobre as masas de auga, por exemplo sobre as seis masas de auga subterráneas da bacía do Sil recollidas no correspondente Plan Hidrolóxico e afectadas pola instalación de aeroxeradores. Finalmente, é necesario ter en conta tamén aos humidaís, por exemplo á proposta para humidal protexido de Lagoas de Pena Trevinca.

Sen dúbida este macroproxecto ten un impacto xeral sobre os ecosistemas do Macizo Central e das montañas de Trevinca moi alto polos movementos de terra para a súa construción, polo impacto das construcións e polo impacto sonoro. Ademais, carecen de estudo algún respecto do impacto socioeconómico máis alá de referir datos estatísticos, o que fai prever o seu reducido ou nulo beneficio nestes termos.

Por outra banda, non se están a valorar os impactos no ámbito do patrimonio cultural, que tocaría diversos elementos catalogados BIC como son a Igrexa de Santa Marina e o Castelo de Balboa (Balboa), o Castelo de Corbedo (Folgo do Courel), a Fortaleza do Castro no Barco de Valdeorras ou a afectación ao Camiño de Santiago -en varios municipios así como o impacto en elementos arqueolóxicos catalogados no concello de Petín ou na Mámoa do Alto da Moeda na Veiga.

Finalmente, cómpre insistir en que o impulso a este macroproxecto enmárcase nun contexto de abuso de poder por parte das grandes multinacionais eléctricas fronte ás persoas propietarias, comunidades de montes e outras entidades, reducindo a capacidade de negociación. Así mesmo, este tipo de proxectos carecen de planificación algunha



para impulsar a participación pública dos beneficios do sector nin para levar incorporados plans de desenvolvemento económico e industrial adecuados.

A realidade é que hoxe en día, malia a propaganda que acompaña este novo boom, o retorno en termos económicos da produción de enerxía eólica é moi reducido. Na actualidade, os propietarios reciben de media entre o 1,1 e o 2,4% do total da facturación dos parques. Con respecto aos concellos galegos, a parte que fica no territorio da facturación é de aproximadamente o 5% e no contexto actual cómpre ter en conta que o contexto da covid-19 está a ser aproveitado pola Xunta de Galiza para coartar aos concellos a rebaixas impositivas para a atracción de proxectos industriais, que van afectar a este ámbito, reducindo o retorno aínda máis. Mesmo atendendo aos datos que facilita a patronal, se o impacto no PIB é de máis de 580M€, só a reducida cantidade de 11M€ (1,89%) son percibidos polos propietarios dos terreos (datos de 2019, de acordo coa Asociación Eólica de Galicia (EGA)).

O noso país padece a falta de planificación consensuada dun novo plan eólico e ao mesmo tempo, neste caso, engádese que a tramitación dun proxecto cun impacto tan acusado depende fundamentalmente de decisións do ámbito do Estado, afastando unha vez máis os centros de decisión.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- . Que valoración fai a Xunta de Galiza dos macroproxectos eólicos proxectados para Galiza?
- . Que valoración fai de que dependan de tramitación ministerial?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que actuacións vai impulsar a Xunta de Galiza para impedir que prospere o macroproxecto de Statkraft?

. Vai impulsar actuacións de asesoramento aos concellos e entidades sociais e veciñais afectadas?

. Considera a Xunta de Galiza que son tres ou un proxecto industrial? Considera que podemos estar ante unha fraude de lei?

. Que valoración lle merece á Xunta a afectación a diversas categorías de protección medioambiental?

. Que valoración lle merece á Xunta a afectación á flora e á fauna?

. Que valoración lle merece á Xunta a contestación social e institucional deste macroproxecto?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Iago Tabarés Pérez Piñeiro

Luis Bará Torres

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 15/02/2021 11:17:53

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/02/2021 11:18:00

María do Carme González Iglesias na data 15/02/2021 11:18:08

Xosé Luis Bará Torres na data 15/02/2021 11:18:14

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/02/2021 11:18:22

María González Albert na data 15/02/2021 11:18:30

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2021 11:18:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a constitución dun centro de reparacións en NAVANTIA RÍA DE FERROL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O plan industrial que precisa a comarca de Ferrol, eterna promesa de todos os gobernos, non é outro que poñer NAVANTIA a traballar, desfacéndose das restricións actuais e aproveitando todos os segmentos de actividade que potencialmente poderían concorrer nas instalacións de NAVANTIA na ría de Ferrol.

Non hai ningunha outra posibilidade real de traer nada a Ferrol que poida substituír ou equipararse á construción naval: en volume de emprego, na diversidade de actividades que concorren na construción dun barco, no seu nivel tecnolóxico, en potencial exportador, e no efecto multiplicador do prezo da obra na economía comarcal: 4,5€ por cada 1€ segundo cálculos de SEA EUROPE.

A industria da construción naval e das tecnoloxías marítimas, é intrinsecamente diversa, sendo os antecedentes históricos de NAVANTIA na ría de Ferrol bon exemplo de esta diversificación industrial, que debería recuperarse e promoverse.

Un de eses segmentos de actividade que veñen significando un importante volume de actividade e de emprego para os estaleiros e para a comarca é o das reparacións.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha facturación de 750 millóns de euros para a propia Navantia nos 10 últimos anos xa da idea da súa importancia, pero para achegarnos realmente ao que significa para a sociedade comarcal é preciso ter presente que un 18% dos seus gastos son persoal directo de Navantia e un 64% persoal de subcontratas, porcentaxes elevadísimas en comparación con outras áreas de negocio onde os materiais e a enxeñaría son as partidas máis importantes; que xera un 10% de negocio a maiores en consignatarios, prácticos, remolcadores, e taxas portuarias, e ademais entre 8.000 e 15.000 pernactacións/ano nos establecementos hoteleiros da zona.

A día de hoxe non hai máis que un dique que poda acoller buques de grandes dimensións, polo que Navantia Ría de Ferrol vese na obriga de renunciar a contratos por falta de dispoñibilidade, unha media de 5 buques por ano durante nos últimos 10 anos. Polo que un novo dique seco específico para reparacións sería importante no só para atender a demanda xa existente na actualidade, senón para poder aspirar a novos mercados por tipoloxía de buques, así como para compatibilizar eses traballos cos das grandes transformacións, que a día de hoxe implican desatender outros potenciais clientes durante todo o tempo que se prolongue a ocupación do dique.

Por outra banda é obrigado lembrar que a constitución dun centro de reparacións en Navantia Fene foi no seu día unha promesa do Partido Popular. Un dos 13 compromisos do “Contrato con Ferrol” do Presidente Feijóo durante a campaña electoral do ano 2009, co que prometía crear 2.000 postos de traballo.

E que a falta de concreción daquela promesa deu lugar a que durante o ano 2011 o BNG presentara unha iniciativa parlamentaria que foi aprobada por unanimidade e que no seu punto 6 recolle explicitamente: “Esixirlle a Xunta de Galiza que colabore coa SEPI no cofinanciamento e desenvolvemento dun centro de reparacións de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Navantia, na ría de Ferrol, de acordo co “Contrato con Ferrol” exposto polo presidente Núñez Feijóo en 2009.”

En resumo, que a grave crise industrial que vive a comarca de Ferrol fai que sexa do máis urxente dotarnos de aquelas infraestruturas que terían un impacto positivo inmediato na creación de emprego na comarca, como un novo dique para a área de reparacións de Navantia Ría de Ferrol, e que a Xunta de Galiza participe efectivamente na constitución de ese centro de reparacións mesmo con financiamento, tal como se aprobou no texto da iniciativa antedita.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Que actuacións está a realizar o Goberno galego para promover as áreas de reparacións nos estaleiros galegos e nomeadamente en Navantia Ría de Ferrol?

. Que actuacións está a realizar o goberno galego para que o buque Evrima do estaleiro Barreras vaia realizar os traballos de pintura a Navantia Ferrol?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 15/02/2021 11:54:40

Daniel Pérez López na data 15/02/2021 11:54:44

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/02/2021 11:54:54





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**,
sobre os ecoesquemas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Política Agraria Común prevista para o período 2023-2027 avanzará un
chango máis nas esixencias ambientais. O plan estratéxico desta nova PAC conta con
cambios de concepto en diversas cuestións que afectarán ás persoas beneficiarias das
axudas.

Boa parte das axudas directas da PAC ao agro encamiñase a lograr maiores
compromisos ambientais de agricultores/as e gandeiros/as, pois un mínimo dun 20%
dos pagos directos abonarase por medio dos chamados ecoesquemas (que podería
chegar a acadar ata un 30%), que son liñas de axudas orientadas a primar prácticas que
contribúan principalmente a mellorar a biodiversidade e a loitar contra o cambio
climático.

O deseño dos ecoesquemas, que se encadran no primeiro pilar da PAC,
corresponde a cada Estado membro, se ben o Plan Estratéxico Nacional de España terá
que ser refrendado por Bruxelas.

Para ser aprobados pola Comisión Europea, os ecoesquemas teñen que impulsar
esixencias ambientais superiores ás da condicionalidade reforzada da Política Agraria





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Común. Tamén terán que ser medidas diferentes das que figuran nas axudas agroambientais (pilar 2).

Os ecoesquemas deben responder aos 3 obxectivos específicos medioambientais definidos relativos ao cambio climático e á enerxía sostible; ao desenvolvemento sostible e á xestión eficiente dos recursos naturais; e á protección da biodiversidade, os servizos ecosistémicos, a conservación dos hábitats e das paisaxes.

A primeira proposta de ecoesquemas, elaborada no 2.020 polo Ministerio de Agricultura, presentaba escasas opcións para as granxas galegas, se ben a nova proposta trasladada ás Comunidades Autónomas fai uns días amplía o abano de posibles alternativas (pastoreo extensivo, manexo apropiado dos pastos con sega de prados e marxes sen segar, agricultura de precisión, plans de uso sostible de fitosanitarios, prácticas para a mellora da biodiversidade, rotación de cultivos con especies mellorantes e agricultura de conservación con sementeira directa).

Tendo en conta que a intención do Ministerio de Agricultura é o de aprobar os ecoesquemas definitivos para esta primavera, é vital coñecer a incidencia que van a ter para Galiza, xa que tradicionalmente a centralización das negociacións fixo que os Plans Estratéxicos foran elaborados priorizando particularidades propias doutras rexións como a mediterránea ou a do Sur de España, relegando as necesidades galegas a un papel secundario.

Por estes motivos fórmase a seguinte interpelación:

Que está defendendo o Goberno galego en Madrid para o agro galego, e concretamente a respecto dos ecoesquemas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/02/2021 16:40:36

María González Albert na data 15/02/2021 16:40:39

María del Carmen Aira Díaz na data 15/02/2021 16:40:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Noa Presas Bergantiños e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a modificación do Decreto 23/2021, polo que se crean e regulan os rexistros de intermediarios de crédito inmobiliario e de prestamistas inmobiliarios de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2019, do 15 de marzo, reguladora dos contratos de crédito inmobiliario ten como obxecto a transposición da Directiva 2014/17/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de febreiro de 2014, así como, e segundo establece a súa exposición de motivos, “vista a experiencia até a data, recuperar a confianza dos prestameiros, introducindo unhas previsións cuxa finalidade é a de potenciar a seguranza xurídica, a transparencia e comprensión dos contratos e das cláusulas que os compoñen, así como o xusto equilibrio entre as partes.”

Ao abeiro da Lei 5/2019, a Xunta de Galiza ven elaborando a normativa de desenvolvemento no ámbito das súas competencias, o que inclúe a obriga de crear un Rexistro de intermediarios de crédito inmobiliario que se regula no Decreto 23/2021.

A creación de este rexistro podería terse aproveitado para definir correctamente o ámbito de aplicación da propia Lei 5/2019, excluindo explicitamente aqueles operadores que polas súas características intrínsecas e sociais deberían quedar ao marxe da aplicación de esta normativa, e nomeadamente, as seccións de crédito das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cooperativas, xa que non interveñen no mercado de servizos financeiros con carácter empresarial ou profesional, nin con unha finalidade exclusivamente inversora.

De feito, estas entidades están sometidas con carácter a xeral a un distinto marco legal, o constituído pola Lei 27/1999, de 16 de xullo, de Cooperativas do Estado, e á Lei 5/1998, de 18 de decembro, de Cooperativas de Galiza. Distinta actividade, distinto marco legal de referencia.

A posibilidade das cooperativas contar con unha sección de crédito queda circunscrita por esta normativa exclusivamente aos socios da cooperativa, sendo unha actividade de “autocrédito”, polo que a diferenza do que acontece con outras figuras societarias, o cooperativista é a un tempo prestameiro e prestamista do crédito concedido.

Por outra banda, maniféstase neste tratamento indiferenciado un descoñecemento absoluto da composición e funcionamento democrático dos órganos de goberno das cooperativas tal como ven regulado na súa normativa de referencia, homologando os consellos de administración das sociedades financeiras cos consellos reitores das cooperativas, impoñéndolles uns determinados requirimentos de formación e coñecementos técnicos que vulneran os dereitos de sufraxio pasivo das persoas socias das cooperativas.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Por que a Xunta de Galiza quere impoñer ás seccións de crédito das cooperativas unha regulación deseñada para operadores de crédito de carácter profesional e financeiro?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera a Xunta de Galiza que debe igualar o funcionamento e requisitos das seccións de crédito das cooperativas cos grandes bancos?

. Que datos ten a Xunta de Galiza sobre créditos morosos nas seccións de crédito das cooperativas galegas?

. Que datos ten a Xunta de Galiza sobre execucións hipotecarias, e despexos de vivenda habitual instados polas cooperativas galegas con sección de crédito?

. Que datos ten a Xunta de Galiza sobre condenas xudiciais ás cooperativas galegas con sección de crédito, relacionadas con preferentes ou produtos financeiros opacos?

. Que datos ten a Xunta de Galiza sobre condenas xudiciais ás cooperativas galegas con sección de crédito, relacionadas cláusulas hipotecarias abusivas?

. Considera a Xunta de Galiza que impoñer ás seccións de crédito das cooperativas galegas as obrigas recollidas na Lei 5/2019 é necesario para acadar os obxectivos explicitados pola propia lei?

. Ten a Xunta de Galiza algún informe comparado sobre nivel de confianza das persoas usuarias ou clientas de entidades de crédito profesionais, e dos socios e socias das cooperativas galegas con sección de crédito?

. Coñece a Xunta de Galiza que os órganos de goberno das cooperativas galegas son electivos e que non se poden impoñer ás persoas socias condicións de formación para ser elixíbeis?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Coñece a Xunta de Galiza que a normativa de aplicación ás cooperativas galegas xa inclúe a obriga de contar con persoal técnico cualificado na xerencia e na sección de crédito, así como a obriga de auditarse?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Noa Presas Bergantiños

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 15/02/2021 18:02:56

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2021 18:02:59

Ramón Fernández Alfonso na data 15/02/2021 18:03:09



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

Fai un ano aproximadamente, a Xunta de Galicia anunciou un plan de actuación destinado ás persoas en situación de soidade non desexa. En concreto, a través da configuración dunha rede social de apoio en colaboración con entidades sociais e locais.

Actualmente estamos a vivir un contexto de pandemia sen precedentes, que deu conta das carencias do sistema de coidados nas persoas maiores e dependentes, pero tamén doutras realidades silenciadas que hoxe máis que nunca se significan, como é a realidade das persoas en soidade non desexada.

Galicia é un dos lugares cun maior número de persoas maiores de todo o país e incluso de Europa. Ademais o modelo de unidade familiar foi mudando, xa que na actualidade o número de fogares constituído por unha persoa vai en aumento.

Os efectos da pandemia e do propio illamento social froito das restricións e confinamentos, deu lugar a un incremento de consultas por saúde mental por unha banda, e por outra a realidades silenciadas ou sen tratar por medo a acudir aos servizos sanitarios.

As persoas que viven en soidade non desexada están a sufrir os efectos da pandemia agravando as consecuencias desa soidade aínda máis polo illamento social derivado das restricións.

Por estes motivos, dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos urxente levar a cabo unha diagnose do problema mediante estudos que dean conta da “radiografía” da soidade non desexada en Galicia, así como elaborar de xeito urxente e en función dos resultados de dito estudo, un Plan Galego para a Soidade Non Desexada.

Dito plan en colaboración con entidades sociais e locais, dotaría dos recursos orzamentarios precisos aos mesmos, para coordinar os estudos e actuacións oportunas para coñecer a realidade da soidade non desexada en Galicia e levar a cabo o seguimento e actuacións concretas con este colectivo de poboación.



Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte Interpelación:

- 1.^a) Cales son os “pasos” que a consellería deu en canto á soidade non desexada?
- 2.^a) Cales son os medios materiais e humanos que se habilitan por parte da Administración competente no plan para a soidade non desexada?
- 3.^a) Realizou a Xunta estudos sobre soidade non desexada en Galicia?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 16/02/2021 10:16:24

Julio Torrado Quintela na data 16/02/2021 10:16:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Manuel Lourenzo Sobral e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a chegada a moitos centros educativos galegos do suplemento da Voz de Galicia “La Voz de la Escuela” número 1265 no que aparece un discurso ideoloxicamente marcado e doutrinario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 14 de abril de 1982 o xornal La Voz de Galicia creaba un suplemento chamado La Voz de la Escuela co que en palabras do propio xornal “quere converterse nunha nova ferramenta pedagóxica e didáctica nas aulas. O seu obxectivo é introducir o xornal na escola para que, partindo das súas informacións, profesores e alumnos constrúan os seus propios programas en contacto coa vida e coñezan o alto valor da prensa escrita nunha sociedade libre e democrática.”

Pola contra, estes motivos fundacionais tan louvables chocan estrepitosamente coa información fornecida no número 1265 do día 10 de febreiro do ano 2021. Nesta publicación dedícanse dúas páxinas a analizar a política catalá, mais concretamente as eleccións autonómicas do pasado domingo 14 de febreiro.

Este feito, que desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos como positivo, xa que ter nocións sobre as características políticas e a actualidade doutras nacións é algo enriquecedor, educativo e que axuda a que os rapaces e rapazas comecen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a mirar cara a política e a elaborar os seus propios razoamentos vese totalmente truncado pola ausencia total de imparcialidade.

Deste xeito, este suplemento que chega a centos de centros públicos do noso país e que é empregado para impartir aulas pasa a converterse nun panfleto absolutamente cargado de ideoloxía e no que se poden ler cousas como “Un voto de Lérida vale el doble que un voto de Barcelona (...) Eso suele jugar en contra de partidos como el PSC”, “El 155: cuando el Gobierno español tomó el control. ¿Qué hace un Gobierno cuando una parte del Estado se rebela y viola la Ley? Acude a la Justicia. Y eso hizo, pero los responsables políticos catalanes se saltaron a los jueces también. En este caso —que no se había dado antes—, el Gobierno central activó el artículo 155 de la Constitución para tomar el control de las instituciones y garantizar que se cumplieran las leyes. La democracia no es solo votar, sino también es respetar las leyes que aprobaron nuestros representantes.”, “Los nacionalismos, fuente de conflicto por excluir y discriminar a quienes nacen en otro lugar” ou “El independentismo tiene que ver con la economía. Al igual que en Cataluña, Flandes (Bélgica), California (EE.UU.) o Milán (Italia) quieren deshacerse de sus vecinos pobres.”

Estes son só algúns dos exemplos cos que se intenta desacreditar a todas as opcións políticas nacionalistas e ou independentistas, ofrecéndolle aos e ás alumnas un discurso totalmente parcial de odio a Cataluña e a todo aquilo que represente unha visión diferente á unidade territorial do Estado español. Por esta razón, desde o BNG consideramos inaceptable que a Xunta de Galiza e a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade permitan que materiais coma estes sexan usados como material docente, xa que as escolas e institutos teñen a obriga de ser centros ideoloxicamente neutros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Cal é a posición da Xunta de Galiza sobre o uso de textos ideoloxicamente parciais e excluíntes como material docente?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 16/02/2021 14:08:17

Mercedes Queixas Zas na data 16/02/2021 14:08:20

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/02/2021 14:08:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Noa Presas Bergantiños, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre os parques eólicos do grupo Avintia no oriente ourensán e no sur de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza asiste nestes momentos a un boom eólico en relación ao cal o BNG ten presentado xa distintas iniciativas. Este boom estase a desenvolver sen unha axeitada planificación e vixilancia públicas, baixo unha arquitectura legal obsoleta e sen garantías para a participación social relegando á cidadanía a meros afectadxs e privándolles dun papel proactivo fronte á xestión que Xunta de Galiza e empresas eléctricas están a facer do territorio.

Isto acontece cun evidente abandono de funcións por parte da Xunta, que nega un debate arredor de cal debe ser o novo modelo enerxético galego para a descarbonización ao tempo que impulsa mudanzas lexislativas para reducir garantías á sociedade e aos concellos galegos e abrir a porta a grandes multinacionais sen retorno socioeconómico e sen unha mínima protección dos valores naturais e patrimoniais.

Neste contexto, despois dunha década de parálise, asistimos a unha expansión sen precedentes que levou a que en 2019, nun só ano, se puxesen en marcha 19 parques e 400MW instalados máis, un número maior aos instalados no conxunto na década anterior. Este desenvolvemento, que podería parecer positivo, estase a dar de forma





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

abrupta, sen planificación e sen consenso coa sociedade dos lugares afectados, e en moitos casos a través dunha fraudulenta fragmentación dos proxectos en proxectos máis pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto. Recentes sentenzas xudiciais como a de Sasdónigas ou da Serra do Iribio dan conta desta situación sinalan tamén o papel da administración galega á hora de rebaixar garantías ambientais e desprotexer espazos singulares.

Neste marco, e ao tempo que o Ministerio de Transición Ecolóxica (MITECO) está a tramitar tres megaparques da empresa pública norueguesa Statkraft que se instalarán na provincia de Ourense (e parte da comarca do Bierzo) e suporán un total de 445,5 Mw (no que a todas luces é un único macroproxecto eólico) afectando dous deles especificamente á comarca de Valdeorras, a Xunta de Galiza está a tramitar outros cinco parques eólicos que atinxirán á mesma comarca e ás comarcas veciñas de Quiroga (Lugo), Terras de Caldelas e Terras de Trives.

Querémonos centrar nestes cinco proxectos eólicos que se atopan en distintos momentos de tramitación (estando tres deles agora mesmo en exposición pública) e que levan nomes tan rimbombantes como Ventumelo, Treboada, Xeada, Neboada e Orballeira. Cinco proxectos industriais que suman un total de 250Mw de potencia de nova instalación e que virían a sumarse ao xa aprobado na mesma zona de 21 Mw (Cernego).

Imos ver polo miúdo algunhas das principais características destes cinco parques eólicos que a Xunta de Galiza está a tramitar de xeito separado como se fosen proxectos independentes cando, analizando sen afondar demasiado nos datos xa resulta palpábel que son parte dun mesmo proxecto que tería que ser tramitado, polo tanto, con moitas máis garantías ambientais:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- PE Ventumelo: saíu a exposición pública o 1 de febreiro. Un parque de 50 Mw de potencia con 12 aerogeradores e 2 torres meteorolóxicas que afecta aos municipios de San Xoán de Río, Pobra de Trives (onde se atopa a SET na que descarga) e Ribas de Sil.

- PE Neboada: saíu a exposición pública o 28 de xaneiro. 50 Mw de potencia con 12 aerogeradores e 1 torres meteorolóxica que afecta aos municipios de Quiroga, A Rúa e Vilamartín de Valdeorras pero tamén a Xoán de Río, Pobra de Trives (onde se atopa a SET na que descarga) e Ribas de Sil.

- PE Treboada: Saíu a exposición pública o 28 de xaneiro. 50 Mw de potencia con 12 aerogeradores e 2 torres meteorolóxicas que afecta aos municipios de San Xoán de Río, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Ribas de Sil e Pobra de Trives (onde se atopa a SET na que descarga). Comparte accesos e liña de evacuación cos outros 4 parques

-PE Orballeira: que xa pasou o trámite de exposición pública. 50 Mw de potencia con 12 aerogeradores e 1 torre meteorolóxica que afecta aos concellos da Rúa, Quiroga, Ribas de Sil, San Xoán de Río e Trives. Comparte subestación cos parques de Neboada, Xeada e Treboada así como a liña de evacuación cara a SET Trives.

A día de hoxe, e segundo palabras da directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Paula Uría, están instalados en Galiza un total de 3.826 Mw. Pois ben, estes cinco proxectos, sumados aos tres xa mencionados da norueguesa Statkraft en zonas de afectación contiguas, suporían un total de 695 Mw; ou o que é o mesmo, o equivalente a un 18,1% do total instalado en todo o país.

Así as cousas, e malia as intencións do grupo de proceder á fragmentación en 5 proxectos, é evidente tanto pola súa dimensión, como polo territorio afectado, como á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

súa promoción por empresas pertencentes ao mesmo grupo empresarial (Avintia) e con mesmo domicilio fiscal, como polo compartillamento de infraestruturas que estamos a falar dun mesmo proxecto que une aos cinco parques nun só.

Desde o grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de novo, observamos con gran preocupación esta situación, que está a ser contestada xa desde o ámbito asociativo e veciñal. Estamos a falar dunha implantación sen precedentes nunha expansión territorial descomunal e carente dunha planificación que poida ser acorde coas necesarias garantías ambientais. Exemplo disto é a proximidade e a interferencia con zonas de alto valor natural, arqueolóxico, patrimonial, social e económico e mesmo de zonas con diversas categorías de protección.

nha primeira cuestión que resulta sorprendente é como a argumentación dos documentos de inicio dos cinco parques emprega o feito de que se estean tramitando outros proxectos na mesma zona (dándoo xa por aprobados) para deixar ver que os impactos xa están solucionados pola propia tramitación dos outros proxectos eólicos.

No que ten a ver coas afeccións, e comezando polas paisaxísticas, queremos lembrar que o Catálogo das paisaxes de Galiza, ao amparo do disposto no artigo 9.3 da lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galiza, identifica determinadas zonas xeográficas como áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) en atención aos valores naturais e culturais alí presentes.

Pois ben, até 3 zonas AEIP se ven afectadas directamente polas poligonais destes parques, sen mencionar xa as que fican a distancias máis ou menos próximas das mesmas. As directamente atinxidas son a AEIP_02_01 Val do Río Navea (PE Ventumelo e Treboada), a AEIP_05_15 Cernego (PE Neboada e Xeada) e a AEIP_05_07 Paradaseco-Val do Río Soldón (Orballeira).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Próximos ás áreas de implantación dos parques eólicos atópanse outros espazos pertencentes á Rede Galega de Espazos Protexidos definida na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do Patrimonio natural e da biodiversidade de Galiza.

Os máis evidentes son a zona ZEC (ES1120001) Ancares-Courel, que se atopa a 1 km do PE Ventumelo, a menos de 1 km dos PPEE Neboada e Treboada, a menos de 100 metros do PE Xeada e a menos de 50 metros do PE Orballeira. Podemos dicir aquí, sen medo a trabucarnos, que se a aspa dun muíño cae ao solo farao dentro de zona protexida. Tamén hai afectación a outras zonas ZEC sendo a máis clara a do Macizo Central que se atopa a menos de 4km do PE Ventumelo. Isto é incompatíbel coa protección destas zonas e corta de raíz calquera posibilidade de ampliación das zonas protexidas tal e como vén reclamando a Unión Europea a Galiza sen que a Xunta faga nada por solucionalo.

Hai tamén dous parques (Ventumelo e Treboada) que se sitúan dentro da zona de amortiguamento do BIC Ribeira Sacra e afectacións de distinto grao ao Camiño de Santiago na súa variante de “Inverno” que percorre a zona. Hai infinidade de afectacións a elementos patrimoniais e arqueolóxicos en distinto grao de gravidade así como a núcleos de poboación como Vilar de Mondelo ou Chao da Casa.

Outro impacto destacábel é que até catro destes proxectos se atopan en zona 2 do plan de xestión do lobo mentres que a cuestión da afectación aos acuíferos precisaría dun estudo moito máis pormenorizado sobre todo tendo en conta as experiencias previas de afectación a mananciais e cursos de auga que teñen iniciado procesos desertificadores en distintas zonas do país.

Resulta ademais evidente que este megaproxecto unificado ten un impacto xeral sobre os ecosistemas e o patrimonio polos movementos de terra para a súa construción,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

polo impacto das construcións e polo impacto sonoro. Todo isto sen avaliar a cuestión da liña de alta tensión que percorrerá todo o territorio até a SET de Trives e que se unirá, se ninguén o remedia, á outra liña de alta planificada polo macroproxecto de Statkraft. Ademais, carecen de estudo algún respecto do impacto socioeconómico máis alá de referir datos estatísticos, o que fai prever o seu reducido ou nulo beneficio nestes termos.

Finalmente, cómpre insistir en que o impulso a este megaproxecto, tal e como asegurabamos ao comezo, enmárcase nun contexto de abuso de poder por parte das grandes multinacionais eléctricas fronte ás persoas propietarias, comunidades de montes e outras entidades, reducindo a capacidade de negociación. Así mesmo, este tipo de proxectos carecen de planificación algunha para impulsar a participación pública dos beneficios do sector nin para levar incorporados plans de desenvolvemento económico e industrial adecuados.

A realidade é que hoxe en día, malia a propaganda que acompaña este novo boom, o retorno en termos económicos da produción de enerxía eólica é moi reducido. Na actualidade, os propietarios reciben de media entre o 1,1 e o 2,4% do total da facturación dos parques. Con respecto aos concellos galegos, a parte que fica no territorio da facturación é de aproximadamente o 5% e no contexto actual cómpre ter en conta que o contexto da covid-19 está a ser aproveitado pola Xunta de Galiza para coartar aos concellos a rebaixas impositivas para a atracción de proxectos industriais, que van afectar a este ámbito, reducindo o retorno aínda máis. Mesmo atendendo aos datos que facilita a patronal, se o impacto no PIB é de máis de 580M€, só a reducida cantidade de 11M€ (1,89%) son percibidos polos propietarios dos terreos (datos de 2019, de acordo coa Asociación Eólica de Galicia (EGA)).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O noso país padece a falta de planificación consensuada dun novo plan eólico e ao mesmo tempo, dun goberno serio que impida de xeito claro a fragmentación de proxectos e garanta a axeitada planificación e control ambiental e patrimonial dos mesmos.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza da fragmentación de proxectos eólicos proxectados para Galiza?

. Vai impulsar actuacións de asesoramento aos concellos e entidades sociais e veciñais afectadas?

. Considera a Xunta de Galiza que son cinco ou un proxecto industrial? Considera que podemos estar ante unha fraude de lei?

. Que valoración lle merece á Xunta a afectación a diversas categorías de protección medioambiental?

. Que valoración lle merece á Xunta a afectación á flora e á fauna?

. Que valoración lle merece á Xunta a contestación social destes proxectos?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2021

Asdo.: **María González Albert**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños
Carmen Aira Díaz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Luis Bará Torres
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 16/02/2021 17:03:40

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/02/2021 17:03:45

María del Carmen Aira Díaz na data 16/02/2021 17:03:53

Noa Presas Bergantiños na data 16/02/2021 17:04:11

María González Albert na data 16/02/2021 17:04:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a Estratexia galega de soidade non desexada e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta a día de hoxe, segundo os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), con 238.371 fogares unipersoais. Deles, 122.731 están formados por persoas maiores de 65 anos, a maioría mulleres (62,73%).

A soidade non desexada é na actualidade un dos maiores riscos para o deterioro das persoas e un factor determinante que favorece a aparición de situacións de dependencia, segundo advirte a Organización Mundial da Saúde (OMS).

En 2019 o Parlamento acordou, por unanimidade, instar a Xunta de Galiza a elaborar unha Estratexia para abordar esta realidade, a da soidade non desexada, e intervir de maneira integral sobre ela. Porén, até o momento e máis alá dos anuncios en medios de comunicación, esta non foi aprobada nin tampouco presentada na Cámara para que poida ser analizada e debatida polos grupos.

A crise sanitaria provocada pola Covid19 e especialmente o enorme impacto social que está a ter, afectou e afecta de maneira especial ás persoas maiores e máis aínda aquelas que viven. As medidas de distanciamento social, o peche de espazos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lecer e as limitacións impostas á mobilidade teñen un maior impacto emocional nelas que pode facer empeorar as súas condicións de vida.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos insistido moito ao longo destes meses na urxencia de deseñar un novo modelo de coidados que faga corresponsábel o conxunto da sociedade, que despregue unha rede de servizos públicos forte e garanta a mellor atención das persoas maiores e dependentes priorizando a permanencia destas nos seus fogares. Nese novo modelo de coidados a teleasistencia debe ser unha peza chave.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- . Cando vai aprobar a Xunta de Galiza a Estratexia de prevención, atención e abordaxe integral da soidade non desexada?
- . Vai remitila ao Parlamento para que sexa debatida e aprobada nel?
- . Que medidas prevé incorporar nela?
- . Elaborou o Goberno galego algún informe ou diagnose de situación previa para a súa elaboración?
- . De ser así, cales son as conclusións do mesmo e quen se encargou da súa elaboración?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 17/02/2021 11:12:21

María Montserrat Prado Cores na data 17/02/2021 11:12:29

Olalla Rodil Fernández na data 17/02/2021 11:12:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o grao de cobertura da teleasistencia en Galiza e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galiza para garantir o despregamento deste servizo no país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo recolle a memoria anual da Consellaría de Política Social correspondente a 2019 (últimos datos dispoñíbeis) en Galiza 8.212 persoas contan co servizo de teleasistencia básica das cales 349 contaban con algunhas melloras do servizo como detector de fume ou de gases. Doutra banda, 161 persoas usuarias das provincias de Ourense e Lugo dispoñían de Teleasistencia Plus.

O grao de cobertura deste servizo, fundamental para o acompañamento, apoio e atención das persoas maiores, especialmente aquelas que viven soas, é pírrico no noso país.

De facto, así o sinala o Foro económico de Galiza no informe Galiza 2040 : Dinámica demográfica e cambio de paradigma, que sitúa no 2,7 por cada 100 maiores de 65 anos o índice de cobertura deste servizo no noso país, case oito puntos por baixo da media do estado (10,41).

Este servizo, que en Galiza está xestionado a través da Cruz Vermella, constitúe un recurso fundamental para a atención das persoas dependentes. Porén, só acceden a el





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas cun grao de dependencia recoñecida e, en función del, a unhas ou outras características do mesmo.

Nos últimos meses escoitamos falar á Xunta de Galiza de maneira insistente da necesidade de estender a teleasistencia avanzada no noso país. Así as cousas, o certo é nos últimos doce anos o esforzo feito polo Partido Popular desde o Goberno galego para garantir o acceso a este recurso daquela poboación potencialmente usuaria foi mínimo por non dicir inexistente como evidencian os datos.

Para o Bloque Nacionalista Galego a teleasistencia é un servizo esencial que debe servir non só para intervir en casos de dependencia senón como ferramenta de prevención da mesma. Por suposto, non pode ser concibida polo un recurso illado senón que debe ser deseñado e despregado de maneira conxunta cos demais servizos do SAAD, especialmente os de atención a domicilio e outros de proximidade.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza do actual índice de cobertura da teleasistencia no noso país?

. Que medidas vai adoptar o Goberno galego para garantir o acceso da poboación que o precisa a este servizo?

. Conta a Xunta de Galiza con algún plan, orzamento ou planificación temporal ao respecto?

. Cando fala de teleasistencia avanzada a Xunta, cal é a mellora do recurso a respecto da teleasistencia básica?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 17/02/2021 11:33:39

Iria Carreira Pazos na data 17/02/2021 11:33:42

Olalla Rodil Fernández na data 17/02/2021 11:33:49



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**:

O 16 de febreiro de 2021 a Consellería de Política Social anuncia a presentación ao Goberno central unha trintena de proxectos do ámbito social para captar, segundo a propia consellería 164 millóns de euros de fondos europeos vertebrados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A Conselleira de Política Social explicou en rolda de prensa que nos últimos días aportou ao *Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030* a candidatura de Galicia para o bloque social deses fondos.

Ante a falta de información por parte da consellería á Cámara que representa a toda a cidadanía galega no Parlamento de Galicia, dende o Grupo Socialista consideramos urxente que se dean as explicacións necesarias para tratar un tema transcendental para os galegos e galegas nun momento de crise sanitaria e social provocada pola Covid-19.

Os propios axentes sociais e movementos de base que conforman o sistema de Políticas Sociais en Galicia temen que este tipo de acción unilateral por parte da conselleira deixe fóra moitas das súas propostas de cara a mellorar a calidade de vida dos galegos e galegas nun momento transcendental para a reactivación social da cidadanía e mesmo de colectivos vulnerables que precisan dunha discriminación positiva por parte das administracións. Hai que ter en conta ademais que ditos proxectos se presentaron antes ao Goberno central que á propia cidadanía galega na Cámara representativa.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte Interpelación:

- 1.^a) Cales son os proxectos que remitiu a Xunta de Galicia ao Goberno de España para a captación de fondos europeos?
- 2.^a) Que tipo de proxectos son e a que colectivos afecta?



3.^a) Negociou o Goberno galego cos colectivos e axentes sociais estes proxectos? en caso afirmativo, con cales?

4.^a) Teñen previsto informar á cidadanía galega ante o Parlamento Galego de ditos proxectos? E cal é o motivo de non telo feito antes de remitilos ao Goberno central?

5.^a) Cal é o motivo de que os trinta proxectos anunciados publicamente non foran consensuados nin sequera presentados ante a Comisión de reconstrución creada ad hoc no Parlamento galego?

6.^a) Ditos proxectos están incorporados nos 108 proxectos xa remitidos supostamente polo presidente da Xunta de Galicia para optar aos fondos europeos de reconstrución?

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 17/02/2021 11:48:10

Julio Torrado Quintela na data 17/02/2021 11:48:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa aos informes transmitidos ao goberno do Estado por parte da Xunta de Galiza en relación ao cumprimento da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias no ensino.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estado español ratificou en 2001 a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias, un tratado internacional promovido polo Consello de Europa.

O último informe emitido polo Comité de Ministros do Consello de Europa advertiu graves deficiencias na política lingüística educativa da Xunta de Galiza que comprometen o progresivo avance da normalización do galego e, consecuentemente, o articulado da Lei de normalización lingüística.

Neste informe de decembro de 2019 o Comité de Ministros do Consello de Europa advertía máis unha vez da importante diminución do número de falantes e da progresiva quebra acentuada da transmisión do noso idioma propio e oficial de pais a fillos, unha transmisión natural que xa non está garantida, o que afecta de forma significativa ao mantemento da proporción de alumnado con coñecemento do galego cando se incorpora ao ensino.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, este informe do Consello de Europa afirmou que a presenza do galego é insuficiente no ensino, especialmente a nivel preescolar, para cuxa reversión propuxo eliminar as limitacións á docencia en galego que actualmente regula o Decreto 79/2010.

Recentemente o goberno do Estado fixo pública a súa resposta aos requirimentos do Consello de Europa a través do “Informe sobre las recomendaciones de acción inmediata formuladas por el Comité de Ministros del Consejo de Europa en su Resolución de 11 de diciembre de 2019 en relación a la aplicación de la Carta Europea de Lenguas Regionales y Minoritarias”.

Neste informe do Estado destácase que actualmente non hai limitacións ao ensino en galego en Galiza, como si verificou o Comité de Ministros, e que o éxito do modelo plurilingüe implantado desde 2010 está avalado por múltiples estudos e avaliacións.

A metodoloxía para a elaboración deste informe di asentarse na consulta ao goberno galego solicitando a súa colaboración para a redacción da resposta.

No entanto, da lectura do informe de resposta do Estado español tíranse algunhas inexactitudes a respecto da implantación do Decreto 79/2010 como que as dúas linguas oficiais reparten a docencia en porcentaxes iguais ou que non existen limitacións ao ensino do galego.

Por outra banda, xustifícanse estas afirmacións nos datos positivos expostos por múltiples estudos científicos.

No BNG reiteradamente demandamos ao goberno que fixese públicos os resultados da avaliación anual a que obriga, con carácter anual, a Disposición adicional quinta do mencionado decreto, despois de finalizar cada curso, co obxectivo de “desenvolver cantas disposicións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

plurilingüe e á plena aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias”.
Mais o PP nunca achegou ningunha avaliación de contraste.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Demandoulle o goberno do Estado á Xunta de Galiza colaboración para dar traslado de información relativa á aplicación do Decreto 79/2010 do plurilingüismo?
- Remitiulle a Xunta algunha avaliación propia dos resultados da aplicación deste decreto no ensino?
- A que estudos científicos e avaliacións se refire o Estado para xustificar a súa resposta cando a Xunta incumpriu de maneira sistemática a Disposición adicional quinta propio do Decreto do plurilingüismo que a obriga a realizar anualmente a avaliación da súa implantación?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 17/02/2021 16:55:01

Mercedes Queixas Zas na data 17/02/2021 16:55:04

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/02/2021 16:55:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral, Olalla Rodil Fernández e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á demanda dunha atención educativa que garanta o acceso ao sistema bilingüe -lingua oral e de signos- ao alumnado xordo ou con deficiencias educativas desde unha atención temperá.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas xordas fan un sobreesforzo por se integraren na sociedade e superaren a que é recoñecida como a discapacidade máis cruel polo feito de ser invisíbel.

No entanto, cando estamos a piques de cumprir un ano desde o comezo da pandemia por COVID-19, podemos concluír que a discapacidade auditiva é a gran prexudicada nesta pandemia ao someter as persoas xordas a situacións de marxinalidade que chegan a conculcar os seus dereitos de accesibilidade e comunicación, así como vulnerar os seus dereitos de acceso ao coñecemento a través da educación e aos coidados da saúde con máximas garantías.

A pandemia actual acrecentou unha situación de incomunicación xa existente en diferentes ámbitos da Administración galega, multiplicando as barreiras no ámbito social, educativo e sanitario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, en moitas ocasións, as medidas sanitarias preventivas, que tamén son molestas e limitadoras para calquera cidadán, no caso das persoas xordas teñen consecuencias moi superiores e maiormente anuladoras da capacidade de socialización.

Por exemplo, a obrigatoriedade do uso da máscara para as persoas xordas provocou un impacto moito maior xa que, para alén de anular a comunicación verbal a través fundamentalmente da lectura labial, mingua moi considerabelmente a tan importante capacidade comunicativa que ofrece a linguaxe facial, como apoio á lingua de signos, e impide socializar coa normalidade necesaria este colectivo.

A covid-19 tamén puxo o foco nun problema xa existente e que cómpre afrontar canto antes de forma integral.

A atención educativa do alumnado xordo ou con deficiencias auditivas non sempre recibe o debido coidado desde o goberno galego e, á limitación comunicativa actual que impoñen as máscaras, súmase a falta de apoio por parte de intérpretes en horario escolar completo para o alumnado que o precisa, nomeadamente en ensino posobrigatorio.

Nas últimas décadas, asistimos á auxe da tecnoloxía dos implantes cocleares co fin de resolver o problema da audición da infancia xorda. Sen embargo, investigacións actuais sobre o seu éxito apuntan a que non sempre se conseguen os resultados óptimos en todos os casos.

As conclusións apuntan que os implantados teñen un “retraso lingüístico” de aproximadamente tres anos a respecto dos seus homólogos normoóintes, presentando trazos atípicos en todos os niveis lingüísticos primarios (fonolóxico, morfolóxico e léxico-semántico), como tamén no pragmático (ou comunicativo).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes datos revelan que estamos ante casos de privación lingüística en moitas crianzas e adolescentes, xa que os implantes resolven o problema de recuperación da audición, mais non resolven completamente o proceso de adquisición dunha primeira lingua e ademais ten como consecuencias a incapacidade para a comunicación interpersoal en grupo e a propia alfabetización.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Ten realizado o goberno galego algunha avaliación das necesidades educativas do alumnado xordo ou con deficiencias auditivas?
- Que medidas ten implantado o goberno para garantir a mellora das condicións de aprendizaxe do alumnado xordo neste ano de pandemia por covid?
- Coñece o goberno a proposta de combinación de ensino bilingüe -lingua oral e lingua de signos- formulada pola Asociación de Nais e Pais de Nenos Xordos de Galicia?
- Que análise fai das súas propostas?
- Comprométese a aplicarlas no ensino galego á vista das análises e informes avalados por especialistas na investigación desta área didáctica? En que prazo?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/02/2021 19:09:45

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/02/2021 19:09:48

Daniel Castro García na data 17/02/2021 19:09:56

Olalla Rodil Fernández na data 17/02/2021 19:10:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre inmatriculacións da Igrexa católica .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Igrexa católica ben gozando desde 1946 dun privilexio franquista que lle permitiu inscribir miles de bens sen ter que acreditar a propiedade dos mesmos, xa que a Lei hipotecaria e o regulamento que a desenvolveu posibilitaron que os representantes eclesiásticos actuasen como fedatarios públicos.

Aínda que a citada norma non permitía inscribir templos dedicados ao culto, por ser considerados bens de dominio público, a realidade é que moitos destes bens foron inmatriculados (inscritos por primeira vez no Rexistro da Propiedade) a nome da Igrexa entre 1946 e 1998. No ano 1998 o goberno do PP ampliou o privilexio franquista mediante unha modificación da Lei hipotecaria que lle permitía á Igrexa inscribir tamén lugares de culto como igrexas, mosteiros, ermidas, capelas, catedrais, etc. Como consecuencia desta norma, entre 1998 e 2015 (ano en que se suprimir esta prerrogativa) foron inscritos case 35.000 bens a nome da Igrexa católica, dos cales unha parte poderían ser bens privados, outros de propiedade das administracións e outros de dominio público.

No ano 2017 foi aprobada unha proposición non de lei no Congreso na que se demandaba ao goberno do Estado a elaboración dun informe con todas as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inmatriculacións realizadas entre 1998 e 2015, así como “reclamar a titularidade do dominio se a devandita inmatriculación se fixo sen a necesaria existencia dun título material e previo”, isto é, sen que existise algún documento que demostrase a propiedade.

Por outra parte, no ano 2018 unha Comisión de Persoas Expertas creada para determinar a titularidade da Mezquita de Córdoba recomendou anular as inmatriculacións mediante un recurso ao Tribunal Constitucional.

Resulta tamén de interese salientar o litixio gañado pola veciñanza de San Xurxo de Sacos (Cerdedo-Cotobade) contra o arcebispado de Santiago, logo de que a Igrexa inmatriculase irregularmente a carballeira de San Xusto e o monte de Lixó. Neste asunto houbo ate tres sentenzas favorábeis á veciñanza: en 1991 a do xulgado nº 3 de Pontevedra; en 1992 da sección 2ª da Audiencia Provincial; e en 1996 o da sala do civil do Tribunal Supremo.

Malia que o goberno do Estado contaba desde agosto de 2018 coa listaxe das inmatriculacións realizadas desde 1998, tardou máis de dous anos e medio en facelas públicas. Unha vez que se veñen de dar a coñecer os 34.984 bens rexistrados, chaman a atención varios feitos en relación con Galiza:

- A alta porcentaxe de inmatriculacións rexistradas en Galiza, 7.131, que supoñen máis do 20 por cento do total.
- A menor proporción de edificios dedicados ao culto e edificacións anexas (2.747), fronte a diferentes propiedades urbanas e rústicas como solares, garaxes, pisos, carballeiras ou campos da festa (4.384).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A escasa información sobre moitos destes bens, sobre todo no caso de terreos rústicos, que aparece na listaxe que se fixo pública.

Tendo en conta os privilexios concedidos polo Estado á Igrexa católica desde 1946 para o primeiro rexistro sen a necesidade de acreditar a propiedade, considerando o elevado número de bens inscritos e a posibilidade de que se producisen inmatriculacións de bens de dominio público ou que poderían ter outros titulares, tanto o goberno central como a Xunta de Galiza deberían promover unha investigación ao respecto e dispoñer os medios para anular as inmatriculacións irregulares e restituir os bens aos seus lexítimos propietarios.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Que xestións realizou o Goberno galego diante do goberno do Estado en relación coas inmatriculacións realizadas pola Igrexa católica desde o ano 1998?

. Ten previsto o Goberno galego solicitar do goberno central unha investigación sobre as inmatriculacións levadas a cabo desde 1946 e sobre a viabilidade da anulación daquelas que se realizasen de maneira irregular?

. Unha vez coñecida a listaxe das inmatriculacións, que accións prevé levar a cabo o Goberno galego para a anulación da inmatriculación de bens de dominio público e doutros bens rexistrados irregularmente?

. Prevé a Xunta a creación dunha oficina de información e asesoramento das entidades que reclamen a titularidade de bens que puideron ser inscritos irregularmente?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 03 de febreiro de 2021

Asdo.: Luis Bará Torres

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 18/02/2021 10:24:39

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/02/2021 10:24:42

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 10:24:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o parque eólico de Alta Cabrera e a súa afección á comarca de Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses desde o BNG estamos a asistir con preocupación na proliferación de parques eólicos de grandes dimensións con afección a unha zona específica do oriente ourensán: a comarca de Valdeorras. Así, aos xa anunciados parques que está a tramitar o Ministerio de Transición Ecolóxica promovidos pola norueguesa Statkraft (PE Barjas e PE Prada), súmanse o xa aprobado en 2008 de Cernego (en Vilamartín de Valdeorras) e outros cinco do grupo Avintia Energía SL dos que tres (PE Xeada, PE Neboada e PE Orballeira) afectan de forma importantísima aos concellos de Vilamartín de Valdeorras e principalmente A Rúa (ademais de concellos limítrofes como Quiroga ou Ribas de Sil (en Lugo) mentres que outros dous (PE Ventumelo e PE Treboada) se sitúan nas comarcas limítrofes con Valdeorras de Terras de Caldelas e Terras de Trives e comparten tamén infraestruturas cos tres primeiros.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos alertado acerca da falta de planificación e vixilancia públicas no actual boom eólico, que se está a desenvolver sen garantías de participación social nin de protección de espazos naturais e patrimoniais singulares máis aló da (escasa) Rede Natura.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Agora, o día 16 de febreiro de 2021, o Boletín Oficial do Estado publica a tramitación e a entrada en exposición pública dun novo megaparque (PE da Alta Cabrera) promovido pola empresa Enel Green Power España que se situará entre as comarcas do Bierzo e de Valdeorras, afectando gravísimamente ao concello de Carballeda de Valdeorras e á serra de Trevinca, desde onde se planifica o acceso ao parque.

Este novo proxecto eólico tería 29 aeroxeneradores (dos que 14 se sitúan en Carballeda de Valdeorras) e unha torre meteorolóxica para unha potencia total de 144 Mw de potencia cunha liña de evacuación prevista até a SET Quereño (Rubiá).

Atopámonos deste xeito cunha situación de gravidade na que a comarca de Valdeorras se vai ver directamente afectada por até 7 instalacións eólicas que supoñen un total de 760,5 Mw ás que se sumarían outras tres de afección indirecta máis sumatoria para un territorio de 972,7 km² e só 25.500 habitantes.

Para poñer isto en contexto é importante destacar que a día de hoxe a potencia eólica instalada en toda Galiza é de 3.826 Mw, segundo datos da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, polo que a potencia que se prevé instalar en Valdeorras e contorna é o equivalente e a un 19,88% do total de potencia que hoxe hai funcionando no conxunto do país.

O BNG tense manifestado de forma favorábel ás enerxías renovábeis en múltiples ocasións, pero non pode permitirse unha situación de desorden desta envergadura ante o evidente abandono de funcións por parte da Xunta, que nega un debate arredor de cal debe ser o novo modelo enerxético galego para a descarbonización ao tempo que impulsa mudanzas legislativas para reducir garantías á sociedade e aos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concellos galegos e abrir a porta a grandes multinacionais sen retorno socioeconómico e sen unha mínima protección dos valores naturais e patrimoniais.

Así un desenvolvemento que a priori podía semellar positivo tórnase en destrutor cando se realiza de xeito aleatorio e disruptivo, sen planificación e sen consenso e sobre todo cando aproveita o despoboamento dunha zona determinada para facer o que case se pode considerar unha invasión do lugar afectado. Neste marco é perentorio que a Xunta de Galiza exerza unha función de ordenación do territorio que evite situacións de abuso como a que se pode producir na comarca de Valdeorras en caso de que se leven adiante todos estes proxectos.

Seguindo esta liña de acontecementos, o martes 16 de febreiro o Ministerio de Política Territorial e Función Pública fai no BOE o anuncio, a través da Área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno en Pontevedra polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Alto Cabrera, gde 144 MW, e a súa infraestrutura de conexión á rede de transporte, situado nos términos municipais de Benuza, Encinedo, Puente de Domingo Flórez e Castrocontigo (provincia de León) e Carballeda de Valdeorras y Rubiá (provincia de Ourense).

No que ten a ver coas afeccións, principiamos dicindo que o Parque Eólico ten prevista a súa situación sobre o Macizo de Pena Trevinca. A liña de evacuación discorre moi próxima ao límite do Monumento Natural das Médulas. O Parque Natural de Serra da Enciña da Lastra atópase a uns 3,5 km ao norte da liña de evacuación, mentres que a ZEPA Pena Trevinca (ES000437) se atopa aproximadamente a 1 km ao sur do emprazamento e os Montes Aquilanos (ES4130022) a uns 2 km ao norte da liña de evacuación.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O ZEC de Pena Trevinca está só a 950 metros ao sur do Parque e a AEIP de Pena Trevinca tamén uns 900 metros ao sur. Ao tempo, parte do ámbito se atopa incluído no Plan de Recuperación do sapoconcho europeo (*Emys orbicularis* L.) en Galiza aprobado polo decreto 70/2013 de 25 de abril.

A ZEPA Pena Trevinca está constituída por un macizo montañoso rodeado de vales de orixe glaciario do cuaternario e correspóndese cun dos mellores ecosistemas subalpinos do país, tendo ademais a cota máis alta de Galiza (2127 m) e alberga tamén o Teixadal de Casaio (Hábitat 9580* Bosques de *Taxus baccata*), de carácter relicto e único no país. As charcas e as lagoas que contén son tamén ecosistemas raros en Galiza.

Sen entrar máis pormenorizadamente nos abundantes impactos ambientais, patrimoniais, e naturais deste parque en concreto é fundamental sinalar e ter en conta os efectos acumulativos sobre o territorio do conxunto de parques de previsíbel instalación en Valdeorras; unha comarca que ten xa fortes impactos ambientais derivados das explotacións mineiras de lousa a ceo aberto que supoñen o principal motor industrial da comarca e un dos principais da provincia.

Resulta ademais evidente que este megaproxecto, xunto aos outros referidos, ten tamén un impacto xeral sobre os ecosistemas e o patrimonio polos movementos de terra para a súa construción, polo impacto das construcións e polo impacto sonoro e visual. Todo isto sen avaliar a cuestión da liña de alta tensión que percorrerá todo o territorio até a SET de Quereño e que se virá a sumar ás outras 3 liñas de evacuación previstas para os outros parques dos que vimos falando.

Finalmente, cómpre insistir en que o impulso a este megaproxecto, tal e como asegurabamos ao comezo, enmárcase nun contexto de abuso de poder por parte das grandes multinacionais eléctricas fronte ás persoas propietarias, comunidades de montes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e outras entidades, reducindo a capacidade de negociación. Así mesmo, este tipo de proxectos carecen de planificación algunha para impulsar a participación pública dos beneficios do sector nin para levar incorporados plans de desenvolvemento económico e industrial adecuados.

A realidade é que hoxe en día, malia a propaganda que acompaña este novo boom, o retorno en termos económicos da produción de enerxía eólica é moi reducido. Na actualidade, os propietarios reciben de media entre o 1,1 e o 2,4% do total da facturación dos parques. Con respecto aos concellos galegos, a parte que fica no territorio da facturación é de aproximadamente o 5% e no contexto actual cómpre ter en conta que o contexto da covid-19 está a ser aproveitado pola Xunta de Galiza para coartar aos concellos a rebaixas impositivas para a atracción de proxectos industriais, que van afectar a este ámbito, reducindo o retorno aínda máis. Mesmo atendendo aos datos que facilita a patronal, se o impacto no PIB é de máis de 580M€, só a reducida cantidade de 11M€ (1,89%) son percibidos polos propietarios dos terreos (datos de 2019, de acordo coa Asociación Eólica de Galicia (EGA)).

O noso país padece a falta de planificación consensuada dun novo plan eólico e ao mesmo tempo, dun goberno serio que impida de xeito claro a fragmentación de proxectos e garanta a axeitada planificación e control ambiental e patrimonial dos mesmos.

Por estes motivos fórmase a seguinte interpelación:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza deste novo proxecto eólico chamado PE Alta Cabrera e da súa afectación a Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera a Xunta de Galiza preciso establecer unha moratoria deste e dos outros proxectos con afectación á comarca de Valdeorras até facer un estudo de conxunto dos seus efectos e unha planificación das necesidades do territorio=

. Vai impulsar actuacións de asesoramento aos concellos e entidades sociais e veciñais afectadas?

. Considera a Xunta de Galiza que este proxecto industrial ten factores negativos para a paisaxe, o patrimonio e o desenvolvemento da comarca de Valdeorras?

. Que valoración lle merece á Xunta a afectación a diversas categorías de protección medioambiental?

. Que valoración lle merece á Xunta a afectación á flora e á fauna?

. Que valoración lle merece á Xunta a contestación social destes proxectos?

. Considera a Xunta que espazos singulares como Pena Trevinca ou a Serra do Eixo teñen que ter unha maior protección para evitar a instalación deste e outros proxectos en zonas de especial valor?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 12:15:59

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/02/2021 12:16:04

Noa Presas Bergantiños na data 18/02/2021 12:16:15

María González Albert na data 18/02/2021 12:16:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O porto da Coruña está inmerso nunha regresión económica continuada sen precedentes durante a última década.

Algúns dos factores que explican o desolador balance son: a acusada diminución de tráfico sen excepción, o abandono do importante tráfico de contedores, dependencia das descargas de petróleo e carbón, así como a aposta polo tráfico de cruceiros xunto á ausencia de diversificación e captación de novos mercados (como si fixeron portos próximos como Vigo, Ferrol ou Leixoes).

Razóns que constatan a redución da participación do porto da Coruña no conxunto dos portos do Estado; mentres que os tráfico portuarios coruñeses decrecen nun -11,5%, en España aumentan nun +20,7%.

Unha situación que denota a falta de capacidade de atracción para un porto que está en condicións de continuar a ser un importante motor económico para a cidade e comarca se atende a unha xestión diferente que atenda as necesidades





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actuais e de futuro, corrixindo os erros do plan de actuación que o trouxeron até aquí.

O porto da Coruña, como porto de interese do Estado, require un plan estratéxico que contribúa a se recuperar como un emprazamento óptimo para acoller unha ampla diversidade de escalas e tráfico comercial nacional e internacional.

Neste sentido, urxe recuperar o índice de conectividade do porto da Coruña con outros recintos para dinamizar os tráfico, nomeadamente o emerxente de contedores, captar novos fluxos de mercadorías, ser base de operacións e facilitar a súa dimensión internacional.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Ten prevista a Xunta de Galiza unha estratexia para a dinamización económica e comercial dos portos galegos?
- É coñecedor o goberno da Xunta de Galiza do desolador balance que presenta a xestión do porto da Coruña na última década?
- Que medidas ten activado neste tempo, desde a súa representación no Consello de administración da Autoridade Portuaria da Coruña, para reverter esa situación tan negativa para a vitalidade económica da cidade da Coruña e da comarca?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Comprométese a Xunta a demandar un plan de impulso do porto da Coruña de forma urxente que aposte na súa diversificación para reforzar o atractivo sobre os mercados emerxentes e captar novos mercados?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Rosana Pérez Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 18/02/2021 12:50:41

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 12:50:45

Rosana Pérez Fernández na data 18/02/2021 12:50:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Rosana Pérez Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as actuacións a realizar debido á mortalidade de moluscos e perda de ingresos no sector marisqueiro da ría de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pasada semana varios areais do fondo da ría de Vigo víronse gravemente afectadas polas intensas choivas que caeron sobre todo no litoral galego. Zonas como Arcade, Cesantes, Redondela ou Vilaboa Carril, Vilagarcía, quedaron considerabelmente danadas polos sucesivos temporais.

Todas as confrarías concernidas coinciden en subliñar que os grandes aportes de auga doce recibidos provocaron unha baixada importante da salinidade da auga do mar e sinálase directamente como contribución a esa baixa salinidade o exceso de auga doce procedente tanto do encoro de Eiras, unha apresa que abre as comportas sen ningún tipo de comunicación ás confrarías afectadas.

No caso dos areais de Arcade, a mortalidade é superior ao 90% en boa parte dos bancos marisqueiros. Unha mortalidade que se conta por toneladas e, dende logo, supera con creces ao que incluso nun principio se estimaba.

Aquí, a mortalidade dos últimos días veu agudizar unha situación xa crítica do sector, que pola situación de peche dos mercados prioritarios de destino sufriu de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

maneira especialmente intensa o impacto económico da pandemia, unha situación que afectou á todas as artes tanto de a pé como de a flote.

A perda constante de recurso está a derivar nunha verdadeira situación de angustia para as e os profesionais do mar e neste contexto faise necesaria unha avaliación, un seguimento, unha análise das consecuencias da perda de recurso para o sector nas diferentes rías e unha toma de decisións áxiles que impidan que esta nova crise siga a ter repercusión nos ingresos dos mariscadores e mariscadoras.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Que protocolo segue a Xunta de Galiza para realizar unha avaliación e un seguimento preciso da mortalidade de marisco nas rías galegas?

. Que medidas concretas adoptou e vai a adoptar para enfrontar a situación da mortalidade de moluscos derivada do exceso de auga doce e a baixa salinidade na ría após os últimos temporais? E cales diante da previsíbel caída de ingresos do sector nesas rías?

. Que medidas de recuperación do recurso e de amparo ás traballadoras e traballadores vai poñer en marcha?

. Que actuacións emprendeu ou vai emprender para evitar o exceso de aporte de auga doce procedente do encoro de Eiras?

. Ten o Goberno galego algunha estratexia concreta para a recuperación da poboación de moluscos nas rías galegas?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: Manuel Lourenzo Sobral

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/02/2021 13:16:17

Alexandra Fernández Gómez na data 18/02/2021 13:16:22

María do Carme González Iglesias na data 18/02/2021 13:16:29

Rosana Pérez Fernández na data 18/02/2021 13:16:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonzo, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a opinión da Xunta de Galiza respecto da proliferación de parques eólicos de ámbito estatal en Galiza e a súa colisión co Plan eólico galego vixente e coa soberanía galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza asiste por primeira vez ao intento por parte de grandes empresas de promover parques eólicos de máis de 50MW, que dependen do Estado. Isto acontece nun momento no que Galiza experimenta un boom eólico desenvolvido sen unha adecuada planificación e vixilancia pública, baixo unha arquitectura legal obsoleta e sen garantías para a participación social e a salvagarda do patrimonio natural como demostra a problemática social existente ao longo de todo o país.

Isto acontece cun evidente abandono de funcións por parte da Xunta de Galiza, que nega un debate arredor de cal debe ser o novo modelo enerxético galego para a descarbonización ao tempo que impulsa mudanzas lexislativas para reducir garantías á sociedade e aos concellos galegos e abrir a porta a grandes multinacionais sen garantir unha folia de ruta para asegurar o retorno socioeconómico.

Despois dunha década de parálise, asistimos a unha expansión sen precedentes. Desde a entrada de Núñez Feijoo no ano 2009 ata o ano 2018 non se instalaran en Galiza nin 300MW. No 2019, nun só ano, puxéronse en marcha 19 parques e 400MW





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

instalados máis, un número maior aos instalados na década anterior. Este desenvolvemento, que podería parecer positivo, estase a dar de forma abrupta, sen planificación e sen consenso coa sociedade dos lugares afectados, e en moitos casos a través dunha fraudulenta fragmentación dos proxectos en proxectos máis pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto. Ademais, isto faise por parte do goberno galego sen unha mínima protección dos valores naturais, como demostra que haxa máis de 35 parques en tramitación dentro da Rede Natura. Recentes sentenzas xudiciais como a de Sasdónigas ou da Serra do Iribio dan conta desta situación sinalan tamén o papel da administración galega á hora de rebaixar garantías ambientais e desprotexer espazos singulares.

Ademais, Galiza asiste por primeira vez ao intento por parte de grandes empresas de promover parques eólicos de máis de 50MW, que dependen do Estado e segundo o recollido na lei do sector eléctrico do ano 2013 realizan a súa tramitación ante o Ministerio responsábel de enerxía, neste caso o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Ás fondas discrepancias que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten coa política enerxética do Partido Popular engádese a fonda preocupación pola falta de opinión, valoración e actuación diante dun acontecemento, a implantación de parques de xestión estatal, que se está a desenvolver vulnerando a precaria e cativa planificación da propia Xunta de Galiza. Se ben é certo que a isto contribúe o propio goberno galego. Dunha banda, ao ser incumpridor das súas propias normas. Doutra banda, ao ser o responsábel da non actualización e consenso dun novo plan sectorial eólico.

Este é un asunto que debe abordarse freando e corrixindo a política produtivista e sen planificación da Xunta de Galiza e facendo valer o autogoberno para demandar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tamén un marco que respecte a capacidade de Galiza de decidir respecto das súas necesidades e prioridades enerxéticas.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Galiza asiste por primeira vez ao intento por parte de grandes empresas de promover parques eólicos de máis de 50MW, que dependen do Estado

. Que valoración fai a Xunta de Galiza dos macroproxectos eólicos proxectados para Galiza?

. Que valoración fai de que dependan de tramitación ministerial?

. Está facendo seguimento destes proxectos?

. Considera a Xunta de Galiza que é necesaria unha nova ordenación eólica para Galiza?

. Considérase a Xunta de Galiza responsábel da alarma social existente no noso país respecto de novos proxectos incompatíbeis coas necesidades económicas, sociais e medioambientais do noso país?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 18/02/2021 13:42:16

Daniel Pérez López na data 18/02/2021 13:42:19

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/02/2021 13:42:32

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 13:42:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonzo, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á información, evolución e previsións da débeda de Galiza e da débeda no conxunto do Estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de febreiro coñeciamos os últimos datos de avance dispoñíbeis polo Banco de España respecto do saldo da débeda das Administracións públicas segundo o Protocolo de Déficit Excesivo. En síntese, acadou os 1.311 mm de euros en decembro de 2020, cunha taxa de crecemento interanual do 10,3%. Segundo avanza o Banco de España, empregando o PIB nominal do ano 2020, a ratio débeda/PIB sitúase no 117,1% no último trimestre de 2020.

Respecto da evolución a nivel das administracións autonómicas, avánzase que a débeda das Comunidades Autónomas medrou até os 303 mm de euros no último mes de 2020, o que representa un aumento interanual do 2,8% nun ano marcado, como é evidente, pola irrupción da pandemia da covid-19.

Respecto do último dato dispoñíbel concreto e definitivo sobre a débeda galega, do terceiro trimestre de 2020, sitúa a débeda pública de Galiza en 11.325 millóns de euros, cifra próxima ao máximo histórico trimestral acadado cos 11.750 millóns de euros rexistrados en marzo de 2018.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se ben é certo que vivimos un contexto económico no que o endebedamento é unha evidente necesidade, non é menos a preocupación en termos globais do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego respecto da evolución da débeda en Galiza durante os mandatos de Núñez Feijóo e os seus resultados. É polo tanto unha cuestión respecto da que o Parlamento Galego debe facer seguimento e análise.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Como valora a Xunta de Galiza os últimos datos de avance dispoñíbeis polo Banco de España respecto do saldo da débeda das Administracións públicas segundo o Protocolo de Déficit Excesivo?

. Como valora o Goberno galego os últimos datos de débeda do noso país segundo os datos do Banco de España?

. Considera que se axusta as previsións de axuste de débeda indicadas nos últimos anos? E ás previstas dos orzamentos de 2021?

. Cal prevé o Goberno galego que sexa o impacto da crise do coronavirus na débeda galega?

. Está disposto o Goberno galego a garantir información detallada sobre a débeda pública galega, tal como os cadros de amortizacións, listaxe de entidades coas que está contraída a débeda, os xuros pagados en cada emisións, etc?

. Cales son os cadros de amortización da débeda pública galega?

. Cales son os tipos de xuro aos que se emite a débeda galega?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cales son as entidades coas que está contraída a débeda pública galega?

. Está disposto o Goberno galego a garantir un debate político profundo sobre cal debe ser a orientación da débeda galega nos próximos anos tendo en conta o impacto e as necesidades da crise covid?

. Que influencia ten na débeda galega un sistema de financiamento inxusto acordado polo Partido Popular e polo propio Núñez Feijoo?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 18/02/2021 15:46:41

Daniel Pérez López na data 18/02/2021 15:46:56

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/02/2021 15:47:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 12 de febreiro deuse a coñecer a sentenza da Audiencia Provincial da Coruña en relación co recurso presentado pola familia Franco a respecto da sentenza do xulgado de primeira instancia sobre o Pazo de Meirás.

Na xustificación da sentenza hai referencias preocupantes sobre os feitos históricos e sobre o relato do espolio do Pazo de Meirás que non son admisíbeis desde un punto de vista democrático. Mais do que consideracións xurídicas, aparecen numerosos xuízos de valor, opinións e expresións que non son admisíbeis cando se están a xulgar feitos de extrema gravidade e que afectan a persoas que foron vítimas de abusos, espolio, vexacións e aldraxes de todo tipo.

Referencias como as que fai a sentenza á doazón do Pazo, aos métodos para a súa adquisición, e á apropiación doutras propiedades na contorna son contrarias á unha verdade histórica acreditada por numerosas probas e intentan modificar o relato dos feitos dando por boa a versión falsa do franquismo.

Por outra parte, resulta paradoxal que a sentenza non establece a mala fe posesoria no caso de Francisco Franco e a Carmen Polo, a pesar de constatar a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

compravenda fraudulenta de 1941 e todo un *modus operandi* para apropiarse dun ben que a todos os efectos funcionou como residencia do autoproclamado Xefe do estado.

Todas estas consideracións son de extrema gravidade e poden ter implicacións nun hipotético recurso de casación por parte da familia Franco.

No inmediato, o aspecto máis grave da sentenza ten que ver coa “boa fe posesoria” dos herdeiros e demandantes, o que ten importantes implicacións a respecto da indemnización a que tería dereito a familia Franco tanto polos gastos necesarios como polos gastos útiles.

E o que resulta aínda moito máis difícil de explicar e semella unha clara mostra de parcialidade é que se presuma esa boa fe posesoria desde 1975, cando o Estado seguiu prestando servizos até 1990 e os demandantes teñen a condición de herdeiros e a condición de “posuidores” desde o ano 2018.

Por parte da avogacía do Estado fíxose unha valoración positiva do fallo e anunciouse a intención de non presentar recurso. A mesma valoración fixo a Xunta de Galiza por medio do conselleiro de Cultura, que nunhas declaracións públicas valorou positivamente a sentenza e asumiu a indemnización aos Franco.

Desde o BNG entendemos que estas posturas son indamisíbeis por varias razóns:

- Pola importancia de defender o relato histórico e non dar por boas as valoracións do fallo xudicial.
- Porque non se pode admitir que a sentenza estableza a boa fe posesoria dos herdeiros desde 1975, ao tempo que non establece a mala fe posesoria de Franco e a súa dona desde os inicios e máis alá de 1975, cando menos até 1988.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, entendemos que o goberno galego debe ser consecuente cos acordos do parlamento galego de 2017 e 2018, no sentido de que a reclamación e a devolución do Pazo debería facerse sen custos para o erario público, que xa pagou abondo o espolio e o goce deste ben por parte do Ditador e a súa familia.

Se se pretendese de verdade unha acción de xustiza e reparación, o lóxico sería promover unha investigación exhaustiva sobre todos os bens espoliados e adquiridos de maneira irregular e de mala fe polo clan Franco, e polo tanto sobre o enriquecemento logrado pola posesión e venda de bens adquiridos polo Estado. Trataríase en consecuencia, en boa lóxica democrática, de que rendan contas e paguen polo que foi claramente obxecto de apropiacións indebidas e non do mundo ao revés de que sexan indemnizados e beneficiados.

Por todo isto formúlase as seguinte interpelación:

1. Que valoración fai o goberno galego da sentenza da Audiencia Provincial sobre o Pazo de Meirás?
2. Comparte o goberno galego as valoracións e as implicacións da sentenza?
3. Considera xusto que haxa que indemnizar aos Franco por bens que foron adquiridos ilegalmente?
4. Ten previsto o goberno galego presentar recurso diante do Tribunal Supremo?
5. Ten previsto o goberno galego iniciar unha investigación sobre os bens adquiridos de maneira irregular ou ilícita polos Franco en Galiza, sobre o lucro obtido





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da súa posesión ou venda, e sobre as vías para lograr a restitución e o resarcimento polo dano ocasionado?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Mercedes Queixas Zas

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/02/2021 16:24:52

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 16:24:56

Mercedes Queixas Zas na data 18/02/2021 16:25:05



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

O traballo de historiadores e investigadores do noso país fixo que saíra a luz un dos capítulos máis negros da nosa historia, a Guerra Civil e a Postguerra, pero coma sempre, na maioría destes casos, os feitos e as vítimas teñen color masculino, quedando na sombra as mulleres.

Os crimes do franquismo non fixeron distinción de xénero, e no noso país miles de mulleres foron represaliadas, perseguidas, escravizadas, violadas, ou asasinadas, por unha dobre condición: ser muller e ter unha ideoloxía diferente.

Durante o goberno Bipartito a Xunta de Galicia, tiña un compromiso coa recuperación da memoria, que traducíuse en investimentos e iniciativas políticas que abarcaban por exemplo a creación do **Consello da Memoria**, con representación de asociacións, personalidades superviventes coma Isaac Díaz Pardo e Avelino Pousa Antelo, familiares das vítimas, historiadores e investigadores sobre la represión;

Fixéronse convocatorias públicas de axudas en 2006, 2007 y 2008 para la realización por parte de asociacións e particulares de actividades de investigación, homenaxes, audiovisuais.....

Declarouse o ano 2006 como Ano da Memoria e promovéronse iniciativas dende a Consellería de Cultura para mostrar por primeira vez un pasado escurecido, favorecendo o seu coñecemento e o recoñecemento ás vítimas no espazo público. Se permitiu naturalizar, e expresar, o que sempre fora silenciado.

Neste ano tamén cofinanciouse un libro editado pola revista feminista Andaina, que levaba por título “A memoria esquecida: peladas, presas, paseadas” dedicado ás mulleres revolucionarias que morreron no anonimato, no que se recollían testemuñas de moitas mulleres represaliadas.



O cambio de Goberno, no ano 2009 puxo fin a todo isto, agochando nun caixón todos estes proxectos, e a Xunta do PP non volveu a investir en proxectos relacionados coa recuperación da memoria.

Dende o PSdeG, presentamos unha emenda ao orzamento 2021 na que pedíamos unha partida 1.000.000 € para Memoria histórica co fin de contribuír a promover e divulgar investigacións e estudos que contribúan a facer posible as demandas de recoñecemento das vítimas do franquismo, e dentro disto coma non podería ser doutra forma aos crimes de xénero, por entender que é un deber de conciencia e responsabilidade.

A recuperación da historia con perspectiva de xénero e fundamental xa que visibiliza e reivindica como suxeitos políticos ás mulleres, co fin de facer xustiza con elas pero tamén para que as nenas do futuro poidan ter coma referentes todas aquelas mulleres .

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte Interpelación:

Vai o Goberno da Xunta a impulsar un Proxecto de Recuperación da Memoria Democrática das mulleres galegas, co fin de visibilizalas e recoñecer a represión que sufriron e o papel vertebrador que tiveron na loita pola democracia e a autonomía galega?

Pazo do Parlamento, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 18/02/2021 17:20:52

Pablo Arangüena Fernández na data 18/02/2021 17:21:02



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

As reformas do Regulamento hipotecario e da Lei hipotecaria (concretamente do seu artigo 206) levadas a cabo polos gobernos do PP no Estado desde o primeiro Goberno Aznar posibilitaron o acceso ao rexistro da propiedade de calquera tipo de bens inmuebles, así como a calquera dereito real sobre eles, situación que foi aproveitada pola Igrexa Católica para inmatricular multitude de bens ao seu nome, tendo en conta que ata ese momento, os templos dedicados ao culto católico quedaban fóra do rexistro, posto que eran considerados bens de dominio público, que non se poden adquirir pola súa simple posesión, sendo necesario entón un título previo xustificativo da propiedade ou do dereito real.

En lexislaturas pasadas o PSdeG xa formulou, sen que fose apoiada polo PP, unha iniciativa dirixida a coñecer os efectos que tivo en Galicia a dita reforma a través dun estudo da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado que enumerase os bens inmatriculados a favor da Igrexa Católica desde 1998, como se fixo noutros lugares de España.

Nestes días, o Goberno está facendo pública a relación dos bens que se inmatricularon aproveitando a vía aberta pola modificación da normativa hipotecaria do Goberno Aznar.

Segundo os datos do Goberno, o número de inmuebles inmatriculados pola Igrexa é de aproximadamente 35.000, dos cales 7.131, é dicir, un de cada cinco, corresponden a Galicia, o cal dá idea da importancia desta situación na nosa comunidade. Dentro deses 7.131, hai 2.747 templos, e o resto está integrado por todo tipo de bens inmuebles. A relación completa deses bens vén de ser remitida ó Congreso, o cal abrirá o prazo para reclamar legalmente por parte de quen estea en desacordo coa declaración de titularidade en favor da Igrexa, como pode ser o caso de particulares ou concellos, entre outros.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:



1ª) Considera o Goberno galego que debe establecer mecanismos para facilitar que os posibles titulares de bens inmatriculados pola Igrexa Católica ao abeiro da reforma da normativa hipotecaria impulsada polo Goberno Aznar poidan reclamar os seus eventuais dereitos dada a dimensión deste asunto en Galicia?

2ª) Ten o Goberno galego información ou estudos sobre as características e a radicación dos bens incluídos na listaxe de 7.131 que vén de facer público o Goberno?

Pazo do Parlamento, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández
Paloma Castro Rey
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 18/02/2021 15:44:01

Paloma Castro Rey na data 18/02/2021 15:44:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa á crise económica e social que asola á comarca de Ferrol.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén determinada polo remate do período de consultas do ERE de Siemens-Gamesa sen alternativas para manter o emprego, así como polas declaracións da directora de Navantia anunciando que non se vai construír o comprometido en Navantia Ría de Ferrol e que constatan as peores previsións para o futuro da comarca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación actual da ría de Ferrol é de colapso absoluto, con unha produción de escasamente un 10% da que existía hai tan só dez anos, e expulsando do sector pouco a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pouco mais ininterrompidamente, ás persoas que até o de agora viñan traballando e vivindo del.

Mais todas as iniciativas e acordos parlamentarios instando á Xunta de Galiza a tomar a iniciativa para a súa rexeneración son desatendidas ou contestadas con boas palabras e ratificándose na estratexia de parcheo que nos colocou na actual situación.

O anunciado peche da central térmica das Pontes despois de esgotar os recursos mineiros da localidade e de transformar radicalmente o territorio supón un repto económico e social de enormes dimensións para a comarca de Ferrol.

Neste sentido, preocupa que o único plan coñecido até o de agora para salvar a crise que este peche vai provocar, sexa o que Endesa ven de facer público, condicionado á obtención de fondos europeos así como á instalación de parques eólicos.

A situación de Siemens Gamesa, no momento de presentación de esta iniciativa, tampouco pode ser peor, xa que o período de negociacións consúmese sen alternativas ao peche.

En canto á situación de Navantia Ría de Ferrol, auténtico motor económico da comarca, é tamén desesperada. Máis de 2000 postos de traballo desaparecidos nos últimos meses, mentres a dirección de Navantia anuncia a renuncia á construción do dique cuberto para novas construcións, ou traballa na modificación dos termos da alianza coa empresa privada Windar para abandonar ao seu favor a actividade eólica mariña.

Por todo isto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten pensado a Xunta de Galiza chamar ao goberno de España a participar nunha mesa onde acordar actuacións para solucionar os graves problemas da comarca de Ferrol?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 18/02/2021 16:36:11

Xosé Luis Rivas Cruz na data 18/02/2021 16:36:22

Mercedes Queixas Zas na data 18/02/2021 16:36:28

Rosana Pérez Fernández na data 18/02/2021 16:36:35

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/02/2021 16:36:43

Daniel Pérez López na data 18/02/2021 16:36:52

Olalla Rodil Fernández na data 18/02/2021 16:37:12

Daniel Castro García na data 18/02/2021 16:37:20

María del Carmen Aira Díaz na data 18/02/2021 16:37:27

Noa Presas Bergantiños na data 18/02/2021 16:37:32

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/02/2021 16:37:39

María González Albert na data 18/02/2021 16:37:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 16:37:52

María Montserrat Prado Cores na data 18/02/2021 16:38:00

Alexandra Fernández Gómez na data 18/02/2021 16:38:05

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/02/2021 16:38:11

María do Carme González Iglesias na data 18/02/2021 16:38:17

Paulo Ríos Santomé na data 18/02/2021 16:38:22

Iria Carreira Pazos na data 18/02/2021 16:40:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno trámite de urxencia**, relativa á crise industrial que asola Galiza

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola preocupación social xerada diante da situación xerada polo remate do ERE de SIEMENS-GAMESA sen alternativas para manter o emprego, o anuncio de que non se vai construír o dique en NAVANTIA, a solicitude de liquidación de PILI CARRERA, as crises de XEAL, ALUIBERICA, ALCOA, BARRERAS, etc.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os datos económicos de Galiza en canto PIB, PIB *per cápita*, e poboación activa, amosan unhas tendencias preocupantes xa con anterioridade ao inicio da pandemia.

Ten especial relevancia o devalo industrial, tamén anterior e independente dos efectos da pandemia, que durante o pasado ano 2020 e principios deste 2012 suma unha serie de novas crises en sectores e empresas estratéxicas, como ENDESA As Pontes, NATURGY Sabón, NAVANTIA Ferrol, ALCOA San Cibrao, SIEMENS GAMESA As Somozas, GALICIA TEXTIL Neda, PILI CARRERA Vigo, BARRERAS Vigo, XEAL Cee, ALUIBERICA A Coruña...

Sectores, como indicamos, estratéxicos, de gran tradición e importante implantación no noso país: enerxético, naval, téxtil, e siderúrxico.

Estas crises poden verse agravadas polos efectos da pandemia na mobilidade, no comercio, e no consumo en xeral polos efectos da falta de confianza na situación económica. O que nos vai afastar aínda máis dos obxectivos da Comisión europea en canto á promoción dunha economía industrializada e con alto compoñente tecnolóxico.

Salienta negativamente, para acadar os obxectivos mencionados, e escaso esforzo da Xunta de Galiza en canto a I+D+i, que con un 0,94% do PIB está moi lonxe da media do Estado Español (1,24%) ou da Unión Europea (2,12%).

De igual xeito que a falta de iniciativa da Xunta de Galiza, absolutamente ao servizo das estratexias electorais do Partido Popular, está a ser o común denominador de todas estas crises, nas que chama a atención que o goberno galego careza de propostas e compromisos orzamentarios que poidan en algunha medida axudar a reverter as problemáticas xerais ou particulares que vimos de expoñer.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Cal é a estratexia a curto-medio prazo da Xunta de Galiza para solucionar esta grave crise industrial que vive Galiza?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 18/02/2021 17:31:47

Xosé Luis Rivas Cruz na data 18/02/2021 17:31:55

Mercedes Queixas Zas na data 18/02/2021 17:32:04

Rosana Pérez Fernández na data 18/02/2021 17:32:14

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/02/2021 17:32:22

Daniel Pérez López na data 18/02/2021 17:32:37

Iria Carreira Pazos na data 18/02/2021 17:32:52

Paulo Ríos Santomé na data 18/02/2021 17:33:04

María do Carme González Iglesias na data 18/02/2021 17:33:10

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/02/2021 17:33:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 18/02/2021 17:33:23

María Montserrat Prado Cores na data 18/02/2021 17:33:30

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 17:33:38

María González Albert na data 18/02/2021 17:33:46

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/02/2021 17:33:53

Noa Presas Bergantiños na data 18/02/2021 17:34:02

María del Carmen Aira Díaz na data 18/02/2021 17:34:10

Daniel Castro García na data 18/02/2021 17:34:20

Olalla Rodil Fernández na data 18/02/2021 17:34:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa aos retrasos no aboamento de subvencións concedidas no marco de Programas do Plan de reactivación económica.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione diante da falta de liquidez de autónomos, pemes e microempresas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia está a afectar dunha maneira dramática á maior parte dos sectores económicos da nosa sociedade, especialmente a pemes, microempresas e autónomos, que segundo a súa actividade, vense na obriga de adaptar os seus negocios ou establecementos á nova situación para poder seguir traballando





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nese sentido, a Xunta de Galiza articulou diferentes liñas de apoio, e entre elas, a destinada a proxectos de dixitalización.

A Resolución de 15 de xuño de 2020 (DOG n.º 119 de 18 xuño 2020), aproba as bases reguladoras das axudas a proxectos de dixitalización para facer fronte á situación provocada pola COVID-19 (programa Cheques Dixitalización COVID19), dirixidas a dar apoio financeiro a pemes para eses proxectos a través do IGAPE, subvencionando ata o 80% do gasto efectuado.

Nesas mesmas bases, en canto ás condicións de aboamento, establécese que sexa aboará anticipadamente o 50% do importe da axuda, unha vez concedida esta; e nas bases fálase de “flexibilidade” e da “excepcionalidade”. Entendemos que todo isto ten o seu motivo e xustificación na necesidade de que esas axudas cheguen o máis rápido posible aos seus potenciais destinatarios, que por outra parte, no mes de xuño xa sufrían dunha falta de liquidez abafante.

Pero na práctica atopámonos con que son moitos os solicitantes desta axudas que viron como, despois de adiantar o custe do proxecto, e atoparse nunha situación dramática pola falta de liquidez, teñen que esperar ata tres meses ou máis para que dende o IGAPE resolvan a concesión da axuda. Cando nas propias bases se explícita que o prazo máximo para resolver e notificar esa resolución será de 30 días hábiles dende a data da presentación.

E en moitos casos, independentemente do momento no que se houberan presentado as solicitudes, o abono anticipado do 50% do importe da axuda (que debía ser aboado coa resolución favorable), non se produciu ata finais do mes de decembro.

E incluso temos coñecemento de casos nos que, séndolle notificada a concesión da axuda en novembro, sen mediar despois ningún outro requirimento por parte do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

IGAPE, a día de hoxe non se procedeu a aboar anticipadamente nin sequera o 50% do importe da axuda. Ou que noutros casos, dous meses despois da fin do prazo de xustificación (15 de decembro), aínda se solicitou polo IGAPE documentación adicional.

E aínda nestas datas, rematando o mes de febreiro, o IGAPE non procedeu a aboar o 50% restante do importe das axudas con resolución favorábel presentadas dende xullo a decembro de 2020.

Circunstancias todas estas que retrasan en exceso, e de forma aparentemente inxustificada, o percibo das axudas por parte dos destinatarios, que xa adiantaron fai meses os gastos dos proxectos acometidos e susceptibles de subvención. O cal nestes momentos reviste unha especial gravidade, dado que un dos maiores problemas que teñen as pemes, microemepresas e autónomos do noso país é, precisamente, a falta de liquidez.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Considera o Goberno galego que as axudas articuladas no marco dos Programas do plan de reactivación están chegando aos seus destinatarios coa axilidade que deben e nos prazos establecidos nas súas bases?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 19/02/2021 10:59:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/02/2021 10:59:42

Mercedes Queixas Zas na data 19/02/2021 10:59:49

Rosana Pérez Fernández na data 19/02/2021 10:59:57

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/02/2021 11:00:07

Daniel Pérez López na data 19/02/2021 11:00:16

Iria Carreira Pazos na data 19/02/2021 11:00:27

Olalla Rodil Fernández na data 19/02/2021 11:00:37

Daniel Castro García na data 19/02/2021 11:00:46

María del Carmen Aira Díaz na data 19/02/2021 11:00:55

Noa Presas Bergantiños na data 19/02/2021 11:01:03

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/02/2021 11:01:11

María González Albert na data 19/02/2021 11:01:20

Xosé Luis Bará Torres na data 19/02/2021 11:01:27

María Montserrat Prado Cores na data 19/02/2021 11:01:37

Alexandra Fernández Gómez na data 19/02/2021 11:01:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/02/2021 11:02:00

María do Carme González Iglesias na data 19/02/2021 11:02:08

Paulo Ríos Santomé na data 19/02/2021 11:02:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Iria Carreira Pazos e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da comunidade educativa do IES Lamas de Abade de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa do IES Lamas de Abade 1 está a ser un dos primeiros centros en sufrir as consecuencias dos ataques ao ensino público que o Partido Popular está a levar adiante baixo o subterfuxio da ampliación da rede de Centros Integrados de Formación Profesional.

Hai xa varias semanas que este Parlamento aprobou (cos únicos votos do Partido Popular) a proposición non de lei tramitada con carácter urxente polo grupo que sostén o goberno para ampliar a rede de centros integrados de Formación Profesional. Foi nese debate onde o BNG sinalou que o modelo de CIFP imposto en Galiza estaba a ocasionar importantes problemas a profesorado e alumnado e que sen estar en contra da ampliación da Formación Profesional en Galiza non podía apoiar unha iniciativa na que baixo o subterfuxio da ampliación da FP se desmantelasen IES.

Pouco tempo foi necesario para demostrar que as denuncias que o BNG fixera na comisión 4 do Parlamento se convertesen nunha realidade. Unha realidade que está a sufrir en todas as súas dimensións a comunidade educativa do IES Lamas de Abade 1.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E por iso que a propia comunidade deste instituto elaborou un comunicado no que denuncian esta situación e que queremos reproducir de xeito literal nesta iniciativa.

O comunicado establece os seguintes puntos:

1º Consideramos que a proposta de fortalecer a oferta, medios e dotacións do ensino público, para que a Formación Profesional sexa unha verdadeira plataforma para acceder ao mercado laboral da nosa mocidade ven a responder a unha demanda social e económica.

Para que se poida desenvolver unha oferta formativa de calidade é necesario contar con espazos e profesionais, e iso non se fai dun día para outro, necesítase de planificación e vontade para acadar o éxito.

Sen embargo dende a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, enténdese esta “modernización da FP” como unha ocasión máis para desmontar o ensino público, concretamente de secundaria, e volve a ser outra agresión aos servizos da poboación do rural.

2. Non parece axeitado suprimir un centro de ensino secundario, na zona da cidade con maior crecemento poboacional nos últimos anos, e onde se incrementará de forma significativa o número de veciños e de nenos en idade escolar nos próximos anos.

3. A proposta da Consellería pasa por trasladar (incluso para o próximo curso), ao alumnado (e ao profesorado) que neste momento cursan os seus estudos da ESO e Bacharelato en Lamas, para o IES de SAR. Un centro de formación urbano, pegado a nova estación intermodal da cidade, con carencias de espazo, e con dificultades de tráfico e acceso, e onde se pretende masificar ao alumnado, eliminando espazos de uso común e dotacións complementarias do centro (aulas de desdobre, laboratorios, etc,).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Dende a ANPA do IES de Lamas, trasladouse aos responsables políticos a pertinencia de avaliar os problemas actuais e futuros que esta decisión provocará, que entre outros son:

a) Eliminación dun centro educativo para o ensino secundario. Non se fan centros de ensino público de secundaria dende fai décadas, mentres medran outras ofertas como a concertada.

b) Saturación de espazos no IES de SAR, xa non só no escenario COVID (onde será imposible acomodar aos rapaces). A proposta é ir a aulas ao máximo de ratio permitida, é dicir, 30 alumnos por aula. Isto implica unha perda de calidade educativa.

c) Imposibilidade de que unha parte significativa do alumnado poida acceder camiñando a un centro próximo ao seu fogar, ou empregando o transporte público.

d) Incapacidade actual e a para os próximos cursos de contar con prazas suficientes de ESO e Bacharelato na zona para os rapaces que viven nas áreas de afectación do IES de Lamas e do CEIP de Lamas, para que poidan estudar en condicións; sendo a solución desprazarse a outros centros educativos mais lonxe das súas casas (centros saturados de alumnado, sen espazos e con imposibilidade de ampliación), ou incluso a centros de ensino concertados.

Todos os motivos expostos pola comunidade educativa do IES Lamas de Abade entendemos que merecen unha solución e unha resposta por parte da Consellaría de Educación. Esta resposta debe realizarse no marco dunha modificación do Mapa escolar, xa que hai tempo que non se avalía e porque calquera mudanza incide no resto dos centros do Concello.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza paralizar o traslado do alumnado e profesorado mentres non se teña un centro educativo da dimensión necesaria , e cos medios propios do século XXI na contorna onde acoller aos actuais e futuros alumnos da ESO e Bacharelato do IES Lamas de Abade?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Iria Carreira Pazos

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/02/2021 13:08:06

Iria Carreira Pazos na data 12/02/2021 13:08:10

Mercedes Queixas Zas na data 12/02/2021 13:08:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Iria Carreira Pazos e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da comunidade educativa do IES Lamas de Abade de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa do IES Lamas de Abade 1 está a ser un dos primeiros centros en sufrir as consecuencias dos ataques ao ensino público que o Partido Popular está a levar adiante baixo o subterfuxio da ampliación da rede de Centros Integrados de Formación Profesional.

Hai xa varias semanas que este Parlamento aprobou (cos únicos votos do Partido Popular) a proposición non de lei tramitada con carácter urxente polo grupo que sostén o goberno para ampliar a rede de centros integrados de Formación Profesional. Foi nese debate onde o BNG sinalou que o modelo de CIFP imposto en Galiza estaba a ocasionar importantes problemas a profesorado e alumnado e que sen estar en contra da ampliación da Formación Profesional en Galiza non podía apoiar unha iniciativa na que baixo o subterfuxio da ampliación da FP se desmantelasen IES.

Pouco tempo foi necesario para demostrar que as denuncias que o BNG fixera na comisión 4 do Parlamento se convertesen nunha realidade. Unha realidade que está a sufrir en todas as súas dimensións a comunidade educativa do IES Lamas de Abade 1.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E por iso que a propia comunidade deste instituto elaborou un comunicado no que denuncian esta situación e que queremos reproducir de xeito literal nesta iniciativa.

O comunicado establece os seguintes puntos:

1º Consideramos que a proposta de fortalecer a oferta, medios e dotacións do ensino público, para que a Formación Profesional sexa unha verdadeira plataforma para acceder ao mercado laboral da nosa mocidade ven a responder a unha demanda social e económica.

Para que se poida desenvolver unha oferta formativa de calidade é necesario contar con espazos e profesionais, e iso non se fai dun día para outro, necesítase de planificación e vontade para acadar o éxito.

Sen embargo dende a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, enténdese esta “modernización da FP” como unha ocasión máis para desmontar o ensino público, concretamente de secundaria, e volve a ser outra agresión aos servizos da poboación do rural.

2. Non parece axeitado suprimir un centro de ensino secundario, na zona da cidade con maior crecemento poboacional nos últimos anos, e onde se incrementará de forma significativa o número de veciños e de nenos en idade escolar nos próximos anos.

3. A proposta da Consellería pasa por trasladar (incluso para o próximo curso), ao alumnado (e ao profesorado) que neste momento cursan os seus estudos da ESO e Bacharelato en Lamas, para o IES de SAR. Un centro de formación urbano, pegado a nova estación intermodal da cidade, con carencias de espazo, e con dificultades de tráfico e acceso, e onde se pretende masificar ao alumnado, eliminando espazos de uso común e dotacións complementarias do centro (aulas de desdobre, laboratorios, etc,).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Dende a ANPA do IES de Lamas, trasladouse aos responsables políticos a pertinencia de avaliar os problemas actuais e futuros que esta decisión provocará, que entre outros son:

a) Eliminación dun centro educativo para o ensino secundario. Non se fan centros de ensino público de secundaria dende fai décadas, mentres medran outras ofertas como a concertada.

b) Saturación de espazos no IES de SAR, xa non só no escenario COVID (onde será imposible acomodar aos rapaces). A proposta é ir a aulas ao máximo de ratio permitida, é dicir, 30 alumnos por aula. Isto implica unha perda de calidade educativa.

c) Imposibilidade de que unha parte significativa do alumnado poida acceder camiñando a un centro próximo ao seu fogar, ou empregando o transporte público.

d) Incapacidade actual e a para os próximos cursos de contar con prazas suficientes de ESO e Bacharelato na zona para os rapaces que viven nas áreas de afectación do IES de Lamas e do CEIP de Lamas, para que poidan estudar en condicións; sendo a solución desprazarse a outros centros educativos mais lonxe das súas casas (centros saturados de alumnado, sen espazos e con imposibilidade de ampliación), ou incluso a centros de ensino concertados.

Todos os motivos expostos pola comunidade educativa do IES Lamas de Abade entendemos que merecen unha solución e unha resposta por parte da Consellaría de Educación. Esta resposta debe realizarse no marco dunha modificación do Mapa escolar, xa que hai tempo que non se avalía e porque calquera mudanza incide no resto dos centros do Concello.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o goberno galego proceder á reforma urxente do Mapa escolar co obxectivo da construción dun novo centro educativo de secundaria para solucionar os problemas da comunidade educativa do IES Lamas de Abade?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Asdo.: Manuel Lourenzo Sobral

Iria Carreira Pazos

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 12/02/2021 13:08:46

Iria Carreira Pazos na data 12/02/2021 13:08:50

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/02/2021 13:09:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Iria Carreira Pazos e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da comunidade educativa do IES Lamas de Abade de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa do IES Lamas de Abade 1 está a ser un dos primeiros centros en sufrir as consecuencias dos ataques ao ensino público que o Partido Popular está a levar adiante baixo o subterfuxio da ampliación da rede de Centros Integrados de Formación Profesional.

Hai xa varias semanas que este Parlamento aprobou (cos únicos votos do Partido Popular) a proposición non de lei tramitada con carácter urxente polo grupo que sostén o goberno para ampliar a rede de centros integrados de Formación Profesional. Foi nese debate onde o BNG sinalou que o modelo de CIFP imposto en Galiza estaba a ocasionar importantes problemas a profesorado e alumnado e que sen estar en contra da ampliación da Formación Profesional en Galiza non podía apoiar unha iniciativa na que baixo o subterfuxio da ampliación da FP se desmantelasen IES.

Pouco tempo foi necesario para demostrar que as denuncias que o BNG fixera na comisión 4 do Parlamento se convertesen nunha realidade. Unha realidade que está a sufrir en todas as súas dimensións a comunidade educativa do IES Lamas de Abade 1.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E por iso que a propia comunidade deste instituto elaborou un comunicado no que denuncian esta situación e que queremos reproducir de xeito literal nesta iniciativa.

O comunicado establece os seguintes puntos:

1º Consideramos que a proposta de fortalecer a oferta, medios e dotacións do ensino público, para que a Formación Profesional sexa unha verdadeira plataforma para acceder ao mercado laboral da nosa mocidade ven a responder a unha demanda social e económica.

Para que se poida desenvolver unha oferta formativa de calidade é necesario contar con espazos e profesionais, e iso non se fai dun día para outro, necesítase de planificación e vontade para acadar o éxito.

Sen embargo dende a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, enténdese esta “modernización da FP” como unha ocasión máis para desmontar o ensino público, concretamente de secundaria, e volve a ser outra agresión aos servizos da poboación do rural.

2. Non parece axeitado suprimir un centro de ensino secundario, na zona da cidade con maior crecemento poboacional nos últimos anos, e onde se incrementará de forma significativa o número de veciños e de nenos en idade escolar nos próximos anos.

3. A proposta da Consellería pasa por trasladar (incluso para o próximo curso), ao alumnado (e ao profesorado) que neste momento cursan os seus estudos da ESO e Bacharelato en Lamas, para o IES de SAR. Un centro de formación urbano, pegado a nova estación intermodal da cidade, con carencias de espazo, e con dificultades de tráfico e acceso, e onde se pretende masificar ao alumnado, eliminando espazos de uso común e dotacións complementarias do centro (aulas de desdobre, laboratorios, etc,).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Dende a ANPA do IES de Lamas, trasladouse aos responsables políticos a pertinencia de avaliar os problemas actuais e futuros que esta decisión provocará, que entre outros son:

a) Eliminación dun centro educativo para o ensino secundario. Non se fan centros de ensino público de secundaria dende fai décadas, mentres medran outras ofertas como a concertada.

b) Saturación de espazos no IES de SAR, xa non só no escenario COVID (onde será imposible acomodar aos rapaces). A proposta é ir a aulas ao máximo de ratio permitida, é dicir, 30 alumnos por aula. Isto implica unha perda de calidade educativa.

c) Imposibilidade de que unha parte significativa do alumnado poida acceder camiñando a un centro próximo ao seu fogar, ou empregando o transporte público.

d) Incapacidade actual e a para os próximos cursos de contar con prazas suficientes de ESO e Bacharelato na zona para os rapaces que viven nas áreas de afectación do IES de Lamas e do CEIP de Lamas, para que poidan estudar en condicións; sendo a solución desprazarse a outros centros educativos mais lonxe das súas casas (centros saturados de alumnado, sen espazos e con imposibilidade de ampliación), ou incluso a centros de ensino concertados.

Todos os motivos expostos pola comunidade educativa do IES Lamas de Abade entendemos que merecen unha solución e unha resposta por parte da Consellaría de Educación. Esta resposta debe realizarse no marco dunha modificación do Mapa escolar, xa que hai tempo que non se avalía e porque calquera mudanza incide no resto dos centros do Concello.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza dotar das infraestruturas necesarias a contorna de Lamas de Abade, para constituír un verdadeiro campus educativo preuniversitario, onde convivan e se aproveitan de forma óptima as instalacións, e espazos entre a comunidade educativa. (instalacións deportivas, de lecer, espazos de aprendizaxe ao aire libre, etc..)?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Iria Carreira Pazos

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/02/2021 13:09:27

Iria Carreira Pazos na data 12/02/2021 13:09:31

Mercedes Queixas Zas na data 12/02/2021 13:09:39



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O 19 de marzo de 2020, a Comisión Europea adoptou a comunicación titulada «Marco Temporal relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual brote de COVID-19», que foi obxecto de modificacións posteriores, adoptadas o 3 de abril de 2020 e o 8 de maio de 2020, que faculta aos Estados membros para concederen temporalmente cantidades limitadas de axuda en forma de subvencións directas, anticipos reembolsables ou vantaxes fiscais, garantía de préstamos ou tipos de xuro subvencionados para os préstamos, ás empresas como consecuencia da pandemia producida pola Covid-19.

Ao abeiro do citado Marco temporal, as autoridades nacionais comunicaron á Comisión o réxime de axudas denominado Marco nacional temporal, relativo ás medidas de axuda destinadas a apoiar a economía no contexto do actual brote de COVID-19.

A Consellería do Mar analizou coas entidades asociativas o impacto da crise económica derivada da situación sanitaria actual nas empresas autorizadas para primeira venda de pesca conxelada e detectou unha importante perda no estrato de palangre de superficie. En concreto, a frota de palangre de superficie que conta con autorización de primeira venda para conxelado é a única de toda a frota conxeladora galega que sufriu perdas entre o 1 de febreiro de 2020 e o 31 de agosto de 2020, cunha diminución da facturación nun importe superior ao 13 % en relación coa media dos tres últimos anos.

Así, o DOG do 17 de novembro de 2020 publicaba a orde para a concesión de axudas ás persoas armadoras de buques pesqueiros conxeladores do censo unificado de palangre de superficie con porto base en Galicia para paliar as dificultades de comercialización ocasionadas como consecuencia da pandemia de COVID-19 para o ano 2020.



Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal foi o orzamento destinado e cantas axudas se concederon ás persoas armadoras de buques pesqueiros conxeladores do censo unificado de palangre de superficie con porto base en Galicia para paliar as dificultades de comercialización ocasionadas como consecuencia da pandemia de COVID-19 para o ano 2020?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 12/02/2021 12:55:57

José Manuel Balseiro Orol na data 12/02/2021 12:56:07

Ana Belén García Vidal na data 12/02/2021 12:56:19

Manuel Santos Costa na data 12/02/2021 12:56:26

José Alberto Pazos Couñago na data 12/02/2021 12:56:33

María Elena Suárez Sarmiento na data 12/02/2021 12:56:42

Daniel Vega Pérez na data 12/02/2021 12:56:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O 25 de xaneiro de 2021, a conselleira do Mar participaba como representante das comunidades autónomas xunto ao ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, no Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea.

A Conselleira do Mar manifestou que considera fundamental a unidade de acción entre as comunidades autónomas e o Goberno central, así como, a elaboración de argumentos socioeconómicos para defender os intereses da frota na negociación para a fixación das posibilidades de pesca nas augas compartidas co Reino Unido.

Nesta liña, a titular de Mar insistiu na necesidade de conseguir maximizar as posibilidades de pesca para compensar outras caídas, xa que, como consecuencia do acordo do brexit, o Executivo comunitario cedeu ao Reino Unido o 25% das posibilidades de pesca europeas a cambio do acceso ás augas británicas durante só cinco anos e medio.

Ademais disto na negociación é preciso ter en conta a necesidade de dispor de cota de especies para a súa cesión e intercambio con outros Estados Membros. Tamén debe estar moi presente, o equilibrio entre os aspectos medioambientais e os económicos e sociais.

A falla de definir as cifras da proposta para a negociación das cotas para despois do primeiro trimestre deste ano nas poboacións de peixes compartidas co Reino Unido, Galicia considera clave mellorar as propostas do Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES) para especies como a pescada do norte, o rapante ou o peixe sapo, entre outras, co obxectivo de evitar que se produzan recortes ou para



ampliar as subidas nas cifras presentadas, así como para maximizar as cifras dispostas para outras especies secundarias coma a cigala, a maruca, o ollomol e o alfonsino.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal vai ser a postura do Goberno galego sobre o TAC para as especies como a pescada do norte, o rapante ou o peixe sapo, entre outras?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 12/02/2021 12:59:41

José Manuel Balseiro Orol na data 12/02/2021 12:59:54

Ana Belén García Vidal na data 12/02/2021 13:00:05

Manuel Santos Costa na data 12/02/2021 13:00:14

José Alberto Pazos Couñago na data 12/02/2021 13:00:24

María Elena Suárez Sarmiento na data 12/02/2021 13:00:35

Daniel Vega Pérez na data 12/02/2021 13:00:49

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O primeiro acordo de pesca da UE con Senegal asinouse en 1979 e consistía nun acordo mixto que se aplicou ata o ano 2006 mediante una seira de protocolos que daban acceso aos buques europeos a unha ampla gama de recursos pesqueiros. No ano 2014 transformouse nun acordo centrado no atún cun compoñente demersal (pescada negra) para un período de cinco anos.

As negociacións para un novo acordo con Senegal para os seguintes cinco anos comezaron no mes de xullo de 2019 e foi aprobado finalmente en novembro de 2020.

O protocolo establece unhas oportunidades de pesca (recollidas no Regulamento UE 2019/1926 do Consello de 14 de novembro de 2019 sobre o reparto das posibilidades de pesca en virtude do Protocolo de aplicación do Acordo de colaboración de pesca sostible entre a Unión Europea e a República do Senegal) de atún para ata 28 atuneiros cerqueiros conxeladores, 10 cañeiros e 5 palangreiros de España, Portugal e Francia (10.000 toneladas ao ano), así coma posibilidades de pesca de pescada negra para dous arrastreiros españois (1.750 toneladas por ano).

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cómo valora o novo protocolo entre a Unión Europea e Senegal?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 12/02/2021 13:03:12

José Manuel Balseiro Orol na data 12/02/2021 13:03:24

Ana Belén García Vidal na data 12/02/2021 13:03:35

Manuel Santos Costa na data 12/02/2021 13:03:43

José Alberto Pazos Couñago na data 12/02/2021 13:03:50

María Elena Suárez Sarmiento na data 12/02/2021 13:04:01

Daniel Vega Pérez na data 12/02/2021 13:04:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O 6 de febreiro a conselleira do Mar, mantivo unha xuntanza de traballo cos representantes da frota de palangre galega e coas empresas transformadoras dependentes dela co obxectivo de analizar a situación do sector e as dificultades que se atopan no desenvolvemento da súa actividade. Neste sentido, as partes coincidiron na necesidade de que o Goberno central ofrezca unha solución urxente ao bloqueo que está a sufrir a comercialización do marraxo, deixando capturas retidas a bordo dos barcos ou en tránsito cara a España, o que pon en risco a rendibilidade do sector.

Os representantes dos armadores, das empresas transformadoras e do Executivo galego lamentaron a falla de coordinación existente entre os Ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e a Vicepresidencia de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico pola que o sector non pode comercializar as capturas realizadas correctamente en aplicación dos totais admisibles de captura (TAC) e cotas autorizados pola Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (Iccat).

A orixe dese bloqueo está na inclusión do marraxo no Apéndice II da Convención sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestres (Cites) en agosto de 2019, momento no que se fixo necesario que as capturas fosen acompañadas dun certificado que debe emitir a Secretaría de Estado de Comercio, previo informe favorable da Vicepresidencia de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, para poder ser comercializadas.

O paradoxo prodúcese como consecuencia da autoimposición por parte da Vicepresidencia cuarta do Goberno central dunha cota de comercialización do marraxo inferior ao TAC fixado por Iccat para esta especie, o que provoca que toneladas de capturas realizadas correctamente queden bloqueadas sen poder ser comercializadas, cos consecuentes prexuízos para a frota pesqueira e o sector transformador vencellado a ela.



O bloqueo das capturas de marraxo, unha especie que non é a principal na actividade desta frota pero que supón un importante complemento na súa facturación, afecta a preto de 120 buques de palangre de superficie galegos que dan emprego a máis de 850 tripulantes. Ademais, trátase dun sector que exporta, xunto coa industria asociada a el, preto de 125 millóns de euros ao ano.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son as xestións que o Goberno galego está a levar a cabo có Goberno Central ante esta situación de bloqueo das capturas de marraxo?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 12/02/2021 13:10:30

José Manuel Balseiro Orol na data 12/02/2021 13:10:41

Ana Belén García Vidal na data 12/02/2021 13:11:07

Manuel Santos Costa na data 12/02/2021 13:11:15

José Alberto Pazos Couñago na data 12/02/2021 13:11:21

María Elena Suárez Sarmiento na data 12/02/2021 13:11:31

Daniel Vega Pérez na data 12/02/2021 13:11:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O DOG do 11 de xaneiro de 2021 publicaba a orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, de axudas para a innovación no sector pesqueiro cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

Esta orde ten por obxecto convocar e establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas destinadas á realización de proxectos innovadores no sector extractivo, incluída a transformación e comercialización e tamén operacións innovadoras relacionadas coa conservación dos recursos biolóxicos mariños, co fin de fomentar unha pesca sustentable desde unha perspectiva ambiental, socialmente responsable, baseada no coñecemento e competitiva.

As axudas teñen como finalidade:

- 1.- Proxectos innovadores, entendendo por tales, os que teñan como obxectivo desenvolver ou introducir produtos e equipamentos novos ou substancialmente perfeccionados, procesos ou técnicas novas ou perfeccionadas ou sistemas de xestión e organización novos ou perfeccionados no sector extractivo, tamén na transformación e comercialización.
2. Operacións innovadoras relacionadas coa conservación dos recursos biolóxicos mariños que contribúan á eliminación gradual dos descartes e das capturas accesorias, que teñan como obxectivo desenvolver ou introducir novos coñecementos técnicos ou organizativos, que reduzan os efectos da pesca

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



sobre o ambiente, en particular, mediante técnicas de pesca perfeccionadas e a selectividade das artes, ou que teñan por obxectivo lograr un uso máis sustentable dos recursos biolóxicos mariños e a coexistencia cos predadores protexidos.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é orzamento destinado a cada unha destas liñas para a innovación no sector pesqueiro cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)?.

Santiago de Compostela 12 de febreiro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 12/02/2021 13:22:14

José Manuel Balseiro Orol na data 12/02/2021 13:22:26

Ana Belén García Vidal na data 12/02/2021 13:22:37

Manuel Santos Costa na data 12/02/2021 13:22:46

José Alberto Pazos Couñago na data 12/02/2021 13:22:54

María Elena Suárez Sarmiento na data 12/02/2021 13:23:04

Daniel Vega Pérez na data 12/02/2021 13:23:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación coas listas de substitución de ensino.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 30 de xuño, a consellaría de educación publicaba **RESOLUCIÓN** do 30 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en determinadas especialidades do corpo de mestres/as (597).

Nesta resolución, que pretendía cubrir a previsíbeis necesidades para o curso 20-21 neste corpo, establecíase que “para aquelas persoas interesadas que presenten a súa solicitude accedendo directamente á SEDE Electrónica da Xunta de Galicia, deberán empregar o modelo de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (PR004A), prégase indiquen no asunto a seguinte lenda “Inscripción listas...”.

Continuando co procedemento administrativo correspondente a Consellaría de Educación publicou con data do 2 de febreiro de 2020 a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de mestres, especialidade de Música.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No propio texto desta relación provisional establecíase que “O prazo de reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional é de cinco (5) días hábiles e comeza mañá, mércores día 03 de febreiro e remata o martes día 09 de febreiro de 2021. As reclamacións deberán formularse por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e dirixirse á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de acordo co establecido na base terceira da Resolución do 02 de febreiro de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se aproba e se ordena a publicación da relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de mestres, especialidade de Música (597035).

Mais incomprensibelmente, a Consellaría de Educación comezou a realizar chamamentos sen ter publicada a resolución definitiva; o que provocou que moito profesorado que previsibelmente tería que ser chamado a substituír de se atender as súas reclamacións ao baremos provisional non fosen chamados, co prexuízo que isto implica tanto a efectos económicos como de consolidación de posto na listaxe.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

. Vai a Xunta de Galiza resolver a situación creada e establecer mecanismos compensatorios tanto a efectos económicos como de consolidación de posto do profesorado prexudicado por esta situación?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/02/2021 13:30:19

Daniel Castro García na data 12/02/2021 13:30:23

Mercedes Queixas Zas na data 12/02/2021 13:30:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Montserrat Prado Cores, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación epidemiolóxica nos centros educativos de Vilagarcía de Arousa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación epidemiolóxica nos centros educativos do concello de Vilagarcía de Arousa, non fai máis que corroborar a falta de medios e de adopción de medidas preventivas neste contexto. Son moitos os centros que contan con alumnado e profesorado contaxiado e que, do mesmo xeito, se atopan con barreiras para o desenvolvemento do proceso educativo. Os protocolos e medidas que a Consellaría trasladou aos centros resultan unha vez máis, papel mollado, xa que como ben sendo de costume, non veñen acompañadas de investimento en recursos humanos e materias. Aulas espello, docencia telemática...medidas todas elas inviables cos recursos que teñen os centros ao seu dispor.

Ante esta situación, atopámonos con problemas de conectividade nos centros, falta de equipos informáticos, profesorado triplicando esforzos e traballando dende os seus equipos persoais e coa súa conexión privada para poder dar resposta ás esixencias da Consellaría e por outra banda, para facilitar na medida das posibilidades, que o alumnado poida seguir o seu proceso educativo. Estamos a falar de que en centros de ensino secundario, non se poden conectar a unha videoconferencia máis de 2





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alumnos/as á vez, ou de que un aula de bacharelato non pode seguir unha actividade virtual.

Ademais destas problemáticas, no IES Miguel Ángel González Estévez de Carril, engádese o problema do horario. Este centro ten xornada de mañá e tamén conta coa tarde do martes no horario lectivo. Tendo en conta que alumnado do concello de Catoira asiste a este centro por ser o máis próximo con bacharelato, atópase na tesitura de que os martes queda fóra do recinto sen ter onde xantar nin onde resgardarse, posto que no contexto actual a hostalería está pechada e do mesmo xeito non poden permanecer no centro. Tras varias solicitudes de cambio de horario, para suprimir esa tarde e que o alumnado poida volver ás súas casas sen ter que quedarse a comer, a resposta da consellaría é , outra vez, que a dirección do centro busque a solución coa empresa de transporte. A día de hoxe os rapaces e rapazas de Catoira seguen a xantar na rúa posto que a empresa non acepta a petición do centro e a Consellaría , fai o propio, deixar andar.

Se todo isto, xa supón un problema fundamental no ensino, existe outro aínda máis grave e importante, os contaxios descontrolados no CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro de Carril. Esta mesma semana, Sanidade recoñecía a transmisión de coronavirus no colexio. Mentres as familias e o profesorado levan semanas demandando medidas de control do virus como a desinfección ou o peche do centro, o Conselleiro de Educación limitábase a pedirllas que confiaran no criterio clínico.

Aulas de 1º de primaria nas que houbo que esperar a que foran varios nenos e nenas os que deran positivo para pechalas. Falamos, por exemplo, dunha soa aula con 8 nenas/os contaxiados, maila profesora. Nenas e nenos confinados nas súas casas dende hai 20 días sen facerlles aínda a PCR, familias enteiras contaxiadas, varias aulas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pechadas...E ante esta situación a única solución é “confiar no criterio clínico”, cando as nais e pais levan vendo como se manipulan os datos dende o inicio desta situación.

As familias merecen que se lles responda aos escritos presentados e non simplemente a través da prensa cando non lle queda máis remedio.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galiza da situación dos centros de ensino de Vilagarcía de Arousa no relativo á falta de recursos informáticos, materiais e humanos así como nos problemas derivados dos contaxios da Covid-19?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Montserrat Prado Cores

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 12/02/2021 15:58:57

Daniel Castro García na data 12/02/2021 15:59:00

María Montserrat Prado Cores na data 12/02/2021 15:59:08

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/02/2021 15:59:15



Á Mesa do Parlamento,

Paula Prado del Río, Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez, Daniel Vega Pérez e Rubén Lorenzo Gómez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno.**

O rural de Galicia está a experimentar un cambio de actitude, a formación e a innovación no ámbito agrario é vital para que este teña futuro e diversidade de oportunidades. O 97% da nosa comunidade é rural, polo que apostar polo agro é apostar por Galicia. Por iso, debemos traballar para que non só se poida seguir vivindo no agro, senón que ademais se desexe vivir, porque un rural forte é garantía de crecemento económico e demográfico e do mantemento dos nosos costumes e tradicións.

A sociedade foi mudando, demanda o estímulo da formación, da investigación e da innovación no desenvolvemento dos principais sectores produtivos para poder competir en igualdade de condicións. Fomentar e promover o papel protagonista das mulleres na toma de decisións no agro, é fundamental para que acaden a representatividade que equitativamente lles corresponde.

É fundamental incentivar a incorporación da muller aos órganos de decisión do sector agroalimentario rural porque as organizacións agrarias, as cooperativas e os grupos de desenvolvemento rural deben contar cunha presenza feminina nas súas directivas acorde coa realidade das mulleres rurais.

O apoio á muller no ámbito rural constitúe unha liña prioritaria e un eixo transversal dentro da Xunta. Dende Medio Rural, en colaboración con outros departamentos da Xunta, se están a poñer en marcha diversas medidas para mellorar a calidade de vida das mulleres afincadas no agro.

Dende hai anos, vense celebrando o día Internacional da muller rural o día 15 de outubro, data que adquiriu especial relevancia tras a Declaración Oficial desta celebración pola *Asamblea General de las Naciones Unidas*, cuxo obxectivo principal é visualizar a importancia que merece a achega económica, social e cultural e desenvolven as mulleres no rural. A esta data sumamos o día internacional da muller, celebrado o 8 de marzo, como unha xornada para reivindicar a igualdade e facer balance sobre a situación das mulleres na sociedade.

En Galicia, e en particular no noso agro, constan datos que reflicten a importancia que ten a muller no medio rural. O grupo parlamentario popular fomenta un agro que aposte pola igualdade e promova a erradicación de prexuízos e estereotipos.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



O labor da muller no ámbito agrario galego ao longo da historia que, non foi sempre suficientemente recoñecido, contribuíu decisivamente a protexer a personalidade propia do rural na nosa autonomía.

Por todo o anterior, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

-Que medidas impulsa a Xunta de Galicia para fomentar a incorporación de mulleres ás explotacións agrogandeiras?.

Santiago de Compostela, a 12 de Febreiro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 12/02/2021 18:02:02

María Elena Candia López na data 12/02/2021 18:02:32

Raquel Arias Rodríguez na data 12/02/2021 18:03:34

José Antonio Armada Pérez na data 12/02/2021 18:03:52

Ramón Carballo Páez na data 12/02/2021 18:04:21

Rubén Lorenzo Gómez na data 12/02/2021 18:05:03

Daniel Vega Pérez na data 12/02/2021 18:05:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** relativa á valoración por parte da Xunta de Galiza da evolución do IPC e o impacto da COVID-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 12 de febreiro coñeciamos os datos que remite o Instituto Galego de Estatística respecto das variacións nos índices de prezos de consumo referentes ao mes de xaneiro de 2021. Este é un ámbito do que a Xunta debe facer seguimento, de cara a avaliar a súa evolución e, máis aínda, o impacto da covid-19 e as repercusións que ten na economía galega e nas economías domésticas.

Respecto dos datos galegos, o IGE sinala como elementos máis salientábeis, os seguintes:

- O índice xeral galego correspondente ao mes de xaneiro de 2021 rexistrou unha baixada do 0,3% con respecto ao mes anterior, taxa tres décimas inferior á do conxunto do Estado (0,0%).
- Comparando con xaneiro de 2020 os prezos rexistraron un aumento do 0,4%, unha décima inferior á rexistrada no conxunto do Estado (0,5%).





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Respecto da variación interanual da inflación subxacente foi tres décimas superior á de decembro (0,4%) chegando ao 0,7%) e unha décima superior á rexistrada a nivel estatal (0,6%).

- Os grupos que máis positivamente repercuten en termos interanuais son os seguintes: "Alimentos e bebidas non alcohólicas" (2,0%), "Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles" (2,5%) e "Restaurantes e hoteis" (1,3%).

- Con respecto á variación interanual do mes anterior (-0,4%), a taxa aumentou oito décimas ata situarse no 0,4% sendo os grupos “Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles”, “Alimentos e bebidas non alcohólicas” e “Transporte” os que máis sumaron.

Sen dúbida estas cifras deixan ver o impacto da crise do coronavirus, como os propios organismos estatísticos reflicten na súa adaptación metodolóxica ao contexto. Así mesmo, no mes de decembro de 2020 o Bando de España estimaba que o IPC seguiría en niveis moi reducidos nos próximos trimestres por mor do impacto da pandemia e das medidas para a súa contención e non descarta riscos á baixa nos prezos se a recuperación é máis lenta do agardado.

É necesario que a Xunta de Galiza manteña unha observación activa sobre os datos que manifesta a economía galega. Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

. Como valora o Goberno galego a evolución do IPC e o impacto da covid-19?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2021 09:53:22

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/02/2021 09:53:25

Daniel Pérez López na data 15/02/2021 09:53:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as reclamacións feitas ás entidades bancarias no Banco de España.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 12 de febreiro de 2021 o Banco de España facía pública unha nota informativa pola cal daba publicidade aos datos referidos ás reclamacións recibidas ao seu abeiro. Cómpre recordar que no caso das reclamacións ás entidades bancarias a clientela debe en primeiro lugar reclamar de forma directa a través dos departamentos correspondentes das propias entidades.

Segundo a información facilitada, o Banco de España recibiu un total de 21.337 reclamacións no ano 2020. Esta cifra constitúe un 45,8% máis do que o ano anterior. Aínda que estes datos do Portal do Cliente Bancario son provisionais constatan que malia ser 2020 o ano da pandemia, a clientela dos bancos non estivo exenta de desacordos coas entidades.

Segundo esta información provisional, a meirande parte do aumento ten que ver con reclamacións referentes a tarxetas e tamén á xestión de contas e depósitos. Atribúen o aumento das reclamacións de tarxetas ao aumento do comercio electrónico durante a pandemia e o aumento das reclamacións referentes a contas. Aínda así, o groso das reclamacións continúa relacionado con asuntos referentes a préstamos hipotecarios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sinálase tamén como arredor dun 70% das reclamacións son resolvidas a favor da clientela.

Aínda sendo estes datos provisionais, e á espera da publicación da Memoria de Reclamacións 2020, a Xunta de Galiza, ao abeiro das súas competencias en materia de consumo, debe facer seguimento desta situación e comparar estes datos coa súa propia experiencia. Así mesmo, tendo en conta o aumento dos abusos ao abeiro da pandemia da covid-19, que mesmo teñen sido atendidos por parte da CNMC a través dun buzón específico de consultas ademais de a través das reclamacións de usuarias e usuarios, a administración galega debe aumentar as súas medidas e actuacións na defensa das e dos consumidores.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galiza da evolución das reclamacións presentadas ao Banco de España respecto de abusos bancarios?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2021 10:32:26

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/02/2021 10:32:33

Daniel Pérez López na data 15/02/2021 10:32:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, María González Albert, Iago Tabarés Pérez Piñeiro, Luis Bará Torres, Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os macroproxectos eólicos proxectados para Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza asiste nestes momentos a un boom eólico desenvolvido sen unha adecuada planificación e vixilancia pública, baixo unha arquitectura legal obsoleta e sen garantías para a participación social e a salvagarda do patrimonio natural. Isto acontece cun evidente abandono de funcións por parte da Xunta de Galiza, que nega un debate arredor de cal debe ser o novo modelo enerxético galego para a descarbonización ao tempo que impulsa mudanzas lexislativas para reducir garantías á sociedade e aos concellos galegos e abrir a porta a grandes multinacionais sen retorno socioeconómico e sen unha mínima protección dos valores naturais.

Neste contexto, despois dunha década de parálise, asistimos a unha expansión sen precedentes. Desde a entrada de Núñez Feijoo no ano 2009 ata o ano 2018 non se instalaran en Galiza nin 300MW. No 2019, nun só ano, puxéronse en marcha 19 parques e 400MW instalados máis, un número maior aos instalados na década anterior. Este desenvolvemento, que podería parecer positivo, estase a dar de forma abrupta, sen planificación e sen consenso coa sociedade dos lugares afectados, e en moitos casos a





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

través dunha fraudulenta fragmentación dos proxectos en proxectos máis pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto. Recentes sentenzas xudiciais como a de Sasdónigas ou da Serra do Iribio dan conta desta situación sinalan tamén o papel da administración galega á hora de rebaixar garantías ambientais e desprotexer espazos singulares.

Ademais, Galiza asiste por primeira vez ao intento por parte de grandes empresas de promover parques eólicos de máis de 50MW, que dependen do Estado e segundo o recollido na lei do sector eléctrico do ano 2013 realizan a súa tramitación ante o Ministerio responsábel de enerxía, neste caso o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

O 07 de xaneiro de 2021, e ata o 18 de febreiro, iniciábase a través do soporte dixital do MITECO o prazo de consultas a diferentes entidades do Documento Inicial do Parque eólico Rebordechao, cun total de 154MW e que implicaba aos seguintes concellos: Nogueira de Ramuín, Xunqueira de Espadanedo, Montederramo, Maceda, Vilar de Barrio, Laza, Castrelo do Val, Verín, Monterrei e Cualedro, todos eles pertencentes ao que administrativamente se coñece como provincia de Ourense. Cun día de diferenza, o 8 de xaneiro de 2021, e até o 19 de febreiro, iniciábase a través do soporte dixital do MITECO o prazo de consultas a diferentes entidades do Documento Inicial do Parque eólico de Barxas, de 121 MW e que implica a municipios do Bierzo e de Galiza, tanto na zona de Lugo como de Ourense. Estamos a falar neste caso dos municipios de Barxas, Oencia, Trabadelo e Veiga de Valcarce (pertencentes a León) e O Barco de Valdeorras, Petín e Vilamartín de Valdeorras (pertencentes a Ourense), e polos axentes consultados ao fío deste Documento inicial sabemos que atinxe tamén a diversos municipios de Lugo Sul (Pedrafita, Quiroga, Folgoso do Caurel, Ribas de Sil, As Nogais) e en Ourense tamén a Larouco, San Xoán de Río e Trives.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Doce días despois de coñecerse estes dous proxectos xa citados, a través das mesmas canles e cun prazo de consulta até o día 3 de marzo de 2021, sae á luz o Proxecto do Parque eólico de Prada, cunha potencia prevista de 170,5 MW e que atinxe os municipios seguintes: A Pobra de Trives, A Veiga, Carballeda de Valdeorras, Larouco, O Barco de Valdeorras, Petín, San Xoán de Río (Ourense) e Quiroga (Lugo).

Malia o intento da empresa de proceder á fragmentación en tres proxectos, é evidente pola súa dimensión e pola afectación no territorio de que se trata dun mesmo proxecto que une os tres megaparques nun só. Ademais, está impulsado polo mesmo conglomerado empresarial e no que atinxe aos de Prada e Barxas mesmo comparten necesidades técnicas de evacuación. Cómpre recordar que Statkraft é un grupo con sede en Oslo e controlado polo estado noruegués. Este proxecto supón un total de 445MW, unha potencia superior á existente no territorio de Ourense, á impulsada no período 2009-2018 e mesmo á impulsada no conxunto de Galiza no ano 2019, o que dá idea da súa dimensión.

Desde o grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego observamos con gran preocupación esta situación, que está a ser contestada xa desde o ámbito asociativo e desde o ámbito municipal. Estamos a falar dunha implantación sen precedentes nunha expansión territorial descomunal e carente dunha planificación que poida ser acorde coas necesarias garantías ambientais. Exemplo disto é a proximidade e a interferencia con zonas de alto valor natural, arqueolóxico, patrimonial, social e económico e mesmo de zonas con diversas categorías de protección.

O proxecto proposto afecta de forma severa a diferentes zonas de alto valor ambiental e é incompatible coa súa protección. Podemos sinalar as afectacións máis graves nas áreas do Macizo Central e dos Montes de Trevinca. A unha distancia insuficiente do parque, ou dentro do propio parque, atopamos áreas de importante





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

protección internacional, como por exemplo a IBA A Limia e IBA Montes Aquilanos, IBA Sierra de La Cabrera para a protección das aves. O macroproxecto noruegués tamén ten unha importante afectación á Rede Natura 2000 e Lugares de Importancia Comunitaria (LIC). Afecta a ZEC do Macizo Central, ZEC Río Támega, ZEC Bidueiral de Montederramo, ZEC Ancares – Courel, ZEC Ribeiras do Río Sil e afluentes, ZEC Serra Enciña da Lastra ou ZEC Pena Trevinca. Por outra banda, existe unha clara afección a Lugares de Interese Xeolóxico no gran proxecto que supón a conxunción destes megaparcos.

O macroproxecto tamén afecta á Rede Galega de Espazos Naturais pola súa proximidade ao parque natural de O Invernadoiro, a 6,49 km, ZEPVN dos Ancares-Courel, Macizo Central, Río Támega e Bidueiral de Montederramo. Afecta tamén diversas catalogacións de protección da fauna e da flora e a especies coa consideración de perigo de extinción, de atención preferente ou vulnerable. Por exemplo, podemos sinalar a proximidade ou intromisión en diversas Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA).

Así mesmo, salienta a afectación por proximidade (Rebordechao) ou inclusión (Barxas e Prada) na Zona Plan de Xestión do Lobo en Galiza e de cheo na zona de recuperación do sapoconcho. Podemos sinalar tamén a intromisión na recuperación e protección da auganeira (Desmán ibérico), o oso pardo (do que a Xunta de Galiza segue sen actualizar o correspondente Plan de Conservación), a aguiá real, diversas especies de morcego, invertebrados recollidos no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

É de sinalar tamén a profunda afectación que a instalación deste proxecto industrial pode ter nas augas pola proximidade extrema a reservas naturais fluviais e zonas protexidas de auga potábel (ZPAP) como poden ser, citando só algunhas, Rego de Candis, Río Casaio II, Río Leira, Rego Marín, Río Entoma, Río Bibei IV, Río Casaio





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

I, a da Bacía do Sil, do embalse de Santiago, os río Lor, Valcarce, Barxa, Navea, Ribeira Grande ou da contorna de Laza e Verín. Neste sentido, cómpre mencionar a climatoloxía específica desta parte do país e as súas necesidades crecentes derivada de períodos de seca con importantes consecuencias para a poboación e para o sector agrogandeiro, que deben terse presentes. Así mesmo, cómpre ter en conta o impacto sobre as masas de auga, por exemplo sobre as seis masas de auga subterráneas da bacía do Sil recollidas no correspondente Plan Hidrolóxico e afectadas pola instalación de aeroxeradores. Finalmente, é necesario ter en conta tamén aos humidaís, por exemplo á proposta para humidal protexido de Lagoas de Pena Trevinca.

Sen dúbida este macroproxecto ten un impacto xeral sobre os ecosistemas do Macizo Central e das montañas de Trevinca moi alto polos movementos de terra para a súa construción, polo impacto das construcións e polo impacto sonoro. Ademais, carecen de estudo algún respecto do impacto socioeconómico máis alá de referir datos estatísticos, o que fai prever o seu reducido ou nulo beneficio nestes termos.

Por outra banda, non se están a valorar os impactos no ámbito do patrimonio cultural, que tocaría diversos elementos catalogados BIC como son a Igrexa de Santa Marina e o Castelo de Balboa (Balboa), o Castelo de Corbedo (Folgo do Courel), a Fortaleza do Castro no Barco de Valdeorras ou a afectación ao Camiño de Santiago -en varios municipios así como o impacto en elementos arqueolóxicos catalogados no concello de Petín ou na Mámoa do Alto da Moeda na Veiga.

Finalmente, cómpre insistir en que o impulso a este macroproxecto enmárcase nun contexto de abuso de poder por parte das grandes multinacionais eléctricas fronte ás persoas propietarias, comunidades de montes e outras entidades, reducindo a capacidade de negociación. Así mesmo, este tipo de proxectos carecen de planificación algunha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para impulsar a participación pública dos beneficios do sector nin para levar incorporados plans de desenvolvemento económico e industrial adecuados.

A realidade é que hoxe en día, malia a propaganda que acompaña este novo boom, o retorno en termos económicos da produción de enerxía eólica é moi reducido. Na actualidade, os propietarios reciben de media entre o 1,1 e o 2,4% do total da facturación dos parques. Con respecto aos concellos galegos, a parte que fica no territorio da facturación é de aproximadamente o 5% e no contexto actual cómpre ter en conta que o contexto da covid-19 está a ser aproveitado pola Xunta de Galiza para coartar aos concellos a rebaixas impositivas para a atracción de proxectos industriais, que van afectar a este ámbito, reducindo o retorno aínda máis. Mesmo atendendo aos datos que facilita a patronal, se o impacto no PIB é de máis de 580M€, só a reducida cantidade de 11M€ (1,89%) son percibidos polos propietarios dos terreos (datos de 2019, de acordo coa Asociación Eólica de Galicia (EGA)).

O noso país padece a falta de planificación consensuada dun novo plan eólico e ao mesmo tempo, neste caso, engádese que a tramitación dun proxecto cun impacto tan acusado depende fundamentalmente de decisións do ámbito do Estado, afastando unha vez máis os centros de decisión.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai impulsar a Xunta de Galiza para impedir que prospere o macroproxecto de Statkraft?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Iago Tabarés Pérez Piñeiro

Luis Bará Torres

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2021 11:16:15

María González Albert na data 15/02/2021 11:16:20

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 15/02/2021 11:16:31

Xosé Luis Bará Torres na data 15/02/2021 11:16:38

María do Carme González Iglesias na data 15/02/2021 11:16:48

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/02/2021 11:16:56

Daniel Pérez López na data 15/02/2021 11:17:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a constitución dun centro de reparacións en NAVANTIA RÍA DE FERROL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O plan industrial que precisa a comarca de Ferrol, eterna promesa de todos os gobernos, non é outro que poñer NAVANTIA a traballar, desfacéndose das restricións actuais e aproveitando todos os segmentos de actividade que potencialmente poderían concorrer nas instalacións de NAVANTIA na ría de Ferrol.

Non hai ningunha outra posibilidade real de traer nada a Ferrol que poida substituír ou equipararse á construción naval: en volume de emprego, na diversidade de actividades que concorren na construción dun barco, no seu nivel tecnolóxico, en potencial exportador, e no efecto multiplicador do prezo da obra na economía comarcal: 4,5€ por cada 1€ segundo cálculos de SEA EUROPE.

A industria da construción naval e das tecnoloxías marítimas, é intrinsecamente diversa, sendo os antecedentes históricos de NAVANTIA na ría de Ferrol bon exemplo de esta diversificación industrial, que debería recuperarse e promoverse.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un de eses segmentos de actividade que veñen significando un importante volume de actividade e de emprego para os estaleiros e para a comarca é o das reparacións.

Unha facturación de 750 millóns de euros para a propia Navantia nos 10 últimos anos xa da idea da súa importancia, pero para achegarnos realmente ao que significa para a sociedade comarcal é preciso ter presente que un 18% dos seus gastos son persoal directo de Navantia e un 64% persoal de subcontratas, porcentaxes elevadísimas en comparación con outras áreas de negocio onde os materiais e a enxeñaría son as partidas máis importantes; que xera un 10% de negocio a maiores en consignatarios, prácticos, remolcadores, e taxas portuarias, e ademais entre 8.000 e 15.000 pernoctacións/ano nos establecementos hoteleiros da zona.

A día de hoxe non hai máis que un dique que poda acoller buques de grandes dimensións, polo que Navantia Ría de Ferrol vese na obriga de renunciar a contratos por falta de dispoñibilidade, unha media de 5 buques por ano durante nos últimos 10 anos. Polo que un novo dique seco específico para reparacións sería importante no só para atender a demanda xa existente na actualidade, senón para poder aspirar a novos mercados por tipoloxía de buques, así como para compatibilizar eses traballos cos das grandes transformacións, que a día de hoxe implican desatender outros potenciais clientes durante todo o tempo que se prolongue a ocupación do dique.

Por outra banda é obrigado lembrar que a constitución dun centro de reparacións en Navantia Fene foi no seu día unha promesa do Partido Popular. Un dos 13 compromisos do “Contrato con Ferrol” do Presidente Feijóo durante a campaña electoral do ano 2009, co que prometía crear 2.000 postos de traballo.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E que a falta de concreción daquela promesa deu lugar a que durante o ano 2011 o BNG presentara unha iniciativa parlamentaria que foi aprobada por unanimidade e que no seu punto 6 recolle explicitamente: “Esixirlle a Xunta de Galiza que colabore coa SEPI no cofinanciamento e desenvolvemento dun centro de reparacións de Navantia, na ría de Ferrol, de acordo co “Contrato con Ferrol” exposto polo presidente Núñez Feijóo en 2009.”

En resumo, que a grave crise industrial que vive a comarca de Ferrol fai que sexa do máis urxente dotarnos de aquelas infraestruturas que terían un impacto positivo inmediato na creación de emprego na comarca, como un novo dique para a área de reparacións de Navantia Ría de Ferrol, e que a Xunta de Galiza participe efectivamente na constitución de ese centro de reparacións mesmo con financiamento, tal como se aprobou no texto da iniciativa antedita.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións está a realizar o Goberno galego para promover a área de reparacións en Navantia Ría de Ferrol?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/02/2021 11:56:08

Daniel Pérez López na data 15/02/2021 11:56:12

María do Carme González Iglesias na data 15/02/2021 11:56:23



A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O 22 de xaneiro de 2021, a conselleira do Mar presentaba o Atlas da frota de baixura do litoral de Galicia (2000-2018), un documento que permite contar cunha foto fixa da realidade das distintas modalidades de pesca de artes menores de Galicia e das súas principais especies obxectivo.

Constitúe un estudo a fondo da frota de artes menores que é froito do traballo que desenvolve a Unidade Técnica da Pesca de Baixura (UTPB) desde 1999 mediante o embarque de observadores a bordo dos buques pesqueiros e a análise dunha media de 3.000 lances anuais, unha información que se suma aos datos de vendas nas lonxas ofrecidos pola Plataforma Tecnolóxica da Pesca.

O Atlas da frota de baixura do litoral de Galicia (2000-2018) analiza en profundidade a actividade extractiva da frota de artes menores, as súas características e as vinte principais modalidades de pesca existentes -como os distintos tipos de nasas ou as artes de enmalle, entre outras- así como a súa evolución. A isto súmase a avaliación en detalle das principais especies obxectivo da frota de baixura -un total de 22 entre as que se atopan o polbo, a centola, a nécora, a sardiña, o xurelo, a pescada ou a vieira- a súa presenza nas distintas zonas do litoral de Galicia e a evolución das súas capturas.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é a contribución do Atlas da frota de baixura do litoral de Galicia (2000-2018)?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 15/02/2021 13:09:18

José Manuel Balseiro Orol na data 15/02/2021 13:09:30

Ana Belén García Vidal na data 15/02/2021 13:09:42

Manuel Santos Costa na data 15/02/2021 13:09:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Alberto Pazos Couñago na data 15/02/2021 13:09:57

María Elena Suárez Sarmiento na data 15/02/2021 13:10:07

Daniel Vega Pérez na data 15/02/2021 13:10:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Conselleira do Mar presentaba o 29 de xaneiro de 2021, a Rede de Observadores do Medio Mariño Galego (Redogal), unha ferramenta que ten como obxectivo principal detectar e avaliar a presenza de especies mariñas non habituais no litoral galego que poidan ser indicadoras de cambios ou alteracións no ecosistema mariño ocasionados por factores como a introdución de especies exóticas, o quecemento das augas, a acidificación dos océanos ou a contaminación mariña.

Esta acción, segue a liña iniciada hai dez anos de apostar pola cogobernanza, tendo en conta o saber da comunidade científica, a experiencia do sector e a visión da Administración para garantir o coidado dos recursos e asegurar o mantemento da actividade pesqueira para as xeracións futuras.

Ata agora hai documentadas nas augas atlánticas de Galicia arredor de 6.400 especies mariñas, fronte ás 11.000 rexistradas no conxunto das augas españolas, unha cifra que mostra a elevada riqueza e complexidade dos ecosistemas mariños da comunidade e da necesidade do seu estudo e conservación, un obxectivo no que Redogal terá un papel chave.

Esta rede pretende involucrar ao conxunto da sociedade no seguimento e vixilancia do medio mariño mediante a alerta e comunicación de achados de especies raras ou non habituais nas costas da comunidade.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que beneficios terá a Rede de Observadores do Medio Mariño Galego (Redogal)?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 15/02/2021 13:13:38

José Manuel Balseiro Orol na data 15/02/2021 13:13:53

Ana Belén García Vidal na data 15/02/2021 13:14:18

Manuel Santos Costa na data 15/02/2021 13:14:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Alberto Pazos Couñago na data 15/02/2021 13:14:40

María Elena Suárez Sarmiento na data 15/02/2021 13:14:53

Daniel Vega Pérez na data 15/02/2021 13:15:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Orde do 21 de decembro de 2018 (DOG núm. 22, do 31 de xaneiro de 2019) establece as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020.

No seu artigo 18, a citada orde establece que a presentación das solicitudes se mantén aberta ata o 1 de marzo de 2021 e que a derradeira resolución de concesión se realizará con anterioridade ao 1 de setembro de 2021.

O artigo 16 establece, así mesmo, que as axudas se concederán con cargo ás aplicacións orzamentarias que en cada un dos anos de vixencia do actual programa operativo FEMP 2014-2020 sinala a correspondente lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, e que se fixará en cada anualidade sucesiva, mediante unha orde complementaria, o crédito plurianual existente con esa finalidade.

O DOG do 14 de xaneiro de 2021, publicaba a orde pola que se fixa o importe do crédito dispoñible na convocatoria de 2021 para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de pesca 2014-2020.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:
Cal é o orzamento destinado en 2021 de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas pola Consellería do Mar para os grupos de acción local do sector pesqueiro?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 15/02/2021 13:18:25

José Manuel Balseiro Orol na data 15/02/2021 13:18:36

Ana Belén García Vidal na data 15/02/2021 13:18:48

Manuel Santos Costa na data 15/02/2021 13:18:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Alberto Pazos Couñago na data 15/02/2021 13:19:03

María Elena Suárez Sarmiento na data 15/02/2021 13:19:15

Daniel Vega Pérez na data 15/02/2021 13:19:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O DOG do 14 de xaneiro de 2021 publicaba a orde do 4 de xaneiro de 2021 pola que se fixa o importe do crédito dispoñible na convocatoria de 2021 para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas pola Consellería do Mar aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020.

Con anterioridade, o DOG do 31 de xaneiro de 2019, publicaba a orde do 21 de decembro de 2018 establecía as bases reguladoras para a concesión destas axudas.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o orzamento destinado en 2021 para proxectos de desenvolvemento local participativo (EDLP) para os grupos de acción local do sector pesqueiro?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 15/02/2021 13:22:39

José Manuel Balseiro Orol na data 15/02/2021 13:22:50

Ana Belén García Vidal na data 15/02/2021 13:23:02

Manuel Santos Costa na data 15/02/2021 13:23:10

José Alberto Pazos Couñago na data 15/02/2021 13:23:17

María Elena Suárez Sarmiento na data 15/02/2021 13:23:27

Daniel Vega Pérez na data 15/02/2021 13:23:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta oral en Pleno**, sobre os ecoesquemas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Política Agraria Común prevista para o período 2023-2027 avanzará un
chango máis nas esixencias ambientais. O plan estratéxico desta nova PAC conta con
cambios de concepto en diversas cuestións que afectarán ás persoas beneficiarias das
axudas.

Boa parte das axudas directas da PAC ao agro encamiñase a lograr maiores
compromisos ambientais de agricultores/as e gandeiros/as, pois un mínimo dun 20%
dos pagos directos abonarase por medio dos chamados ecoesquemas (que podería
chegar a acadar ata un 30%), que son liñas de axudas orientadas a primar prácticas que
contribúan principalmente a mellorar a biodiversidade e a loitar contra o cambio
climático.

O deseño dos ecoesquemas, que se encadran no primeiro pilar da PAC,
corresponde a cada Estado membro, se ben o Plan Estratéxico Nacional de España terá
que ser refrendado por Bruxelas.

Para ser aprobados pola Comisión Europea, os ecoesquemas teñen que impulsar
esixencias ambientais superiores ás da condicionalidade reforzada da Política Agraria





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Común. Tamén terán que ser medidas diferentes das que figuran nas axudas agroambientais (pilar 2).

Os ecoesquemas deben responder aos 3 obxectivos específicos medioambientais definidos relativos ao cambio climático e á enerxía sostible; ao desenvolvemento sostible e á xestión eficiente dos recursos naturais; e á protección da biodiversidade, os servizos ecosistémicos, a conservación dos hábitats e das paisaxes.

A primeira proposta de ecoesquemas, elaborada no 2.020 polo Ministerio de Agricultura, presentaba escasas opcións para as granxas galegas, se ben a nova proposta trasladada ás Comunidades Autónomas fai uns días amplía o abano de posibles alternativas (pastoreo extensivo, manexo apropiado dos pastos con sega de prados e marxes sen segar, agricultura de precisión, plans de uso sostible de fitosanitarios, prácticas para a mellora da biodiversidade, rotación de cultivos con especies mellorantes e agricultura de conservación con sementeira directa).

Tendo en conta que a intención do Ministerio de Agricultura é o de aprobar os ecoesquemas definitivos para esta primavera, é vital coñecer a incidencia que van a ter para Galiza, xa que tradicionalmente a centralización das negociacións fixo que os Plans Estratéxicos foran elaborados priorizando particularidades propias doutras rexións como a mediterránea ou a do Sur de España, relegando as necesidades galegas a un papel secundario.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que está defendendo o Goberno galego en Madrid a respecto dos ecoesquemas para o agro galego?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 15/02/2021 16:39:03

María González Albert na data 15/02/2021 16:39:14

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/02/2021 16:39:25



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Sepsé pódese considerar coma unha crise de saúde global, xa que afecta a case 30 millóns de persoas cada ano no mundo, dos que 9 millóns dos afectados morren. Calcúlase que a sepsé produce unha morte cada 3,5 segundos.

A incidencia e mortalidade en España segue sendo elevada a pesares das medidas que se están tomando dende diferentes ámbitos sanitarios.

De feito, os últimos estudos epidemiolóxicos indican unha incidencia de 87 casos por cada 100.000 habitantes e ano e unha mortalidade do 40% .

Tendo en conta a importancia de esta patoloxía e os datos tan alarmantes que arroxa, na nosa Comunidade Autónoma o SERGAS pon en marcha o Plan para a atención á sepsé (código sepsé) en Galicia.

Un programa baseado na evidencia científica, có convencemento da necesidade de concienciar sobre a importancia da sepsé, asegurar unha abordaxe coordinada multidisciplinaria que identifique de xeito precoz o enfermo séptico en todos os ámbitos asistenciais e garantir a implantación de maneira inmediata de todas as medidas que demostraron reducir a mortalidade da sepsé.

Coñecemos da importancia do protocolo Código Sepsé, que pretende estruturar, de forma adecuada, todos os procesos sanitarios para a atención temperá dos pacientes con sepsé, é dicir, realizar un diagnóstico precoz e instaurar o tratamento antibiótico canto antes, coa finalidade de reducir os datos de mortalidade que esta patoloxía provoca.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Que avaliación fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do Plan de asistencia á sepsé de Galicia (Código Sepsé) posto en marcha no ano 2018?



Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/02/2021 17:07:03

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 15/02/2021 17:07:19

José Alberto Pazos Couñago na data 15/02/2021 17:07:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Noelia Pérez López na data 15/02/2021 17:07:47

María Corina Porro Martínez na data 15/02/2021 17:08:00

María Elena Suárez Sarmiento na data 15/02/2021 17:08:27

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/02/2021 17:08:42

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A desnutrición é un problema recoñecido nos pacientes hospitalizados, especialmente nos pacientes máis críticos.

A prevalencia da desnutrición nos pacientes hospitalizados oscila entre o 30 e o 60%, sendo aínda máis elevada nos pacientes graves, debido á alteración no metabolismo dos diferentes substratos e ao déficit de nutrientes.

A terapia nutricional especializada no paciente crítico foi, durante moito tempo, unha das intervencións terapéuticas máis discutidas, antepoñéndose outros tratamentos que se consideraban máis importantes para unha mellor evolución clínica destes pacientes.

Nos últimos anos, numerosos estudos fixeron mudar esta situación, o feito de que a desnutrición é un factor de risco independente da morbilidade, con aumento da taxa de infeccións, de estancias na unidade de coidados críticos e no hospital, días de ventilación mecánica, dificultade para a cicatrización das feridas e aumento da mortalidade.

Ao mesmo tempo, a evidencia respecto da efectividade e influencia da terapia nutricional, para a obtención de mellores resultados globais da evolución clínica destes pacientes, foi en aumento nas últimas décadas.

O Servizo Galego de Saúde no seu constante desexo de seguir coidando e mellorando a saúde dos galegos elabora un programa para a optimización da nutrición nos pacientes críticos, no marco da estratexia de Seguridade do Paciente, e a iniciativa dos profesionais das unidades de coidados críticos.

Con este obxectivo, creouse un grupo de traballo multidisciplinar, con profesionais médicos, de enfermaría e farmacéuticos hospitalarios das sete áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, cunha ampla experiencia no soporte nutricional e metabólico especializado nos pacientes en situación crítica.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Por todo isto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que avaliación fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento do Programa Galego para a optimización da terapia nutricional especializada no paciente crítico (Desnutrición Zero) posto en marcha no ano 2019?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/02/2021 17:09:40

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 15/02/2021 17:09:58

José Alberto Pazos Couñago na data 15/02/2021 17:10:07

Noelia Pérez López na data 15/02/2021 17:10:19

María Corina Porro Martínez na data 15/02/2021 17:10:34

María Elena Suárez Sarmiento na data 15/02/2021 17:10:48

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/02/2021 17:11:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A primeira causa de mortalidade na nosa Comunidade son as enfermidades do aparello circulatorio, e dentro de elas, as de maior relevancia i con unha elevada proporción no que a mortalidade se refire destacan principalmente os Síndromes coronarios Agudos,(SCA) e, en particular o Infarto agudo de Miocardio (IAM).

Desde o ano 2005, por iniciativa da Consellería de Sanidade, Galicia conta cun programa de atención ao infarto agudo de miocardio,(PROGALIAM) que a través dos diferentes protocolos clínicos para mellorar a coordinación dos diferentes axentes que interveñen na atención a estes doentes, busca reducir a morbi-mortalidade provocada polo IAM.

Dispoñer de mecanismos de información que permitan coñecer os recursos de que se dispón e as necesidades que ten a sociedade son imprescindibles para realizar unha adecuada planificación en calquera ámbito da asistencia sanitaria, o IAM é, polas súas propias características, unha das patoloxías máis susceptibles de beneficiarse dun sistema de recollida, análise e tratamento de datos, para a realización de estudos epidemiolóxicos e clínicos que permitan avaliar o proceso e valorar a calidade da asistencia destes/as pacientes, así como planificar as modificacións que sexan precisas para a súa mellora continua, de xeito que se promova a equidade no acceso ás prestacións do sistema sanitario e os seus procedementos diagnósticos e terapéuticos.

O 13 de maio do ano 2015 anunciouse a creación do rexistro galego do infarto agudo de miocardio, que foi publicado no DOGA de 15 de maio do 2015.

Un rexistro consensuado e desenrolado baixo os criterios dos profesionais de cardiología do Servicio Galego de Saúde que supuxo un grande avance, por ser un rexistro único en toda a Comunidade Autónoma, con criterios comúns en todos os servizos de cardiología da Comunidade, para poder obter datos que puideran beneficiar os doentes de esta patoloxía con consecuencias tan devastadoras.



Por todo elo, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Que melloras nos resultados asistenciais ten obtido ata o momento o SERGAS grazas ao Rexistro Galego de Infarto Agudo de Miocardio creado no ano 2015?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/02/2021 17:11:41

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 15/02/2021 17:11:58

José Alberto Pazos Couñago na data 15/02/2021 17:12:07

Noelia Pérez López na data 15/02/2021 17:12:17

María Corina Porro Martínez na data 15/02/2021 17:12:32

María Elena Suárez Sarmiento na data 15/02/2021 17:12:44

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/02/2021 17:12:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Esclerose Lateral Amiotrófica (ELA) é unha enfermidade do sistema nervioso central caracterizada por unha dexeneración progresiva das neuronas motoras na corteza cerebral, o tronco do encéfalo e a médula.

Trátase da terceira enfermidade neurodexenerativa en incidencia, despois da demencia e a enfermidade de Párkinson.

Esta é, xunto ás súas variantes, a enfermidade de neurona motora máis frecuente do adulto.

Na actualidade, non hai posibilidade de ofrecer unha curación da enfermidade, pero o que si podemos ofrecer os e as pacientes que padecen ELA, e tratar de mellorar a súa calidade de vida, e acompañalas neste duro proceso de adaptación a súa nova realidade e tamén aos seus familiares, mediante un modelo atención que chegue a ser un paradigma na calidade dos coidados que reciban.

A organización das consultas de acto único nos hospitais de Galicia, ou o compromiso de axilizar a tramitación da valoración da discapacidade aos pacientes con ELA para que a súa resolución se emita no prazo máximo dun mes dende o momento da solicitude, son dous exemplos destes novos deseños organizativos.

Unha enfermidade na que ademais do servizo de Neuroloxía, están implicados Rehabilitadores, Fisioterapeutas, Logopedas, Terapistas ocupacionais ou Psicólogos, necesita coordinación e esforzos por parte de todos os profesionais implicados; para obter os mellores resultados.

Por parte do Servizo Galego de Saúde fíxose un gran esforzo para o diagnóstico precoz desta enfermidade, tanto no ámbito hospitalario como en atención primaria e para a coordinación de tódolos servizos implicados no tratamento de estes pacientes.



Galicia foi a primeira Autonomía, das 11 que firmaron o convenio, en abordar o acordo subscrito entre a Xunta, a través das Consellerías de Sanidade e Política Social, coa Fundación Francisco Luzón, con "un enfoque clínico e socioasistencial para obter unha mellor calidade de vida nos pacientes " con ELA.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Que avaliación fai a Xunta de Galicia dos resultados do proceso asistencial integrado para a esclerose lateral amiotrófica posto en marcha no ano 2018?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/02/2021 17:13:45

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 15/02/2021 17:14:03

José Alberto Pazos Couñago na data 15/02/2021 17:14:13

Noelia Pérez López na data 15/02/2021 17:14:22

María Corina Porro Martínez na data 15/02/2021 17:14:37

María Elena Suárez Sarmiento na data 15/02/2021 17:14:49

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/02/2021 17:15:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Noa Presas Bergantiños e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a modificación do Decreto 23/2021, polo que se crean e regulan os rexistros de intermediarios de crédito inmobiliario e de prestamistas inmobiliarios de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2019, do 15 de marzo, reguladora dos contratos de crédito inmobiliario ten como obxecto a transposición da Directiva 2014/17/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de febreiro de 2014, así como, e segundo establece a súa exposición de motivos, “vista a experiencia até a data, recuperar a confianza dos prestameiros, introducindo unhas previsións cuxa finalidade é a de potenciar a seguranza xurídica, a transparencia e comprensión dos contratos e das cláusulas que os compoñen, así como o xusto equilibrio entre as partes.”

Ao abeiro da Lei 5/2019, a Xunta de Galiza ven elaborando a normativa de desenvolvemento no ámbito das súas competencias, o que inclúe a obriga de crear un Rexistro de intermediarios de crédito inmobiliario que se regula no Decreto 23/2021.

A creación de este rexistro podería terse aproveitado para definir correctamente o ámbito de aplicación da propia Lei 5/2019, excluindo explicitamente aqueles operadores que polas súas características intrínsecas e sociais deberían quedar ao marxe da aplicación de esta normativa, e nomeadamente, as seccións de crédito das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cooperativas, xa que non interveñen no mercado de servizos financeiros con carácter empresarial ou profesional, nin con unha finalidade exclusivamente inversora.

De feito, estas entidades están sometidas con carácter a xeral a un distinto marco legal, o constituído pola Lei 27/1999, de 16 de xullo, de Cooperativas do Estado, e á Lei 5/1998, de 18 de decembro, de Cooperativas de Galiza. Distinta actividade, distinto marco legal de referencia.

A posibilidade das cooperativas contar con unha sección de crédito queda circunscrita por esta normativa exclusivamente aos socios da cooperativa, sendo unha actividade de “autocrédito”, polo que a diferenza do que acontece con outras figuras societarias, o cooperativista é a un tempo prestameiro e prestamista do crédito concedido.

Por outra banda, maniféstase neste tratamento indiferenciado un descoñecemento absoluto da composición e funcionamento democrático dos órganos de goberno das cooperativas tal como ven regulado na súa normativa de referencia, homologando os consellos de administración das sociedades financeiras cos consellos reitores das cooperativas, impoñéndolles uns determinados requirimentos de formación e coñecementos técnicos que vulneran os dereitos de sufraxio pasivo das persoas socias das cooperativas.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que debe igualar o funcionamento e requisitos das seccións de crédito das cooperativas cos grandes bancos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Noa Presas Bergantiños

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 15/02/2021 18:02:31

Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2021 18:02:34

Daniel Pérez López na data 15/02/2021 18:02:43



Á Mesa do Parlamento

Borja Vereá Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Ángel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Dominguez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en pleno**.

A celebración do Ano Santo e a súa ampliación ao bienio 2021-2022 servirá como elemento de recuperación económica de Galicia e como referente na exaltación dos valores humanos e de hospitalidade da nosa terra.

Nas actuais circunstancias faise especialmente necesario desenvolver unha gran acción de promoción que dea a coñecer á cidadanía o espírito do Xacobeo, o Camiño de Santiago e todos os recursos naturais, culturais e gastronómicos de Galicia. Ademais, para promover ante os posibles visitantes que Galicia é un destino seguro que cumpre con todas as garantías sanitarias.

Para isto faise precisa unha colaboración entre administracións, ademais das medidas de apoio ao sector que está levando a cabo o Goberno galego resulta preciso una implicación activa do Goberno central.

É polo que, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Ten coñecemento o Goberno da Xunta de Galicia dalgún novo compromiso de apoio económico por parte de Goberno do Estado para a celebración do bienio Xacobeo 2021-2022?

Santiago de Compostela, 15 de Febreiro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Borja Vereá Fraiz na data 15/02/2021 18:53:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Marta Nóvoa Iglesias na data 15/02/2021 18:59:15

Cristina Sanz Arias na data 15/02/2021 18:59:27

José Antonio Armada Pérez na data 15/02/2021 18:59:50

Ovidio Rodeiro Tato na data 15/02/2021 19:00:16

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/02/2021 19:00:34

Sandra Vázquez Domínguez na data 15/02/2021 19:01:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O 31/07/2020 en sesión ordinaria, o Pleno da Corporación de Petín adoptou por unanimidade o seguinte acordo: “A tramitación ante a Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Social, e ao mesmo tempo ante a Deputación Provincial de Ourense a construción dunha Residencia Pública para persoas maiores.”

Actualmente Petín é o único concello da comarca de Valdeorras que carece de servizos que presenten unha atención integral e continuada para as persoas maiores. Segundo os datos do padrón local, un 32,43 % da poboación de dito concello ten máis de 65 anos de idade.

Tendo en conta estas circunstancias é fundamental que os veciños e veciñas de Petín contén cunha residencia de maiores que evite o éxodo dos seus habitantes cara a outros núcleos de poboación que dispoñan de este tipo de recursos.

Hai que ter en conta por outra banda, que a familia e contorna da persoa que ingresa nunha residencia fóra do seu núcleo terá dificultades engadidas para visitar e manter contacto habitual coa mesma.

Polo que, dende o Grupo Parlamentario Socialista instamos a Xunta a que acceda á demanda veciñal de Petín para dotar dunha residencia de maiores ao concello e así contribuír a mellorar as condicións de vida das persoas maiores de Petín así coma das súas familias, e ao mesmo tempo colaborar no marco de acción do plan de impulso demográfico de Galicia afianzando poboación.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:



Considera a Xunta de Galicia necesario un centro de atención residencial en Petín? Se é así, que tipo de iniciativas ten pensado facer ao respecto?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 16/02/2021 10:21:32

Julio Torrado Quintela na data 16/02/2021 10:21:48



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** solicita se realice a seguinte **reformulación** da pregunta para a súa resposta oral en **Pleno doc. núm. 11061**:

Considera a Xunta de Galicia necesario un centro de atención residencial en Petín?

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 22/02/2021 11:07:11

Julio Torrado Quintela na data 22/02/2021 11:07:27



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Fai un ano aproximadamente, a Xunta de Galicia anunciou un plan de actuación destinado ás persoas en situación de soidade non desexa. En concreto, a través da configuración dunha rede social de apoio en colaboración con entidades sociais e locais.

Actualmente estamos a vivir un contexto de pandemia sen precedentes, que deu conta das carencias do sistema de coidados nas persoas maiores e dependentes, pero tamén doutras realidades silenciadas que hoxe máis que nunca se significan, como é a realidade das persoas en soidade non desexada.

Galicia é un dos lugares cun maior número de persoas maiores de todo o país e incluso de Europa. Ademais o modelo de unidade familiar foi mudando, xa que na actualidade o número de fogares constituído por unha persoa vai en aumento.

Os efectos da pandemia e do propio illamento social froito das restricións e confinamentos, deu lugar a un incremento de consultas por saúde mental por unha banda, e por outra a realidades silenciadas ou sen tratar por medo a acudir aos servizos sanitarios.

As persoas que viven en soidade non desexada están a sufrir os efectos da pandemia agravando as consecuencias desa soidade aínda máis polo illamento social derivado das restricións.

Por estes motivos, dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos urxente levar a cabo unha diagnose do problema mediante estudos que dean conta da “radiografía” da soidade non desexada en Galicia, así como elaborar de xeito urxente e en función dos resultados de dito estudo, un Plan Galego para a Soidade Non Desexada.

Dito plan en colaboración con entidades sociais e locais, dotaría dos recursos orzamentarios precisos aos mesmos, para coordinar os estudos e actuacións oportunas para coñecer a realidade da soidade non desexada en Galicia e levar a cabo o seguimento e actuacións concretas con este colectivo de poboación.



Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cales son os “pasos” que a consellería deu en canto á soidade non desexada?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 16/02/2021 10:22:01

Julio Torrado Quintela na data 16/02/2021 10:22:12



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, María Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, Ramón Carballo Páez, María Encarnación Amigo Díaz, Cristina Sanz Arias, José Manuel Balseiro Orol, Sandra Vázquez Domínguez, Daniel Vega Pérez, Carmen Pomar Tojo, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno**.

O pasado mes de novembro o Goberno galego iniciou as obras de conversión en autovía da vía de altas prestacións Nadela-Sarria, no treito entre A Pobra de San Xiao e Sarria centro, ás que ten previsto destinar un investimento de máis de 24 millóns de euros.

Unha actuación moi agardada entre os concellos directamente beneficiados polo seu trazado pero, en xeral, por todos os habitantes da zona sur da provincia de Lugo.

Os principais obxectivos desta actuación, segundo explicou a propia administración autonómica, pasan por reforzar a seguridade viaria, mellorar a funcionalidade e o nivel de servizo da estrada.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en pleno:

1.- Como están a avanzar os traballos da primeira fase para a conversión en autovía da vía de altas prestacións Nadela-Sarria?

Santiago de Compostela, a 16 de Febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 16/02/2021 10:27:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Elena Candia López na data 16/02/2021 10:27:51

Raquel Arias Rodríguez na data 16/02/2021 10:28:12

María Encarnación Amigo Díaz na data 16/02/2021 10:29:09

Ramón Carballo Páez na data 16/02/2021 10:29:26

Cristina Sanz Arias na data 16/02/2021 10:29:40

José Manuel Balseiro Orol na data 16/02/2021 10:30:12

Sandra Vázquez Domínguez na data 16/02/2021 10:30:25

Daniel Vega Pérez na data 16/02/2021 10:30:46

María Sol Díaz Mouteira na data 16/02/2021 10:31:27

Carmen María Pomar Tojo na data 16/02/2021 10:31:40

Marta Nóvoa Iglesias na data 16/02/2021 10:31:50

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/02/2021 10:32:13



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Existen varias fontes de formación oficial para o persoal do Servizo de Incendios:

1.-Os seis centros de formación agroforestal da Consellería do Medio Rural situados en Guísamo, Becerreá, Sergude, Ribadeo, Monforte y Lourizán.

Ofertan unha variedade de cursos entre as ensinanzas regladas e a non regladas, tamén chamadas de formación continua.

Considera este grupo parlamentario que hoxe se encontran infrautilizados pola Consellería do Medio Rural, a pesares de estar dotadas de profesorado especializado, así como instalacións ben dotadas para impartir cursos especializados para o persoal do SPIF.

2.- Egasp: Escola Galega de Administración Pública

3.- Agasp: Academia Galega de Seguridade Pública

Esta última, é unha escola específica de formación destinada ás emerxencias, nela impártese formación aos seguintes corpos: - Policía - Garda Civil - bombeiros - xuíces, maxistrados - GES - Protección Civil.

Contan tamén cunhas instalacións óptimas para impartir formación ao Servizo de Incendios Forestais da Xunta.

Foi, tras anos de reivindicacións cando a partir de 2018 se levou a cabo un acordo entre Agasp e Medio Rural e comezaron a darse de maneira tímida algo máis de oferta de formación a persoal de brigadas do SPIF.

Os cursos que se deron nos tempos previos á pandemia eran no número de prazas ofertadas escaso, debido a que o servizo está formado por en torno a 3.000 efectivos (2.995 segundo Pladiga 2020).

Na actualidade, en tempos de pandemia polo SARS-COV-2, a opción á que acudiu Medio Rural foi ao da teleformación da Agasp, que a pesar da plataforma



sinxela e de fácil acceso para formar a máis profesionais que de maneira presencial, volveu a dar formación a contagotas, cunha oferta escasa e de escaso contido:

Formación en liña 2020:

- Seguridade en incendios forestais: 240 prazas
- Manexo de aplicacións cartográficas: 50 técnicos
100 axentes
- Xestión de comunicacións: 105 emisoristas
- Grandes incendios forestais: 60 técnicos
90 axentes

Cun dispositivo de 3.000 efectivos, vese unha oferta bastante escasa debido ao baleiro formativo de tantos anos e sobre todo ao cambio nas emerxencias que estamos tendo na actualidade, con incendios de cada vez maior intensidade e xa descritos como lumes de 6ª xeración.

Ademais disto, estase vendo como o SPIF é un dispositivo versátil e con gran capacidade de adaptación a calquera tipo de continxencia no medio rural, podendo dar resposta non só ás labores silvícolas ou de loita contra incendios. Os SPIF conta con profesionais con alto grao de vocación de servizo público e de estar onde a sociedade os necesita en cada momento

Facendo unha aposta clara para mellorar o servizo e a capacidade de resposta ás continxencias no medio natural e rural, cremos que debería ter unha maior oferta e máis especializada de prazas e ámbitos de formación que non sexan as de dar ano tras ano a física básica do lume

Feito criticado polos profesionais, que a maioría coincide en que se está a impartir ano tras ano formación en incendios de 1ª xeración cando xa se vai pola 6ª.

Así as cousas o servizo necesita unha programación concreta e planificada de formación e protocolos, consolidados con exercicios de simulacros a nivel de distrito ou provincial, para unha boa anclaxe de conceptos e poder dar unha resposta organizada e profesional, que é o obxectivo principal que perseguen estes profesionais.

Reflectimos algunhas das necesidades formativas:



- Incendios en entorno de Interfaz Urbano-Forestal, seguridade e operacións (non nos esquezamos da ola de incendios acaecida en outubro do 2017).
- Condución de vehículos todoterreo
- Protección de edificacións en incendios forestais
- Comunicacóns e manexo de aplicación cartográficas
- Uso do lume técnico e queimas prescritas
- Mobilización de medios para incendios
- Coordinación en grandes incendios forestais (>500 ha)
- Busca de persoas desaparecidas no medio rural
- Achiques e inundacións
- Actuacións en episodios de fenómenos meteorolóxicos adversos - manexo do estrés en situacións de emerxencia.
- Defensa verbal e resolución de conflitos no ámbito forestal para brigadas

O que se persigue o persoal é sobre todo dar un servizo versátil, e temos uns profesionais dispostos, feito demostrado nos centos de desinfeccións que realizaron de maneira voluntaria nos peores meses da pandemia, realizadas en colexios, residencias xeriátricas e centros de saúde.

En definitiva, o protocolo a seguir cremos que non debería ser outro que:

1. Cubrir necesidades de formación ampliando a oferta formativa non só en prazas, senón en ámbitos formativos, acordes ás novas necesidades de solución de emerxencias que ten a Administración e a sociedade.
2. Consolidación dos coñecementos mediante simulacros reais, que ben puidesen ser impartidos nos centros de formación agroforestal da Consellería do Medio Rural, no que se dispoñen de terreos con superficie suficiente para tal fin.
3. Establecemento en relación ca aprendizaxe, de novos protocolos.
4. Todas as actividades que sexan encamiñadas ao anclaxe e consolidación, co aumento de calidade de servizo público.

Todas estas medidas son prioritarias e se poden por en marcha a maior brevidade, en contraposición as anunciadas polo Conselleiro do Medio Rural en relación o centro de formación específico para Bombeiros Forestais, que manifestou que sería un centro de referencia en despregues, demostrando que non coñecen as necesidades formativas do persoal, que dista moito dos “despliegues”, termo que nin existe no Pladiga.



Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Ten pensado o Goberno galego impartir formación para o persoal do SPIF nos seis centros de formación agroforestal da Consellería do Medio Rural xa que contan con persoal docente e con instalacións adecuadas?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 16/02/2021 10:36:58

Martín Seco García na data 16/02/2021 10:37:15



Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Elena Candia López, Diego Calvo Pouso, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno.**

A Xunta de Galicia ven de aprobar unha bonificación do suelo industrial do Porto Seco de Monforte do 50%. Ademais traballa no obxectivo de completar e mellorar as futuras vías de acceso ao Porto Seco de Monforte, en particular, na conexión desta infraestrutura loxística coa estrada autonómica LU-933 e coa estrada Nacional 120.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade deseñou o trazado deste novo viario, que prevé un investimento superior aos 4,5 millóns de euros se sumamos á execución dos traballos o orzamento preciso para a expropiación dos terreos e para a reposición dos servizos afectados.

Esta conexión resulta fundamental para que o porto seco de Monforte sirva como infraestrutura estratéxica capaz de atraer novas empresas e xerar novas oportunidades de emprego na comarca, un aspecto clave para contribuír á reactivación económica.

O proxecto deseñado pola Xunta prevé prolongar o acceso ao Porto Seco ata a N-120. O actual viario de entrada á terminal intermodal de mercadorías foi executado en 2015 pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda, que invertiu un total 7,5 millóns de euros para executar a conexión dende a propia terminal ata a estrada autonómica LU-933 (Monforte - A Rúa), de 2,3 km de lonxitude.

A nova conexión permitirá absorber o tráfico xerado pola área loxística e de intercambio de mercadorías do Porto Seco e constituirá a súa principal vía de unión coa Meseta e o sur de Galicia, ao tempo que evitará o paso de vehículos, sobre todo de tráfico pesado, polo núcleo urbano de Monforte de Lemos.

Con todo, a execución deste proxecto atópase bloqueada na actualidade como consecuencia da falta de compromiso do Goberno de Pedro Sánchez que, lonxe de colaborar no desenvolvemento desta infraestrutura, obstaculiza as autorizacións necesarias para avanzar nesta iniciativa.



Todo iso a pesar de que os orzamentos da Xunta de Galicia para 2021 contemplan unha partida orzamentaria específica, por valor de 750.000 euros, que permitirán seguir impulsando este proxecto tan relevante para a comarca de Lemos.

Cómpre lembrar que o Porto Seco de Monforte concentra nun único espazo as actividades relacionadas coa intermodalidade estrada ferrocarril. Supón a posta a disposición de empresas e particulares dunha superficie de 307.053 metros cadrados de solo industrial que, ata o momento, mobilizaron un investimento de preto de 20 millóns de euros, sufragados na práctica totalidade polo Goberno galego.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en pleno:

1.- En que situación se atopa o proxecto de conexión do porto seco de Monforte coa estrada Nacional 120?

Santiago de Compostela, a 16 de Febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 16/02/2021 12:44:04

María Elena Candia López na data 16/02/2021 12:44:23

Diego Calvo Pouso na data 16/02/2021 12:44:42

Ramón Carballo Páez na data 16/02/2021 12:45:09

José Manuel Balseiro Orol na data 16/02/2021 12:45:23

Carmen María Pomar Tojo na data 16/02/2021 12:45:37

María Sol Díaz Mouteira na data 16/02/2021 12:46:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Marta Nóvoa Iglesias na data 16/02/2021 12:46:15

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/02/2021 12:46:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Rosana Pérez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o estado no que se atopa o dique flotante emprazado no muelle da Mosqueira no Concello de Moaña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xuño, levouse a cabo a instalación duns bloques de formigón para a realización dun dique de abrigo no muelle da Mosqueira situado no Concello de Moaña.

Esta acción nace dunha reclama histórica do sector bateiro que opera no concello e pola cal levaban máis de 10 anos esperando. A posta en marcha dun dique de abrigo permite amarrar con seguridade as embarcacións de traballo, nun lugar onde era necesario que se dotara desta infraestrutura.

A instalación do dique finalizou o pasado mes de xullo e contou cun investimento de máis de 650.000 euros.

Medio ano despois varios dos bloques que compoñen o dique de abrigo atópanse en moi mal estado, presentando mesmo roturas. Recibidas múltiples queixas do sector bateiro que ven frustradas as súas aspiracións de contar cunhas instalacións seguras e despois de 10 anos de espera para a súa instalación, é inadmisíbel que o dique de abrigo presente un nivel tan elevado de desperfectos.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ante os desperfectos que presenta o dique de abrigo do peirao da Mosqueira, situado no Concello de Moaña, que medidas pensa adoptar a Xunta de Galiza para reverter esta situación e cumprir coa reclama histórica do sector en Moaña?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Rosana Pérez Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 16/02/2021 13:51:10

Rosana Pérez Fernández na data 16/02/2021 13:51:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Manuel Lourenzo Sobral e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a chegada a moitos centros educativos galegos do suplemento da Voz de Galicia “La Voz de la Escuela” número 1265 no que aparece un discurso ideoloxicamente marcado e doutrinario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 14 de abril de 1982 o xornal La Voz de Galicia creaba un suplemento chamado La Voz de la Escuela co que en palabras do propio xornal “quere converterse nunha nova ferramenta pedagóxica e didáctica nas aulas. O seu obxectivo é introducir o xornal na escola para que, partindo das súas informacións, profesores e alumnos constrúan os seus propios programas en contacto coa vida e coñezan o alto valor da prensa escrita nunha sociedade libre e democrática.”

Pola contra, estes motivos fundacionais tan louvables chocan estrepitosamente coa información fornecida no número 1265 do día 10 de febreiro do ano 2021. Nesta publicación dedícanse dúas páxinas a analizar a política catalá, mais concretamente as eleccións autonómicas do pasado domingo 14 de febreiro.

Este feito, que desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos como positivo, xa que ter nocións sobre as características políticas e a actualidade doutras nacións é algo enriquecedor, educativo e que axuda a que os rapaces e rapazas comecen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a mirar cara a política e a elaborar os seus propios razoamentos vese totalmente truncado pola ausencia total de imparcialidade.

Deste xeito, este suplemento que chega a centos de centros públicos do noso país e que é empregado para impartir aulas pasa a converterse nun panfleto absolutamente cargado de ideoloxía e no que se poden ler cousas como “Un voto de Lérida vale el doble que un voto de Barcelona (...) Eso suele jugar en contra de partidos como el PSC”, “El 155: cuando el Gobierno español tomó el control. ¿Qué hace un Gobierno cuando una parte del Estado se rebela y viola la Ley? Acude a la Justicia. Y eso hizo, pero los responsables políticos catalanes se saltaron a los jueces también. En este caso —que no se había dado antes—, el Gobierno central activó el artículo 155 de la Constitución para tomar el control de las instituciones y garantizar que se cumplieran las leyes. La democracia no es solo votar, sino también es respetar las leyes que aprobaron nuestros representantes.”, “Los nacionalismos, fuente de conflicto por excluir y discriminar a quienes nacen en otro lugar” ou “El independentismo tiene que ver con la economía. Al igual que en Cataluña, Flandes (Bélgica), California (EE.UU.) o Milán (Italia) quieren deshacerse de sus vecinos pobres.”

Estes son só algúns dos exemplos cos que se intenta desacreditar a todas as opcións políticas nacionalistas e ou independentistas, ofrecéndolle aos e ás alumnas un discurso totalmente parcial de odio a Cataluña e a todo aquilo que represente unha visión diferente á unidade territorial do Estado español. Por esta razón, desde o BNG consideramos inaceptable que a Xunta de Galiza e a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade permitan que materiais coma estes sexan usados como material docente, xa que as escolas e institutos teñen a obriga de ser centros ideoloxicamente neutros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que documentos como o número 1265 do suplemento La Voz de la Escuela poden ser empregados nas aulas dos centros educativos do noso país?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 16/02/2021 14:09:18

Mercedes Queixas Zas na data 16/02/2021 14:09:24

Daniel Castro García na data 16/02/2021 14:10:51



Á Mesa do Parlamento

Borja Vereza Fraiz, Paula Prado del Río, Diego Calvo Pouso, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno**.

Nas últimas semanas os medios de comunicación fixéronse eco das queixas dos veciños de varias parroquias do concello de Ames por considerar que as súas posibilidades de mobilidade, fundamentalmente no que atinxe ás conexións con Santiago, se vían reducidas pola eliminación dunha liña de autobús.

O Concello de Ames facía responsable á Xunta desta situación, achacando que o Plan de Transporte Público de Galicia, implantado o pasado 23 de decembro, non incluía a prestación deste servizo. Porén, o Goberno galego aducía que a liña que comunicaba varias parroquias amienses, especialmente a de Ortoño, coa capital de Galicia formaba parte da prolongación dunha liña de transporte urbano do Concello de Santiago, que este decidira eliminar e, en consecuencia, que non era da súa competencia a restitución deste servizo.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Cal é situación na que se atopa a prestación do servizo de transporte colectivo por estrada no concello de Ames dende a implantación do Plan de Transporte Público de Galicia o pasado 23 de decembro?

Santiago de Compostela, a 16 de febreiro de 2021.

Asinado dixitalmente por:

Borja Vereza Fraiz na data 16/02/2021 14:03:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Paula Prado del Río na data 16/02/2021 14:03:58

Diego Calvo Pouso na data 16/02/2021 14:04:14

Ramón Carballo Páez na data 16/02/2021 14:05:57

José Manuel Balseiro Orol na data 16/02/2021 14:06:14

Carmen María Pomar Tojo na data 16/02/2021 14:06:37

María Sol Díaz Mouteira na data 16/02/2021 14:06:51

Marta Nóvoa Iglesias na data 16/02/2021 14:07:21

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/02/2021 14:07:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Luis Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Plan de Sendas na comarca do Morrazo, prevía a construción de oito novas sendas que sumaban 10 quilómetros.

Os itinerarios proxectados no Plan de Sendas para a comarca do Morrazo localízanse na PO-551 e na PO-313 e son: Vilaseca-Lapamán, en Marín; Alto da Portela-CG4.1, en Bueu; Bagüín-Seixo, en Marín; Trasouto-A Madalena, no concello de Cangas; Coirados-Pardavila, en Marín; A Moureira-Palmás, en Moaña; Pardavila-Cadro, en Marín; e Trasouto-Alto da Portela, no concello de Bueu.

Os obxectivos prioritarios deste plan son protexer e aumentar a seguridade de peóns e ciclistas e promover unha mobilidade máis sostible, favorecendo modos de viaxe menos contaminantes e alternativos ao uso de vehículos privados.

En abril de 2018 a Xunta somete a información pública o proxecto da senda peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás, no concello de Moaña.

A Xunta anunciou que ía destinar preto de 580.000 euros a esta ruta peonil e ciclista, cuxa licitación das obras, segundo a consellería de Infraestruturas faríase ese ano 2018, simultaneamente coa eliminación dos dous tramos de concentración de accidentes en Domaio. Estas actuacións, no seu conxunto, tiñan como obxectivo mellorar a seguridade viaria na estrada PO-551 e os seus arredores.

A tenente alcalde de Moaña no 2019 denunciou que a exposición pública rematara en maio de 2018 é desde esa data non tiveron máis noticias desde o Executivo autonómico e a veciñanza segue a esperar pola adxudicación da senda peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás.

Desde o grupo parlamentario socialista reclamamos celeridade e igualdade entre os Concellos. A Conselleira de Infraestruturas inaugurou este pasado decembro o tramo que une Coirados e Pardavila en Marín e ao mesmo tempo anunciaba



que xa estaba licitada as obras dunha nova senda peonil e ciclista na estrada rexional PO-551, entre Bagüín e Seixo, tamén en Marín. Mentres a senda peonil de Moaña segue sen ser licitada.

A Xunta de Galicia ten que adxudicar a senda peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás, no concello de Moaña. Esta senda leva tempo sendo solicitada tanto polo Goberno municipal como polo tecido asociativo desta vila.

O Grupo Parlamentario Socialista trasladou a Xunta de Galicia a través das emendas aos orzamentos autonómicos de 2021 a demanda á que nos acabamos de referir, sendo rexeitada esta emenda, o que supón que non se leve a cabo a construción desta senda peonil.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vai adxudicar, dentro do primeiro semestre do ano 2021, a senda peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás, no concello de Moaña, para mellorar a seguridade viaria na estrada PO-551 e os seus arredores?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Patricia Otero Rodríguez
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G. P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 16/02/2021 14:12:23

Patricia Otero Rodríguez na data 16/02/2021 14:12:34

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/02/2021 14:12:45



Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A reorganización asistencial, motivada pola declaración de pandemia Covid-19, o 17 de marzo de 2020, fixo que o centro de saúde de Tomiño centralizara temporalmente a actividade na unidade de mañá, xunto co centro de saúde de Goián.

O médico que atendía o consultorio de Goián, o doutor Rica, xubilouse o 18 de xuño de 2020, súa ausencia comezou a partir do 15 de maio, data na que comeza a gozar dos seus correspondentes permisos de vacacións. Esta praza íase ofertar co resto de postos libres na área de Vigo a finais do verán, para a súa cobertura definitiva, segundo anunciou o SERGAS en xullo de 2020.

Durante a tempada estival, debido á falta de suplentes nas listas de contratación, a asistencia dos pacientes do centro de Tomiño realizábase en horario de mañá, sendo cuberta polas tardes polos profesionais do PAC de Tui.

O Grupo Parlamentario Socialista reclama a Xunta de Galicia que se poña en funcionamento, inmediatamente, o servizo médico do consultorio de Goián, suspendido desde que se declarou o estado de alarma por mor da pandemia Covid-19

A Xunta decidiu pechar o consultorio de Goián e trasladar o seu servizo ao centro de saúde de Tomiño e ata hoxe non foi aberto.

O SERGAS esperaba cubrir a praza do médico en Goián en setembro para retomar o servizo. Estamos en febreiro de 2021 e a praza do médico de Goián non foi cuberta.

Este problema está causando malestar entre a cidadanía de Tomiño e fundamentalmente de Goián que demanda urxentemente unha solución ao problema. A Mancomunidad do Baixo Miño acordou solicitar unha xuntanza co Conselleiro de Sanidade. Non existe contestación aínda por parte da Consellería, o que amosa unha desidia pola resolución do problema.



Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cando se vai cubrir a praza vacante do médico do consultorio de Goián en Tomiño?

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G. P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 16/02/2021 14:11:49

Julio Torrado Quintela na data 16/02/2021 14:11:57

Marina Ortega Otero na data 16/02/2021 14:12:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Noa Presas Bergantiños, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os parques eólicos do grupo Avintia no oriente ourensán e no sur de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza asiste nestes momentos a un boom eólico en relación ao cal o BNG ten presentado xa distintas iniciativas. Este boom estase a desenvolver sen unha axeitada planificación e vixilancia públicas, baixo unha arquitectura legal obsoleta e sen garantías para a participación social relegando á cidadanía a meros afectadxs e privándolles dun papel proactivo fronte á xestión que Xunta de Galiza e empresas eléctricas están a facer do territorio.

Isto acontece cun evidente abandono de funcións por parte da Xunta, que nega un debate arredor de cal debe ser o novo modelo enerxético galego para a descarbonización ao tempo que impulsa mudanzas lexislativas para reducir garantías á sociedade e aos concellos galegos e abrir a porta a grandes multinacionais sen retorno socioeconómico e sen unha mínima protección dos valores naturais e patrimoniais.

Neste contexto, despois dunha década de parálise, asistimos a unha expansión sen precedentes que levou a que en 2019, nun só ano, se puxesen en marcha 19 parques e 400MW instalados máis, un número maior aos instalados no conxunto na década anterior. Este desenvolvemento, que podería parecer positivo, estase a dar de forma





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

abrupta, sen planificación e sen consenso coa sociedade dos lugares afectados, e en moitos casos a través dunha fraudulenta fragmentación dos proxectos en proxectos máis pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto. Recentes sentenzas xudiciais como a de Sasdónigas ou da Serra do Iribio dan conta desta situación sinalan tamén o papel da administración galega á hora de rebaixar garantías ambientais e desprotexer espazos singulares.

Neste marco, e ao tempo que o Ministerio de Transición Ecolóxica (MITECO) está a tramitar tres megaparques da empresa pública norueguesa Statkraft que se instalarán na provincia de Ourense (e parte da comarca do Bierzo) e suporán un total de 445,5 Mw (no que a todas luces é un único macroproxecto eólico) afectando dous deles especificamente á comarca de Valdeorras, a Xunta de Galiza está a tramitar outros cinco parques eólicos que atinxirán á mesma comarca e ás comarcas veciñas de Quiroga (Lugo), Terras de Caldelas e Terras de Trives.

Querémonos centrar nestes cinco proxectos eólicos que se atopan en distintos momentos de tramitación (estando tres deles agora mesmo en exposición pública) e que levan nomes tan rimbombantes como Ventumelo, Treboada, Xeada, Neboada e Orballeira. Cinco proxectos industriais que suman un total de 250Mw de potencia de nova instalación e que virían a sumarse ao xa aprobado na mesma zona de 21 Mw (Cernego).

Imos ver polo miúdo algunhas das principais características destes cinco parques eólicos que a Xunta de Galiza está a tramitar de xeito separado como se fosen proxectos independentes cando, analizando sen afondar demasiado nos datos xa resulta palpábel que son parte dun mesmo proxecto que tería que ser tramitado, polo tanto, con moitas máis garantías ambientais:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- PE Ventumelo: saíu a exposición pública o 1 de febreiro. Un parque de 50 Mw de potencia con 12 aerogeradores e 2 torres meteorolóxicas que afecta aos municipios de San Xoán de Río, Pobra de Trives (onde se atopa a SET na que descarga) e Ribas de Sil.

- PE Neboada: saíu a exposición pública o 28 de xaneiro. 50 Mw de potencia con 12 aerogeradores e 1 torres meteorolóxica que afecta aos municipios de Quiroga, A Rúa e Vilamartín de Valdeorras pero tamén a Xoán de Río, Pobra de Trives (onde se atopa a SET na que descarga) e Ribas de Sil.

- PE Treboada: Saíu a exposición pública o 28 de xaneiro. 50 Mw de potencia con 12 aerogeradores e 2 torres meteorolóxicas que afecta aos municipios de San Xoán de Río, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Ribas de Sil e Pobra de Trives (onde se atopa a SET na que descarga). Comparte accesos e liña de evacuación cos outros 4 parques

-PE Orballeira: que xa pasou o trámite de exposición pública. 50 Mw de potencia con 12 aerogeradores e 1 torre meteorolóxica que afecta aos concellos da Rúa, Quiroga, Ribas de Sil, San Xoán de Río e Trives. Comparte subestación cos parques de Neboada, Xeada e Treboada así como a liña de evacuación cara a SET Trives.

A día de hoxe, e segundo palabras da directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Paula Uría, están instalados en Galiza un total de 3.826 Mw. Pois ben, estes cinco proxectos, sumados aos tres xa mencionados da norueguesa Statkraft en zonas de afectación contiguas, suporían un total de 695 Mw; ou o que é o mesmo, o equivalente a un 18,1% do total instalado en todo o país.

Así as cousas, e malia as intencións do grupo de proceder á fragmentación en 5 proxectos, é evidente tanto pola súa dimensión, como polo territorio afectado, como á





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

súa promoción por empresas pertencentes ao mesmo grupo empresarial (Avintia) e con mesmo domicilio fiscal, como polo compartillamento de infraestruturas que estamos a falar dun mesmo proxecto que une aos cinco parques nun só.

Desde o grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de novo, observamos con gran preocupación esta situación, que está a ser contestada xa desde o ámbito asociativo e veciñal. Estamos a falar dunha implantación sen precedentes nunha expansión territorial descomunal e carente dunha planificación que poida ser acorde coas necesarias garantías ambientais. Exemplo disto é a proximidade e a interferencia con zonas de alto valor natural, arqueolóxico, patrimonial, social e económico e mesmo de zonas con diversas categorías de protección.

nha primeira cuestión que resulta sorprendente é como a argumentación dos documentos de inicio dos cinco parques emprega o feito de que se estean tramitando outros proxectos na mesma zona (dándoo xa por aprobados) para deixar ver que os impactos xa están solucionados pola propia tramitación dos outros proxectos eólicos.

No que ten a ver coas afeccións, e comezando polas paisaxísticas, queremos lembrar que o Catálogo das paisaxes de Galiza, ao amparo do disposto no artigo 9.3 da lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galiza, identifica determinadas zonas xeográficas como áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) en atención aos valores naturais e culturais alí presentes.

Pois ben, até 3 zonas AEIP se ven afectadas directamente polas poligonais destes parques, sen mencionar xa as que fican a distancias máis ou menos próximas das mesmas. As directamente atinxidas son a AEIP_02_01 Val do Río Navea (PE Ventumelo e Treboada), a AEIP_05_15 Cernego (PE Neboada e Xeada) e a AEIP_05_07 Paradaseco-Val do Río Soldón (Orballeira).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Próximos ás áreas de implantación dos parques eólicos atópanse outros espazos pertencentes á Rede Galega de Espazos Protexidos definida na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do Patrimonio natural e da biodiversidade de Galiza.

Os máis evidentes son a zona ZEC (ES1120001) Ancares-Courel, que se atopa a 1 km do PE Ventumelo, a menos de 1 km dos PPEE Neboada e Treboada, a menos de 100 metros do PE Xeada e a menos de 50 metros do PE Orballeira. Podemos dicir aquí, sen medo a trabucarnos, que se a aspa dun muíño cae ao solo farao dentro de zona protexida. Tamén hai afectación a outras zonas ZEC sendo a máis clara a do Macizo Central que se atopa a menos de 4km do PE Ventumelo. Isto é incompatíbel coa protección destas zonas e corta de raíz calquera posibilidade de ampliación das zonas protexidas tal e como vén reclamando a Unión Europea a Galiza sen que a Xunta faga nada por solucionalo.

Hai tamén dous parques (Ventumelo e Treboada) que se sitúan dentro da zona de amortiguamento do BIC Ribeira Sacra e afectacións de distinto grao ao Camiño de Santiago na súa variante de “Inverno” que percorre a zona. Hai infinidade de afectacións a elementos patrimoniais e arqueolóxicos en distinto grao de gravidade así como a núcleos de poboación como Vilar de Mondelo ou Chao da Casa.

Outro impacto destacábel é que até catro destes proxectos se atopan en zona 2 do plan de xestión do lobo mentres que a cuestión da afectación aos acuíferos precisaría dun estudo moito máis pormenorizado sobre todo tendo en conta as experiencias previas de afectación a mananciais e cursos de auga que teñen iniciado procesos desertificadores en distintas zonas do país.

Resulta ademais evidente que este megaproxecto unificado ten un impacto xeral sobre os ecosistemas e o patrimonio polos movementos de terra para a súa construción,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

polo impacto das construcións e polo impacto sonoro. Todo isto sen avaliar a cuestión da liña de alta tensión que percorrerá todo o territorio até a SET de Trives e que se unirá, se ninguén o remedia, á outra liña de alta planificada polo macroproxecto de Statkraft. Ademais, carecen de estudo algún respecto do impacto socioeconómico máis alá de referir datos estatísticos, o que fai prever o seu reducido ou nulo beneficio nestes termos.

Finalmente, cómpre insistir en que o impulso a este megaproxecto, tal e como asegurabamos ao comezo, enmárcase nun contexto de abuso de poder por parte das grandes multinacionais eléctricas fronte ás persoas propietarias, comunidades de montes e outras entidades, reducindo a capacidade de negociación. Así mesmo, este tipo de proxectos carecen de planificación algunha para impulsar a participación pública dos beneficios do sector nin para levar incorporados plans de desenvolvemento económico e industrial adecuados.

A realidade é que hoxe en día, malia a propaganda que acompaña este novo boom, o retorno en termos económicos da produción de enerxía eólica é moi reducido. Na actualidade, os propietarios reciben de media entre o 1,1 e o 2,4% do total da facturación dos parques. Con respecto aos concellos galegos, a parte que fica no territorio da facturación é de aproximadamente o 5% e no contexto actual cómpre ter en conta que o contexto da covid-19 está a ser aproveitado pola Xunta de Galiza para coartar aos concellos a rebaixas impositivas para a atracción de proxectos industriais, que van afectar a este ámbito, reducindo o retorno aínda máis. Mesmo atendendo aos datos que facilita a patronal, se o impacto no PIB é de máis de 580M€, só a reducida cantidade de 11M€ (1,89%) son percibidos polos propietarios dos terreos (datos de 2019, de acordo coa Asociación Eólica de Galicia (EGA)).





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O noso país padece a falta de planificación consensuada dun novo plan eólico e ao mesmo tempo, dun goberno serio que impida de xeito claro a fragmentación de proxectos e garanta a axeitada planificación e control ambiental e patrimonial dos mesmos.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai a impulsar a Xunta de Galiza para impedir que prospere o megaproxecto baixo o subterfuxio da fragmentación?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2021

Asdo.: María González Albert

Noa Presas Bergantiños

Carmen Aira Díaz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 16/02/2021 17:02:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 16/02/2021 17:02:55

María del Carmen Aira Díaz na data 16/02/2021 17:03:03

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/02/2021 17:03:12

Xosé Luis Bará Torres na data 16/02/2021 17:03:18



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No ano 2006 o Concello de Ponteareas gobernado polo PP, iniciou un proxecto de ampliación da escola infantil.

Este proxecto contaba con múltiples deficiencias. No expediente de ampliación do centro escolar, figuran ata 7 inspeccións e requirimentos realizados pola Xunta entre 2006 e 2009, advertindo destas e da falta de autorización para a ampliación da escola con dúas aulas novas.

Moitas destas deficiencias detectadas por inspección da Xunta de Galicia do bipartito estaban relacionadas coa accesibilidade e a seguridade.

No ano 2009, coa entrada do PP no goberno da Xunta, todos estes requirimentos de emendar, metéronse nun caixón e mantivéronse as deficiencias detectadas, ademais permitiuse a apertura destas dúas aulas que carecían de autorización para o seu funcionamento.

A execución destas obras tivo un custo de 319.000 €, e utilizáronse fondos propios e da Xunta de Galicia.

No ano 2012, nunha inspección rutineira, advértelle ao anterior Goberno municipal que as dúas aulas non estaban autorizadas e deberían ser legalizadas con obras de adaptación, pero fíxose caso omiso ás advertencias.

Co cambio de goberno municipal, o bipartito local encargou un proxecto de legalización destas obras para adaptalas á normativa, que foi homologado pola Xunta de Galicia en xaneiro do ano 2019.

Este proxecto tiña un elevado custo polo que dende o Concello de Ponteareas leváronse a cabo de forma gradual algunhas delas, con fondos locais e axudas económicas externas coma o Plan concellos da Deputación. Pero nunca existiron en todo este tempo axudas económicas por parte da Xunta de Galicia.



Tras isto, recentemente, notificouse ao Concello de Ponteareas un expediente sancionador por parte da Xunta con imposición dunha sanción económica derivada do incumprimento da normativa por parte das obras da escola infantil.

Esta deixa o Concello nunha difícil situación xa que ao elevado custe que suporía executar integramente o proxecto de legalización, que o Concello só non pode asumir, súmase o agravio que isto supón para os usuarios da escola infantil, aproximadamente 80 nenos e nenas que quedarían sen clase durante o tempo que duren as obras.

Non existindo ningunha escola alternativa pública neste concello, xa que tras múltiples peticións á Xunta para a implantación dunha galiña azul, incluso coa existencia dun proxecto de nova escola infantil no parque forestal Ferro Ucha, o Goberno de Feijóo nunca atendeu estas reivindicacións.

Dada a complexa situación á que se enfronta a veciñanza do Concello de Ponteareas, dende o Grupo Parlamentario Socialista esiximos á Xunta de Galicia que ofrezca respostas, que pasen pola asunción das competencias que lle son propias como a asunción da escola infantil existente, ou a colaboración económica nas obras de adaptación á legalidade do proxecto de ampliación da escola infantil, declarando a suspensión do procedemento sancionador.

E a maiores, tendo en conta a demanda existente, pedímoslle que rescate do caixón o proxecto de nova escola infantil ou Galiña azul do parque forestal Ferro Ucha.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Vai a Xunta de Galicia a asumir as competencias de titularidade e xestión sobre a escola infantil municipal do Concello de Ponteareas?

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2021 17:55:46
Nº Rexistro: 11151
Data envío: 16/02/2021 17:55:46.278

Paloma Castro Rey na data 16/02/2021 11:35:43

Marina Ortega Otero na data 16/02/2021 11:35:56

Julio Torrado Quintela na data 16/02/2021 11:36:23



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta, Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, na que participan as comunidades autónomas e o Ministerio para a Transición Ecolóxica, acordou incluír ao lobo no Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial, o que supón homoxeneizar o status de protección da especie a nivel nacional e que deixe de ser considerada especie cinxética en todo o territorio nacional.

Esta decisión suscitou polémica, pola falla de acordo das comunidades autónomas e a posición contraria dos territorios onde se atopa o 95 % da poboación de lobos. En Galicia anualmente morren unhas decenas de lobos, principalmente por actividades relacionadas co furtivismo ou cos accidentes de tráfico, algunhas fontes chegan a estimar ata 200 mortes por estas causas. En cambio, nos derradeiros 14 anos cazáronse en Galicia oficialmente 17 lobos, e nos derradeiros 7 anos non se cazou ningún exemplar. O derradeiro lobo capturado nunha batida oficial foi no ano 2013, segundo datos da propia Administración. Desde entón leváronse a cabo varias actuacións, con resultado nulo. No ano 2019 só en Lugo rexistráronse catro batidas para capturar cánidos, das cinco que se aprobaron en toda Galicia.

En Galicia, o lobo forma parte do noso patrimonio natural e cultural, polo que debe ser conservado, e ben xestionada a súa presenza, co fin de acadar unha cohabitación entre este e o gando das nosas explotacións que son os principais afectados polos seus ataques, mediante control, medidas de protección do gando, compensacións e axudas polas perdas producidas polos ataques, xa que non podemos esquecer que a gandería é un dos sectores socioeconómicos estratéxicos do noso país.

O Plan de Xestión do Lobo en Galicia, foi aprobado no ano 2008, e debe adaptarse aos tempos actuais e aos avances técnicos existentes. Tamén debe levarse a cabo un novo mapa da presenza do lobo en Galicia e compre polo tanto a elaboración dun novo plan se asente en principios de conservación, prevención



e compensación.

Ademais este novo documento ten que ser froito dun consenso coas asociacións en defensa do lobo, representantes do sector gandeiro e do sector veterinario, para conseguir que o noso patrimonio natural non estea rifado cos intereses socioeconómicos dos nosos veciños e veciñas.

Os danos que produce o lobo nas explotacións gandeiras son cuantiosos e as cantidades orzamentadas polo Goberno galego para prevención e indemnización dos danos son residuais en relación ao custe, por outra banda estas axudas non teñen continuidade e se viron reducidas na convocatoria deste ano con respecto ao ano pasado, por outro lado as contías non se actualizan e non cobren os danos xerados.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que debера de propoñerse a inclusión dentro da PAC, do mesmo xeito que se axuda a explotacións en zonas de montaña, axudas a explotacións en zonas de risco por presenza de depredadores como o lobo.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia, a elaborar un novo Plan de Xestión do Lobo e un novo censo e mapa da presenza deste en Galicia?

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 12/02/2021 12:36:20

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/02/2021 12:36:30

Paloma Castro Rey na data 12/02/2021 12:36:39

Pablo Arangüena Fernández na data 12/02/2021 12:36:48

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2021 13:50:18
Nº Rexistro: 10889
Data envío: 12/02/2021 13:50:18.970

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/02/2021 12:36:56

Patricia Otero Rodríguez na data 12/02/2021 12:37:07

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os datos e razóns que xustifican a celebración dun convenio para o asesoramento á propiedade de vivendas obxecto de intromisión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de decembro de 2020 o Instituto Galego de Vivenda e Solo asinou co Consello da Avogacía Galega un convenio a fin de que polos colexios da avogacía de Galiza se prestase servizo de asesoramento ás persoas físicas que sufriran a ocupación ilegal dunha vivenda da que sexan propietarias ou usufrutuarias.

En cumprimento do convenio subscrito o CAG comprometéase á elaboración dunha guía informativa sobre os trámites administrativos e xudiciais sobre os dereitos e obrigas das persoas propietarias ou usufrutuarias de vivendas ocupadas ilegalmente. Así mesmo, pactábase a prestación de asistencia xurídica telefónica ou por correo electrónico para as persoas propietarias de vivendas obxecto de intrusión ilegal, consonte ao establecido na guía elaborada.

Resulta sorprendente que o único convenio de asesoramento xurídico asinado pola Xunta de Galiza no ano 2020 o fose para a orientación nunha materia con moi escasa incidencia no territorio en Galiza, e no que, en boa parte do contido do convenio,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xa existen recursos públicos para a defensa e protección dos intereses das persoas privadas.

En sentido inverso vemos como a evolución dos concursos de acredores, tanto de persoas naturais como xurídicas, medrando nun 30% no 2019 a respecto de 2016, sen que dende o goberno galego se adoptase medida de orientación para as persoas atinxidas. Non existindo neste caso unha alternativa pública no que se asesorar.

Do mesmo xeito o número de lanzamentos derivados de execucións hipotecarias e de arrendamentos urbanos excederon dos 2.000, sen que polo goberno de a Xunta de Galiza se púxese a dispor das afectadas nun instrumento de orientación ou asesoramento xurídico, como existía no ano 2016 ou 2017.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno galego prioritaria a celebración dun convenio para o asesoramento e orientación xurídica das persoas que sufriran a ocupación ilegal dunha vivenda da que sexan propietarias ou usufrutuarias sobre outras situacións cuantitativa e cualitativamente, atendendo ao ben xurídico protexido, de maior relevancia?

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
Iria Carreira Pazos
Alexandra Fernández Gómez





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/02/2021 13:45:56

Xosé Luis Bará Torres na data 12/02/2021 13:46:00

Alexandra Fernández Gómez na data 12/02/2021 13:46:10

Iria Carreira Pazos na data 12/02/2021 13:46:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á definitiva deslocalización de postos de traballo de Iberdrola na comarca de Valdeorras para Salamanca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Antes do próximo 31 de marzo de 2021, se ninguén lle pon remedio, a empresa Iberdrola procederá á deslocalización definitiva do seu Centro de Operacións de Cunca (COC) do Noroeste que actualmente se atopa situado no concello da Rúa (Valdeorras) e que a entidade ten previsto trasladar a Salamanca.

Cando en 2019 o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento desta previsíbel deslocalización de servizos e postos de traballo de Iberdrola na comarca de Valdeorras, entendeu que era urxente tomar posición e así o transmitiu neste Parlamento a través de distintas iniciativas. Unha desas iniciativas foi debatida na Comisión 6ª desta Cámara e aprobada por unanimidade de todos os grupos cos seguintes puntos de acordo:

«O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Expresar o seu compromiso con defender o mantemento dos postos de traballo de Iberdrola na Comarca de Valdeorras así como no resto de Galiza como compensación do impacto social que ten a produción enerxética no noso país.

2. Manter o diálogo e colaboración cos concellos das comarcas de Valdeorras e Trives e calquera outra institución galega comprometida nestes obxectivos.

3. Dirixirse á dirección de Iberdrola para esixirlle o mantemento dos postos de traballo e o freo ao progresivo desmantelamento dos servizos no territorio galego.»

Naquel momento a mobilización cidadá no Concello deixou ver a importancia que para a sociedade ruesa ten este centro de traballo; cunha implicación na identidade da vila que vai moito máis aló dos postos de traballo.

Desde o BNG reiteramos que esta deslocalización, que a empresa cualifica de “reorganización” e que en varias ocasións incluso asegurou que non se produciría, é unha nova labazada a unha comarca afectada por unha constante destrución de emprego e despoboamento á que se suma a perda de 16 postos de traballo.

Esta situación é inaceptábel se temos en conta que esta empresa, como tantas outras do sector enerxético, explotan os nosos recursos naturais e esquilman os nosos ríos e polo tanto é esixible o compromiso de manter o xa reducido número de postos de traballo que xeran no territorio nunha comarca marcada pola produción hidráulica xa desde Saltos do Sil, cun importante custo ambiental.

A marcha de Iberdrola da Rúa vai de feito contra a pretendida e preconizada política de responsabilidade social corporativa da empresa, que asegura “ter un grao máximo de responsabilidade coas zonas de orixe do negocio”.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mentres a empresa continúa cos seus plans de deslocalización, o pasado 4 de outubro de 2020 a prensa anunciou a información de que “Iberdrola construírá en Vilariño de Conso, una de la centrales más importantes de Europa cunha potencia de 900Mw” (Faro de Vigo). Unha instalación que estaría en avanzado estado administrativo e que sería unha das centrais hidroeléctricas máis grandes do Estado.

Non é admisíbel que Galiza continúe a alimentar de xeito extraordinario o negocio de Iberdrola e esta o pague eliminando emprego para levalo á terra do seu presidente. É preciso poñer límite á tendencia de eliminación de emprego da empresa no interior de Galiza (desde 1990 eliminou 111 postos de traballo, o equivalente ao 44,75% do total de emprego que mantiña a empresa no país). De feito a día de hoxe, e a pesares do uso que Iberdrola fai dos recursos naturais de Galiza, e segundo a EPA, o emprego total directo e estábel que a empresa xera en Galiza supón só o 0,019% do total do emprego do país (e decrecendo).

Queremos lembrar que a día de hoxe Iberdrola ten en Galiza a seguinte potencia en funcionamento:

1. Potencia instalada en xeración hidráulica: 1.466,87 Mw
2. Potencia instalada en bombeo: 395,93 Mw
3. Potencia instalada en eólicos: 628 Mw

En 2019 tanto o Concello da Rúa (gobernado por BNG e PSOE) así como o Concello de Petín fixeron declaracións institucionais contra a marcha da empresa da comarca. Ao mesmo tempo, e como sinalamos máis arriba, este Parlamento se posicionou á contra da deslocalización reclamando que esa preocupación e compromiso implicasen tamén á Xunta de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten levado até agora e que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza nos próximos días para evitar a deslocalización de postos de traballo de Iberdrola en Valdeorras a Salamanca?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021

Asdo.: María González Albert

Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 17/02/2021 09:26:26

Noa Presas Bergantiños na data 17/02/2021 09:26:31

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/02/2021 09:26:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/02/2021 09:26:44

Daniel Pérez López na data 17/02/2021 09:26:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Rosana Pérez Fernández e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, en demanda da reapertura da hospedaría da Casa do Mar da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real decreto 373/1999, do 5 de marzo de 1999, articulaba o proceso de traspaso a Galiza das funcións e servizos da Seguridade Social que en materia de asistencia e servizos sociais estaban até daquela encomendados ao Instituto Social da Mariña (ISM).

Traspásanse, xa que logo, a Galiza, con efectividade a data de 1 de xullo de 1999, as funcións e servizos que viña realizando o ISM en materia de asistencia e servizos sociais co fin de atender o benestar dos traballadores do mar e das súas familias a través da prestación de servizos adecuados, así como aos mariños e pescadores das terceira idade e as súas familias. É por iso que nesta altura estas Casas do Mar son responsabilidade da Consellería de Política Social.

Estas hospedarías, repartidas por toda a Galiza mariñeira e vinculadas ás Casas do Mar, son espazos referenciais para os mariñeiros e as súas familias, xa que ofrecen un servizo social público moi necesario para acoller, cunhas tarifas moi asequíbeis, os traballadores do mar cando des desprazan doutros lugares para facer cursos de formación, para facer recoñecementos médicos, para pernoctacións puntuais mentres o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

barco atraca para descargas, reposición de subministracións ou reparación de avarías, etc.

Asemade, nestas Casas do Mar acóllense familias dos mariñeiros para reencontros familiares, en momentos de accidentes marítimos ou para gozar de períodos vacacionais, servizos sociais que se estenden tamén aos mariñeiros xubilados.

O confinamento activado por mor da pandemia por covid o pasado mes de marzo de 2020 obrigou a pechar todas as hospedaría. Desde o mes de agosto volveron abrir agás a da Coruña que segue inactiva e co persoal traballador derivado a outros espazos dependentes da Consellería de Política Social.

Descoñécese cal é a razón do peche desta hospedaría na Casa do Mar da Coruña, un espazo que presentaba unha frecuente alta demanda de mariñeiros e familiares, malia o desinterese e abandono por parte do goberno galego das súas instalacións, ausencia de renovación das camas e outro mobiliario, falta de pintura...

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que razóns xustifican o peche ininterrompido da hospedaría da Casa do Mar da Coruña desde o inicio do confinamento até a actualidade?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021

Asdo.: Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/02/2021 09:50:29

Rosana Pérez Fernández na data 17/02/2021 09:50:32

Olalla Rodil Fernández na data 17/02/2021 09:50:44



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A principios do ano 2019 tiñase coñecemento de que por parte de IBERDROLA estaba previsto que o Centro de Operación de Cuenca (COC) do río Sil de A Rúa desaparecera e se trasladara a outra Comunidade Autónoma.

Este Centro forma parte da historia hidráulica de Galicia, xa que a súa apertura data de 1955, sendo o mais antigo de Galicia e está formado por técnicos de alta cualificación que tamén levan control das augas superficiais de Galicia, materia de interese público para a nosa Comunidade Autónoma.

Xa en maio de 2019 se produciron distintas manifestacións e concentracións en contra deste movemento de deslocalización que pretende Iberdrola e a pesares de que a empresa negou tal extremo, aos concellos afectados e os sindicatos, a empresa eléctrica insiste en trasladar a Salamanca dita infraestrutura cun proceso de reordenación dos centros de control que contempla que unicamente continúe o de Salamanca, co fin de que dende alí controle e supervise tódalas instalacións hidroeléctricas que a empresa posúe en España

Esta decisión é inxustificable por unha empresa que factura mais de 380 millóns en Galicia, con centrais que explotan os recursos públicos galegos e que maioritariamente xa están amortizados e que conta con importantes proxectos coma parques eólicos polo territorio rural de Galicia.

A empresa debe respectar a Galicia e debe ter un comportamento coas poboacións do rural da provincia de Ourense que corresponda co beneficio que obtén dos nosos recursos. Debe corresponder mantendo emprego estable e de calidade no rural, cooperando en corrixir os desequilibrios territoriais que sofre.

A desaparición do Centro de operacións da comarca de Valdeorras, suporía a perda de empregos cualificados, a perda de actividade económica con diversas empresas colaboradoras, e un duro golpe a unhas poboacións do rural onde os empregados residen.



A proximidade dos servizos que xestionan os recursos é ademais unha vantaxe na eficacia e rendibilidade dos centros de produción. A proximidade as administracións que controlan eses recursos facilita a realización de trámites, así como a propia coordinación e da tranquilidade ante as diversidade de incidentes e riscos nestes recursos.

Por tanto o Grupo Parlamentario Socialista entende que o Goberno galego debe de facer todo o que este na súa man para manifestar a súa exixencia de que IBERDROLA manteña o Centro de Control integrado (COC) no concello de A Rúa en correspondencia coa explotación de recursos naturais públicos a través do que desenvolva a súa actividade económica.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

1.^a) Que valoración fai o Goberno galego de que a empresa IBERDROLA pretenda trasladar o centro de operación de Cuenca (COC) do río Sil radicado no concello de A Rúa, en Ourense, á cidade de Salamanca, cas perdas económicas e de emprego que isto supón para Galicia, e en concreto para unha comarca como é a de Valdeorras, despois de explotar os recursos públicos Galegos ?

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Martín Seco García
Carmen Rodríguez Dacosta
Leticia Gallego Sanromán
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 17/02/2021 10:37:28

Martín Seco García na data 17/02/2021 10:37:38

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2021 10:46:49
Nº Rexistro: 11171
Data envío: 17/02/2021 10:46:49.902

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/02/2021 10:37:59

María Leticia Gallego Sanromán na data 17/02/2021 10:38:09

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGwgwXhmZk45
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a Estratexia galega de soidade non desexada e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta a día de hoxe, segundo os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), con 238.371 fogares unipersoais. Deles, 122.731 están formados por persoas maiores de 65 anos, a maioría mulleres (62,73%).

A soidade non desexada é na actualidade un dos maiores riscos para o deterioro das persoas e un factor determinante que favorece a aparición de situacións de dependencia, segundo advirte a Organización Mundial da Saúde (OMS).

En 2019 o Parlamento acordou, por unanimidade, instar a Xunta de Galiza a elaborar unha Estratexia para abordar esta realidade, a da soidade non desexada, e intervir de maneira integral sobre ela. Porén, até o momento e máis alá dos anuncios en medios de comunicación, esta non foi aprobada nin tampouco presentada na Cámara para que poida ser analizada e debatida polos grupos.

A crise sanitaria provocada pola Covid19 e especialmente o enorme impacto social que está a ter, afectou e afecta de maneira especial ás persoas maiores e máis aínda aquelas que viven. As medidas de distanciamento social, o peche de espazos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lecer e as limitacións impostas á mobilidade teñen un maior impacto emocional nelas que pode facer empeorar as súas condicións de vida.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos insistido moito ao longo destes meses na urxencia de deseñar un novo modelo de coidados que faga corresponsábel o conxunto da sociedade, que despregue unha rede de servizos públicos forte e garanta a mellor atención das persoas maiores e dependentes priorizando a permanencia destas nos seus fogares. Nese novo modelo de coidados a teleasistencia debe ser unha peza chave.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

. Cando vai aprobar a Xunta de Galiza a Estratexia de prevención, atención e abordaxe integral da soidade non desexada?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/02/2021 11:10:10

Iria Carreira Pazos na data 17/02/2021 11:10:13

María Montserrat Prado Cores na data 17/02/2021 11:10:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o grao de cobertura da teleasistencia en Galiza e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galiza para garantir o despregamento deste servizo no país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo recolle a memoria anual da Consellaría de Política Social correspondente a 2019 (últimos datos dispoñíbeis) en Galiza 8.212 persoas contan co servizo de teleasistencia básica das cales 349 contaban con algunhas melloras do servizo como detector de fume ou de gases. Doutra banda, 161 persoas usuarias das provincias de Ourense e Lugo dispoñían de Teleasistencia Plus.

O grao de cobertura deste servizo, fundamental para o acompañamento, apoio e atención das persoas maiores, especialmente aquelas que viven soas, é pírrico no noso país.

De facto, así o sinala o Foro económico de Galiza no informe Galiza 2040 : Dinámica demográfica e cambio de paradigma, que sitúa no 2,7 por cada 100 maiores de 65 anos o índice de cobertura deste servizo no noso país, case oito puntos por baixo da media do estado (10,41).

Este servizo, que en Galiza está xestionado a través da Cruz Vermella, constitúe un recurso fundamental para a atención das persoas dependentes. Porén, só acceden a el





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas cun grao de dependencia recoñecida e, en función del, a unhas ou outras características do mesmo.

Nos últimos meses escoitamos falar á Xunta de Galiza de maneira insistente da necesidade de estender a teleasistencia avanzada no noso país. Así as cousas, o certo é nos últimos doce anos o esforzo feito polo Partido Popular desde o Goberno galego para garantir o acceso a este recurso daquela poboación potencialmente usuaria foi mínimo por non dicir inexistente como evidencian os datos.

Para o Bloque Nacionalista Galego a teleasistencia é un servizo esencial que debe servir non só para intervir en casos de dependencia senón como ferramenta de prevención da mesma. Por suposto, non pode ser concibida polo un recurso illado senón que debe ser deseñado e despregado de maneira conxunta cos demais servizos do SAAD, especialmente os de atención a domicilio e outros de proximidade.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera aceptable a Xunta de Galiza o actual índice de cobertura da teleasistencia?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Iria Carreira Pazos
Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/02/2021 11:33:20

Iria Carreira Pazos na data 17/02/2021 11:33:24

María Montserrat Prado Cores na data 17/02/2021 11:33:32



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**

O 16 de febreiro de 2021 a Consellería de Política Social anuncia a presentación ao Goberno central unha trintena de proxectos do ámbito social para captar, segundo a propia consellería 164 millóns de euros de fondos europeos vertebrados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A Conselleira de Política Social explicou en rolda de prensa que nos últimos días aportou ao *Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030* a candidatura de Galicia para o bloque social deses fondos.

Ante a falta de información por parte da consellería á Cámara que representa a toda a cidadanía galega no Parlamento de Galicia, dende o Grupo Socialista consideramos urxente que se dean as explicacións necesarias para tratar un tema transcendental para os galegos e galegas nun momento de crise sanitaria e social provocada pola Covid-19.

Os propios axentes sociais e movementos de base que conforman o sistema de Políticas Sociais en Galicia temen que este tipo de acción unilateral por parte da conselleira deixe fóra moitas das súas propostas de cara a mellorar a calidade de vida dos galegos e galegas nun momento transcendental para a reactivación social da cidadanía e mesmo de colectivos vulnerables que precisan dunha discriminación positiva por parte das administracións. Hai que ter en conta ademais que ditos proxectos se presentaron antes ao Goberno central que á propia cidadanía galega na Cámara representativa.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cales son os proxectos que remitiu a Xunta de Galicia ao Goberno de España para a captación de fondos europeos?

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero

Julio Torrado Quintela





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2021 12:37:45
Nº Rexistro: 11193
Data envío: 17/02/2021 12:37:45.534

Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 17/02/2021 11:50:19

Julio Torrado Quintela na data 17/02/2021 11:50:31

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGwgwXhmZk45
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Suárez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez, Borja Vereas Fraiz e Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno**.

A Cidade da Cultura de Galicia vén de celebrar dez anos da súa inauguración. En efecto, en xaneiro de 2011 poñíase en funcionamento o arquivo e a biblioteca, despois dunha década de intenso traballo, non exento de debates e posicionamentos encontrados.

Cómpre lembrar que o proxecto da Cidade da Cultura viuse afectado pola crise económica que non só obrigou á retardación das obras e mesmo a súa paralización, senón que fixo necesario volver a pensar os usos dos edificios en aras de facer rendibles os investimentos públicos.

Foron decisións clave, que posibilitaron que na actualidade, esta infraestrutura sexa un referente cultural de toda Galicia.

Ao cumprirse este décimo aniversario remata unha fase de consolidación. Con preto de 5.000 actividades e case seis millóns de visitas, a Cidade da Cultura amósase como unha ferramenta social, cultural e económica.

Para continuar avanzando nesta dirección, a Xunta de Galicia vén de anunciar o inicio dos traballos de elaboración do II Plan Estratéxico da Cidade de Cultura, unha folla de rota que marcará a dirección do Gaias durante os próximos anos.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Cal é o balance do Goberno galego sobre o funcionamento da Cidade da Cultura de Galicia?

Santiago de Compostela, 17 de Febreiro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 17/02/2021 14:25:49

Ovidio Rodeiro Tato na data 17/02/2021 14:26:01

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/02/2021 14:26:13

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/02/2021 14:26:36

José Luis Ferro Iglesias na data 17/02/2021 14:27:01

Sandra Vázquez Domínguez na data 17/02/2021 14:27:10

Borja Vereza Fraiz na data 17/02/2021 14:27:28

María Felisa Rodríguez Carrera na data 17/02/2021 14:27:48



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez e Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno**.

GaliciaLe é a plataforma de préstamo de libros, revistas, audiolibros e películas en formato electrónico. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Cultura, presta este servizo en colaboración co Ministerio de Cultura y Deporte.

Creada en 2014 e ofrecida a través da Rede de Bibliotecas de Galicia, ten como obxectivo facilitar o acceso de toda a cidadanía á cultura, en calquera momento e lugar, mediante un catálogo en galego e dun catálogo en castelán (eBiblio Galicia).

Ao longo destes anos, a Xunta de Galicia vén realizando un importante traballo para consolidar esta plataforma como un servizo de calidade, á altura das demandas e expectativas da cidadanía, para o cal destina recursos materiais e humanos, que realizan un imprescindible traballo de xestión interna.

As cifras mostran, neste tempo, un substancial incremento de usuarios e de préstamos a través da aplicación. Un balance positivo que avala a labor realizada por parte da Administración Autonómica e que mostra a consolidación de GaliciaLe como un complemento doutros servizos bibliotecarios.

Porén, advertimos con preocupación que nos últimos meses se veñen producindo unha serie de deficiencias moi preocupantes e de diversa índole na plataforma, coincidindo co cambio de empresa adxudicataria do servizo por parte do Ministerio de Cultura y Deporte.

Desde o 26 de novembro ao 10 de decembro a plataforma quedou pechada e, desde a volta á actividade, ofrece unhas funcións moi reducidas. Uns problemas que non só afectan ao traballo dos xestores, senón tamén á experiencia dos propios usuarios/as, que están a transmitir as súas queixas a través das bibliotecas da Rede.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Esta evolución negativa do servizo de GaliciaLe, responsabilidade do Ministerio de Cultura y Deporte, está a poñer en seria dificultade o traballo destes anos, nun momento en que o acceso á lectura e aos produtos e servizos dixitais está experimentado un importante aumento.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade xa trasladou ao departamento competente en materia de bibliotecas do Ministerio de Cultura y Deporte todas as incidencias que se están a producir; e comunicoulle a súa disposición a colaborar para soluciónalas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Cal é o estado no que se atopa actualmente a plataforma GaliciaLe?

Santiago de Compostela, 17 de Febreiro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 17/02/2021 16:40:55

Teresa Egerique Mosquera na data 17/02/2021 16:41:06

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/02/2021 16:41:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/02/2021 16:41:32

José Luis Ferro Iglesias na data 17/02/2021 16:42:02

Sandra Vázquez Domínguez na data 17/02/2021 16:42:19

María Felisa Rodríguez Carrera na data 17/02/2021 16:42:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa aos informes transmitidos ao goberno do Estado por parte da Xunta de Galiza en relación ao cumprimento da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias no ensino.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estado español ratificou en 2001 a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias, un tratado internacional promovido polo Consello de Europa.

O último informe emitido polo Comité de Ministros do Consello de Europa advertiu graves deficiencias na política lingüística educativa da Xunta de Galiza que comprometen o progresivo avance da normalización do galego e, consecuentemente, o articulado da Lei de normalización lingüística.

Neste informe de decembro de 2019 o Comité de Ministros do Consello de Europa advertía máis unha vez da importante diminución do número de falantes e da progresiva quebra acentuada da transmisión do noso idioma propio e oficial de pais a fillos, unha transmisión natural que xa non está garantida, o que afecta de forma significativa ao mantemento da proporción de alumnado con coñecemento do galego cando se incorpora ao ensino.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, este informe do Consello de Europa afirmou que a presenza do galego é insuficiente no ensino, especialmente a nivel preescolar, para cuxa reversión propuxo eliminar as limitacións á docencia en galego que actualmente regula o Decreto 79/2010.

Recentemente o goberno do Estado fixo pública a súa resposta aos requirimentos do Consello de Europa a través do “Informe sobre las recomendaciones de acción inmediata formuladas por el Comité de Ministros del Consejo de Europa en su Resolución de 11 de diciembre de 2019 en relación a la aplicación de la Carta Europea de Lenguas Regionales y Minoritarias”.

Neste informe do Estado destácase que actualmente non hai limitacións ao ensino en galego en Galiza, como si verificou o Comité de Ministros, e que o éxito do modelo plurilingüe implantado desde 2010 está avalado por múltiples estudos e avaliacións.

A metodoloxía para a elaboración deste informe di asentarse na consulta ao goberno galego solicitando a súa colaboración para a redacción da resposta.

No entanto, da lectura do informe de resposta do Estado español tíranse algunhas inexactitudes a respecto da implantación do Decreto 79/2010 como que as dúas linguas oficiais reparten a docencia en porcentaxes iguais ou que non existen limitacións ao ensino do galego.

Por outra banda, xustifícanse estas afirmacións nos datos positivos expostos por múltiples estudos científicos.

No BNG reiteradamente demandamos ao goberno que fixese públicos os resultados da avaliación anual a que obriga, con carácter anual, a Disposición adicional quinta do mencionado decreto, despois de finalizar cada curso, co obxectivo de “desenvolver cantas disposicións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

plurilingüe e á plena aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias”.
Mais o PP nunca chegou ningunha avaliación de contraste.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Remitiulle a Xunta de Galiza, a petición do goberno do Estado, algunha avaliación propia dos resultados da aplicación do Decreto 79/2010 do plurilingüismo no ensino desde a súa implantación en 2010 para a redacción do informe de resposta requirido polo Consello de Europa ?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/02/2021 16:52:24

Daniel Castro García na data 17/02/2021 16:52:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 17/02/2021 16:52:38



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias , Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Suárez Sarmiento, Sandra Vázquez Domínguez e Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno**.

Monterroso conta cun importante legado cultural indisolublemente vinculado á celebración dunha feira con máis de 800 anos de historia.

Un mercado que, ao longo dos séculos, serviu como un punto neuráxico do comercio en Galicia e que, aínda é na actualidade, continúa ser un importante centro comercial para toda a comarca.

Froito desta tradición centenaria, Monterroso foi acollendo toda unha serie de pezas de distinta natureza vinculadas, directa ou indirectamente, a esta celebración.

Mediante iniciativas privadas, estes bens foron recompilados e valorizados nas últimas décadas, dando lugar a unha colección que, sen dúbida, relata a historia da feira na nosa Comunidade.

Baixo este marco, en agosto de 2020, o representante de cultura da Xunta de Galicia mantivo unha reunión con distintos integrantes do goberno municipal e co director do Instituto de Estudos Ulloáns para estudar unha posible colaboración entre as administracións na posta en marcha dun centro museístico que acollera estes fondos.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Cales foron os avances realizados pola Xunta de Galicia para colaborar na posta en marcha dun centro museístico da feira no concello de Monterroso?



Santiago de Compostela, 17 de Febreiro 2021.

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/02/2021 17:18:10

José Luis Ferro Iglesias na data 17/02/2021 17:18:29

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/02/2021 17:18:38

Teresa Egerique Mosquera na data 17/02/2021 17:18:57

Ovidio Rodeiro Tato na data 17/02/2021 17:19:05

Sandra Vázquez Domínguez na data 17/02/2021 17:19:33

María Felisa Rodríguez Carrera na data 17/02/2021 17:19:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A atención primaria do Servizo Galego de Saúde presenta un deterioro cada día maior xa non só no ámbito das infraestruturas senón tamén en materia asistencial, sendo cada vez máis os centros que adoecen de falla do persoal necesario para dar a cobertura axeitada á poboación, como vén denunciando constantemente o Grupo Parlamentario Socialista.

O servizo de pediatría do centro de saúde de Conxo, en Santiago de Compostela, funcionaba diariamente ata que hai un mes pasou a ofrecerse só dous días á semana de maneira presencial. A veciñanza está estes días a recibir a información de que existe a intención de suprimilo en próximas datas trasladando esa atención médica ao centro de saúde Concepción Arenal.

Esta información contrasta co compromiso da Xunta de Galicia de habilitar un novo espazo para o centro de saúde do barrio de Conxo, tal e como aparece reflectido nos Orzamentos do Goberno galego para este exercicio aínda que sen partida orzamentaria concreta nin prazos previstos de execución.

Ese novo centro de saúde, unha reivindicación histórica da veciñanza, sería moi necesario tendo en conta que Conxo é precisamente a zona cara a onde está experimentando máis expansión a cidade de Santiago de Compostela, prevéndose un aumento considerable de poboación nos vindeiros anos.

As instalacións actuais atópanse nun estado moi deficitario e, por se iso fose pouco, a falla de protocolos Covid19 axeitados obriga a que a veciñanza -moita dela envellecida- teña que agardar a ser atendida de pé, na rúa, soportando as inclemencias climatolóxicas.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan o Goberno galego:

Sobre a base de que criterios decidiron suprimir a cobertura pediátrica diaria no centro de saúde compostelán de Conxo, emprazado na zona de maior expansión poboacional da cidade?





Pazo do Parlamento, 17 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 17/02/2021 17:36:17

Julio Torrado Quintela na data 17/02/2021 17:36:30

Marina Ortega Otero na data 17/02/2021 17:36:41



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera, Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, no seu Obxectivo transversal 4. Cohesión territorial e fixación da poboación no medio rural establece que *“a distribución poboacional e a súa dinámica demográfica están estreitamente relacionadas e é no medio rural onde se concentran os retos máis urxentes nesta materia que se concretan en forma de despoboamento e avellentamento da poboación, sendo un feito que caracteriza a distribución territorial da poboación en Galicia respecto do resto de España a súa diseminación en máis de 32.400 entidades singulares de poboación, das que tan só o 24 % do total conta con núcleo ou poboación agrupada permanecendo o resto espallada, o que supón que Galicia conta co 47 % das entidades singulares existentes en toda España”*.

O propio Goberno galego reconece neste documento que *“Galicia debe crear condicións de vida atractivas para a poboación como única vía para afrontar solucións ante a escasa fecundidade, o avellentamento, a emigración da mocidade a territorios máis dinámicos”*.

Polo que a solución proposta neste plan estratéxico artéllase nunha serie de actuacións agrupadas en catro estratexias:

Estratexia 1. Promover a coordinación e o desenvolvemento de estratexias conxuntas, interdepartamentais e interadministrativas, que racionalicen a oferta e a demanda de servizos nas áreas periurbanas e rurais.

Estratexia 2. Impulsar unha rede de apoio a modelos de negocio no rural, dende o apoio ás explotacións dos recursos endóxeos no rural (agrogandeiro, silvícola-forestal) a novos modelos de negocio como establecementos de turismo e ocio e outros servizos.

Estratexia 3. Mellorar os medios de transporte colectivos especialmente no que atinxe ás conexións rural-urbanas, completar as infraestruturas rurais modulando axeitadamente as necesidades e as actuacións propostas.



Estratexia 4. Impulsar o Modelo Territorial de Galicia definido nas Directrices de Ordenación do Territorio: acción integral de desenvolvemento económico ata constituírense nun auténtico plan de como se quere ocupar o territorio de Galicia a nivel poboacional e administrativo, tendo en conta o gran reto que supón a transformación demográfica de Galicia con especial impacto no rural, por iso as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre o cumprimento deste obxectivo transversal?

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/02/2021 11:19:11

Juan Carlos Francisco Rivera na data 17/02/2021 11:19:25

Martín Seco García na data 17/02/2021 11:19:38

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/02/2021 11:20:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral, Olalla Rodil Fernández e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á demanda dunha atención educativa que garanta o acceso ao sistema bilingüe -lingua oral e de signos- ao alumnado xordo ou con deficiencias educativas desde unha atención temperá.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas xordas fan un sobre esforzo por se integraren na sociedade e superaren a que é recoñecida como a discapacidade máis cruel polo feito de ser invisíbel.

No entanto, cando estamos a piques de cumprir un ano desde o comezo da pandemia por COVID-19, podemos concluír que a discapacidade auditiva é a gran prexudicada nesta pandemia ao someter as persoas xordas a situacións de marxinalidade que chegan a conculcar os seus dereitos de accesibilidade e comunicación, así como vulnerar os seus dereitos de acceso ao coñecemento a través da educación e aos coidados da saúde con máximas garantías.

A pandemia actual acrecentou unha situación de incomunicación xa existente en diferentes ámbitos da Administración galega, multiplicando as barreiras no ámbito social, educativo e sanitario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, en moitas ocasións, as medidas sanitarias preventivas, que tamén son molestas e limitadoras para calquera cidadán, no caso das persoas xordas teñen consecuencias moi superiores e maiormente anuladoras da capacidade de socialización.

Por exemplo, a obrigatoriedade do uso da máscara para as persoas xordas provocou un impacto moito maior xa que, para alén de anular a comunicación verbal a través fundamentalmente da lectura labial, mingua moi considerabelmente a tan importante capacidade comunicativa que ofrece a linguaxe facial, como apoio á lingua de signos, e impide socializar coa normalidade necesaria este colectivo.

A covid-19 tamén puxo o foco nun problema xa existente e que cómpre afrontar canto antes de forma integral.

A atención educativa do alumnado xordo ou con deficiencias auditivas non sempre recibe o debido coidado desde o goberno galego e, á limitación comunicativa actual que impoñen as máscaras, súmase a falta de apoio por parte de intérpretes en horario escolar completo para o alumnado que o precisa, nomeadamente en ensino posobrigatorio.

Nas últimas décadas, asistimos á auxe da tecnoloxía dos implantes cocleares co fin de resolver o problema da audición da infancia xorda. Sen embargo, investigacións actuais sobre o seu éxito apuntan a que non sempre se conseguen os resultados óptimos en todos os casos.

As conclusións apuntan que os implantados teñen un “retraso lingüístico” de aproximadamente tres anos a respecto dos seus homólogos normoóintes, presentando trazos atípicos en todos os niveis lingüísticos primarios (fonolóxico, morfolóxico e léxico-semántico), como tamén no pragmático (ou comunicativo).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes datos revelan que estamos ante casos de privación lingüística en moitas crianzas e adolescentes, xa que os implantes resolven o problema de recuperación da audición, mais non resolven completamente o proceso de adquisición dunha primeira lingua e ademais ten como consecuencias a incapacidade para a comunicación interpersoal en grupo e a propia alfabetización.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Á vista dos estudos especializados recentes, comprométese o goberno galego a garantir a oferta de modelos educativos bilingües -lingua oral e de signos- nos programas de atención temperá para asegurar o desenvolvemento lingüístico e cognitivo dos nenos e nenas xordas?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 17/02/2021 19:10:27

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/02/2021 19:10:30

Daniel Castro García na data 17/02/2021 19:10:37

Mercedes Queixas Zas na data 17/02/2021 19:10:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral, Olalla Rodil Fernández e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á demanda dunha atención educativa que garanta o acceso ao sistema bilingüe -lingua oral e de signos- ao alumnado xordo ou con deficiencias educativas desde unha atención temperá.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas xordas fan un sobreesforzo por se integraren na sociedade e superaren a que é recoñecida como a discapacidade máis cruel polo feito de ser invisíbel.

No entanto, cando estamos a piques de cumprir un ano desde o comezo da pandemia por COVID-19, podemos concluír que a discapacidade auditiva é a gran prexudicada nesta pandemia ao someter as persoas xordas a situacións de marxinalidade que chegan a conculcar os seus dereitos de accesibilidade e comunicación, así como vulnerar os seus dereitos de acceso ao coñecemento a través da educación e aos coidados da saúde con máximas garantías.

A pandemia actual acrecentou unha situación de incomunicación xa existente en diferentes ámbitos da Administración galega, multiplicando as barreiras no ámbito social, educativo e sanitario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, en moitas ocasións, as medidas sanitarias preventivas, que tamén son molestas e limitadoras para calquera cidadán, no caso das persoas xordas teñen consecuencias moi superiores e maiormente anuladoras da capacidade de socialización.

Por exemplo, a obrigatoriedade do uso da máscara para as persoas xordas provocou un impacto moito maior xa que, para alén de anular a comunicación verbal a través fundamentalmente da lectura labial, mingua moi considerabelmente a tan importante capacidade comunicativa que ofrece a linguaxe facial, como apoio á lingua de signos, e impide socializar coa normalidade necesaria este colectivo.

A covid-19 tamén puxo o foco nun problema xa existente e que cómpre afrontar canto antes de forma integral.

A atención educativa do alumnado xordo ou con deficiencias auditivas non sempre recibe o debido coidado desde o goberno galego e, á limitación comunicativa actual que impoñen as máscaras, súmase a falta de apoio por parte de intérpretes en horario escolar completo para o alumnado que o precisa, nomeadamente en ensino posobrigatorio.

Nas últimas décadas, asistimos á auxe da tecnoloxía dos implantes cocleares co fin de resolver o problema da audición da infancia xorda. Sen embargo, investigacións actuais sobre o seu éxito apuntan a que non sempre se conseguen os resultados óptimos en todos os casos.

As conclusións apuntan que os implantados teñen un “retraso lingüístico” de aproximadamente tres anos a respecto dos seus homólogos normoóintes, presentando trazos atípicos en todos os niveis lingüísticos primarios (fonolóxico, morfolóxico e léxico-semántico), como tamén no pragmático (ou comunicativo).





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Estes datos revelan que estamos ante casos de privación lingüística en moitas crianzas e adolescentes, xa que os implantes resolven o problema de recuperación da audición, mais non resolven completamente o proceso de adquisición dunha primeira lingua e ademais ten como consecuencias a incapacidade para a comunicación interpersoal en grupo e a propia alfabetización.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten implantado o goberno galego para garantir a mellora das condicións de aprendizaxe do alumnado xordo neste ano de pandemia por covid?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Olalla Rodil Fernández

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 17/02/2021 19:11:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 17/02/2021 19:11:53

Daniel Castro García na data 17/02/2021 19:12:01

Mercedes Queixas Zas na data 17/02/2021 19:12:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres, e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as solucións que vai aportar a Xunta de Galiza ante o inminente desaloxo de 22 persoas do poboado chabolista do Caramuxo, no barrio de Navia en Vigo .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un total de 22 persoas serán desaloxadas o próximo 3 de marzo do poboado no que viven no Caramuxo, situado no barrio de Navia en Vigo. Desas 22 persoas, 11 son menores, afectando a un total a nove chabolas. Este poboado leva máis de tres décadas asentado neses terreos, de forma que moitas destas persoas xa naceron alí e están incluso censados nestas chabolas que están numeradas.

Recentemente, unha nova empresa fíxose coas parcelas sobre as que se asentan as chabolas co obxectivo de construír un centro comercial e demandou ás oito familias que había nese momento por ocupación en precario, solicitando o desaloxo do poboado. Finalmente, o Xulgado de Primeira Instancia nº13 de Vigo acordou en sentenza o desaloxo do poboado.

Ante iso, as familias levan meses tratando de buscar unha alternativa habitacional, pero atópanse con serias dificultades para atopar un arrendador que lles alugue unha vivenda e dificultades para manter o pago das rendas a medio prazo. Dende as Administracións Públicas tampouco se lles ofrece unha alternativa habitacional viable





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a medio prazo, xa que calquera solución puntual por un prazo de meses, non é unha solución para unhas persoas que non dispoñen duns ingresos estables nin contan con avais.

Ás portas de ter que desalojar as súas vivendas, e a pesar de que o maxistrado aprecia unha especial vulnerabilidade dos chabolistas ao haber menores ao cargo; a Xunta de Galiza non aportou ningunha solución.

As familias levan semanas demandando unha vivenda pública que se adapte ás rendas das que dispoñen. Para iso puxéronse en contacto co Instituto Galego de Vivenda e Solo en varias ocasións pero sen que se lles ofrecera resposta.

Ante a gravidade da situación pola que están a atravesar estas familias, dende o Bloque Nacionalista Galego urximos á Xunta de Galiza a que actúe e procure unha solución áxil e estable que lles garanta unha vivenda digna.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno

Que solución vai aportar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ante o inminente desaloxo de 22 persoas do poboado chabolista do Caramuxo, no barrio de Navia en Vigo?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 18/02/2021 09:38:12

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 09:38:20

Paulo Ríos Santomé na data 18/02/2021 09:38:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre inmatriculacións da Igrexa católica .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Igrexa católica ben gozando desde 1946 dun privilexio franquista que lle permitiu inscribir miles de bens sen ter que acreditar a propiedade dos mesmos, xa que a Lei hipotecaria e o regulamento que a desenvolveu posibilitaron que os representantes eclesiásticos actuasen como fedatarios públicos.

Aínda que a citada norma non permitía inscribir templos dedicados ao culto, por ser considerados bens de dominio público, a realidade é que moitos destes bens foron inmatriculados (inscritos por primeira vez no Rexistro da Propiedade) a nome da Igrexa entre 1946 e 1998. No ano 1998 o goberno do PP ampliou o privilexio franquista mediante unha modificación da Lei hipotecaria que lle permitía á Igrexa inscribir tamén lugares de culto como igrexas, mosteiros, ermidas, capelas, catedrais, etc. Como consecuencia desta norma, entre 1998 e 2015 (ano en que se suprimir esta prerrogativa) foron inscritos case 35.000 bens a nome da Igrexa católica, dos cales unha parte poderían ser bens privados, outros de propiedade das administracións e outros de dominio público.

No ano 2017 foi aprobada unha proposición non de lei no Congreso na que se demandaba ao goberno do Estado a elaboración dun informe con todas as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inmatriculacións realizadas entre 1998 e 2015, así como “reclamar a titularidade do dominio se a devandita inmatriculación se fixo sen a necesaria existencia dun título material e previo”, isto é, sen que existise algún documento que demostrase a propiedade.

Por outra parte, no ano 2018 unha Comisión de Persoas Expertas creada para determinar a titularidade da Mezquita de Córdoba recomendou anular as inmatriculacións mediante un recurso ao Tribunal Constitucional.

Resulta tamén de interese salientar o litixio gañado pola veciñanza de San Xurxo de Sacos (Cerdedo-Cotobade) contra o arcebispado de Santiago, logo de que a Igrexa inmatriculase irregularmente a carballeira de San Xusto e o monte de Lixó. Neste asunto houbo ate tres sentenzas favorábeis á veciñanza: en 1991 a do xulgado nº 3 de Pontevedra; en 1992 da sección 2ª da Audiencia Provincial; e en 1996 o da sala do civil do Tribunal Supremo.

Malia que o goberno do Estado contaba desde agosto de 2018 coa listaxe das inmatriculacións realizadas desde 1998, tardou máis de dous anos e medio en facelas públicas. Unha vez que se veñen de dar a coñecer os 34.984 bens rexistrados, chaman a atención varios feitos en relación con Galiza:

- A alta porcentaxe de inmatriculacións rexistradas en Galiza, 7.131, que supoñen máis do 20 por cento do total.
- A menor proporción de edificios dedicados ao culto e edificacións anexas (2.747), fronte a diferentes propiedades urbanas e rústicas como solares, garaxes, pisos, carballeiras ou campos da festa (4.384).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A escasa información sobre moitos destes bens, sobre todo no caso de terreos rústicos, que aparece na listaxe que se fixo pública.

Tendo en conta os privilexios concedidos polo Estado á Igrexa católica desde 1946 para o primeiro rexistro sen a necesidade de acreditar a propiedade, considerando o elevado número de bens inscritos e a posibilidade de que se producisen inmatriculacións de bens de dominio público ou que poderían ter outros titulares, tanto o goberno central como a Xunta de Galiza deberían promover unha investigación ao respecto e dispoñer os medios para anular as inmatriculacións irregulares e restituir os bens aos seus lexítimos propietarios.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Unha vez coñecida a listaxe das inmatriculacións realizadas pola Igrexa católica ao abeiro da lei hipotecaria, que accións prevé levar a cabo o Goberno galego para a anulación da inmatriculación de bens de dominio público e doutros bens rexistrados irregularmente?

Santiago de Compostela, 03 de febreiro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 10:24:58

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/02/2021 10:25:01

Iria Carreira Pazos na data 18/02/2021 10:25:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o parque eólico de Alta Cabrera e a súa afección á comarca de Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses desde o BNG estamos a asistir con preocupación na proliferación de parques eólicos de grandes dimensións con afección a unha zona específica do oriente ourensán: a comarca de Valdeorras. Así, aos xa anunciados parques que está a tramitar o Ministerio de Transición Ecolóxica promovidos pola norueguesa Statkraft (PE Barjas e PE Prada), súmanse o xa aprobado en 2008 de Cernego (en Vilamartín de Valdeorras) e outros cinco do grupo Avintia Energía SL dos que tres (PE Xeada, PE Neboada e PE Orballeira) afectan de forma importantísima aos concellos de Vilamartín de Valdeorras e principalmente A Rúa (ademais de concellos limítrofes como Quiroga ou Ribas de Sil (en Lugo) mentres que outros dous (PE Ventumelo e PE Treboada) se sitúan nas comarcas limítrofes con Valdeorras de Terras de Caldelas e Terras de Trives e comparten tamén infraestruturas cos tres primeiros.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos alertado acerca da falta de planificación e vixilancia públicas no actual boom eólico, que se está a desenvolver sen garantías de participación social nin de protección de espazos naturais e patrimoniais singulares máis aló da (escasa) Rede Natura.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Agora, o día 16 de febreiro de 2021, o Boletín Oficial do Estado publica a tramitación e a entrada en exposición pública dun novo megaparque (PE da Alta Cabrera) promovido pola empresa Enel Green Power España que se situará entre as comarcas do Bierzo e de Valdeorras, afectando gravísimamente ao concello de Carballeda de Valdeorras e á serra de Trevinca, desde onde se planifica o acceso ao parque.

Este novo proxecto eólico tería 29 aeroxeneradores (dos que 14 se sitúan en Carballeda de Valdeorras) e unha torre meteorolóxica para unha potencia total de 144 Mw de potencia cunha liña de evacuación prevista até a SET Quereño (Rubiá).

Atopámonos deste xeito cunha situación de gravidade na que a comarca de Valdeorras se vai ver directamente afectada por até 7 instalacións eólicas que supoñen un total de 760,5 Mw ás que se sumarían outras tres de afección indirecta máis sumatoria para un territorio de 972,7 km² e só 25.500 habitantes.

Para poñer isto en contexto é importante destacar que a día de hoxe a potencia eólica instalada en toda Galiza é de 3.826 Mw, segundo datos da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, polo que a potencia que se prevé instalar en Valdeorras e contorna é o equivalente e a un 19,88% do total de potencia que hoxe hai funcionando no conxunto do país.

O BNG tense manifestado de forma favorábel ás enerxías renovábeis en múltiples ocasións, pero non pode permitirse unha situación de desorden desta envergadura ante o evidente abandono de funcións por parte da Xunta, que nega un debate arredor de cal debe ser o novo modelo enerxético galego para a descarbonización ao tempo que impulsa mudanzas legislativas para reducir garantías á sociedade e aos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concellos galegos e abrir a porta a grandes multinacionais sen retorno socioeconómico e sen unha mínima protección dos valores naturais e patrimoniais.

Así un desenvolvemento que a priori podía semellar positivo tórnase en destrutor cando se realiza de xeito aleatorio e disruptivo, sen planificación e sen consenso e sobre todo cando aproveita o despoboamento dunha zona determinada para facer o que case se pode considerar unha invasión do lugar afectado. Neste marco é perentorio que a Xunta de Galiza exerza unha función de ordenación do territorio que evite situacións de abuso como a que se pode producir na comarca de Valdeorras en caso de que se leven adiante todos estes proxectos.

Seguindo esta liña de acontecementos, o martes 16 de febreiro o Ministerio de Política Territorial e Función Pública fai no BOE o anuncio, a través da Área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno en Pontevedra polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Alto Cabrera, gde 144 MW, e a súa infraestrutura de conexión á rede de transporte, situado nos términos municipais de Benuza, Encinedo, Puente de Domingo Flórez e Castrocontigo (provincia de León) e Carballeda de Valdeorras y Rubiá (provincia de Ourense).

No que ten a ver coas afeccións, principiamos dicindo que o Parque Eólico ten prevista a súa situación sobre o Macizo de Pena Trevinca. A liña de evacuación discorre moi próxima ao límite do Monumento Natural das Médulas. O Parque Natural de Serra da Enciña da Lastra atópase a uns 3,5 km ao norte da liña de evacuación, mentres que a ZEPA Pena Trevinca (ES000437) se atopa aproximadamente a 1 km ao sur do emprazamento e os Montes Aquilanos (ES4130022) a uns 2 km ao norte da liña de evacuación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O ZEC de Pena Trevinca está só a 950 metros ao sur do Parque e a AEIP de Pena Trevinca tamén uns 900 metros ao sur. Ao tempo, parte do ámbito se atopa incluído no Plan de Recuperación do sapoconcho europeo (*Emys orbicularis* L.) en Galiza aprobado polo decreto 70/2013 de 25 de abril.

A ZEPA Pena Trevinca está constituída por un macizo montañoso rodeado de vales de orixe glaciario do cuaternario e correspóndese cun dos mellores ecosistemas subalpinos do país, tendo ademais a cota máis alta de Galiza (2127 m) e alberga tamén o Teixadal de Casaio (Hábitat 9580* Bosques de *Taxus baccata*), de carácter relicto e único no país. As charcas e as lagoas que contén son tamén ecosistemas raros en Galiza.

Sen entrar máis pormenorizadamente nos abundantes impactos ambientais, patrimoniais, e naturais deste parque en concreto é fundamental sinalar e ter en conta os efectos acumulativos sobre o territorio do conxunto de parques de previsíbel instalación en Valdeorras; unha comarca que ten xa fortes impactos ambientais derivados das explotacións mineiras de lousa a ceo aberto que supoñen o principal motor industrial da comarca e un dos principais da provincia.

Resulta ademais evidente que este megaproxecto, xunto aos outros referidos, ten tamén un impacto xeral sobre os ecosistemas e o patrimonio polos movementos de terra para a súa construción, polo impacto das construcións e polo impacto sonoro e visual. Todo isto sen avaliar a cuestión da liña de alta tensión que percorrerá todo o territorio até a SET de Quereño e que se virá a sumar ás outras 3 liñas de evacuación previstas para os outros parques dos que vimos falando.

Finalmente, cómpre insistir en que o impulso a este megaproxecto, tal e como asegurabamos ao comezo, enmárcase nun contexto de abuso de poder por parte das grandes multinacionais eléctricas fronte ás persoas propietarias, comunidades de montes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e outras entidades, reducindo a capacidade de negociación. Así mesmo, este tipo de proxectos carecen de planificación algunha para impulsar a participación pública dos beneficios do sector nin para levar incorporados plans de desenvolvemento económico e industrial adecuados.

A realidade é que hoxe en día, malia a propaganda que acompaña este novo boom, o retorno en termos económicos da produción de enerxía eólica é moi reducido. Na actualidade, os propietarios reciben de media entre o 1,1 e o 2,4% do total da facturación dos parques. Con respecto aos concellos galegos, a parte que fica no territorio da facturación é de aproximadamente o 5% e no contexto actual cómpre ter en conta que o contexto da covid-19 está a ser aproveitado pola Xunta de Galiza para coartar aos concellos a rebaixas impositivas para a atracción de proxectos industriais, que van afectar a este ámbito, reducindo o retorno aínda máis. Mesmo atendendo aos datos que facilita a patronal, se o impacto no PIB é de máis de 580M€, só a reducida cantidade de 11M€ (1,89%) son percibidos polos propietarios dos terreos (datos de 2019, de acordo coa Asociación Eólica de Galicia (EGA).

O noso país padece a falta de planificación consensuada dun novo plan eólico e ao mesmo tempo, dun goberno serio que impida de xeito claro a fragmentación de proxectos e garanta a axeitada planificación e control ambiental e patrimonial dos mesmos.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai a impulsar a Xunta de Galiza para paralizar todos os proxectos eólicos previstos en Valdeorras até dispor dun estudo de impacto e planificación de conxunto impendendo así danos irreparábeis?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 18/02/2021 12:14:56

Noa Presas Bergantiños na data 18/02/2021 12:15:01

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/02/2021 12:15:08

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 12:15:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á demanda dun plan estratéxico para o porto da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O porto da Coruña está inmerso nunha regresión económica continuada sen precedentes durante a última década.

Algúns dos factores que explican o desolador balance son: a acusada diminución de tráfico sen excepción, o abandono do importante tráfico de contedores, dependencia das descargas de petróleo e carbón, así como a aposta polo tráfico de cruceiros xunto á ausencia de diversificación e captación de novos mercados (como si fixeron portos próximos como Vigo, Ferrol ou Leixoes).

Razóns que constatan a redución da participación do porto da Coruña no conxunto dos portos do Estado; mentres que os tráfico portuarios coruñeses decrecen nun -11,5%, en España aumentan nun +20,7%.

Unha situación que denota a falta de capacidade de atracción para un porto que está en condicións de continuar a ser un importante motor económico para a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cidade a comarca se atende a unha xestión diferente que atenda as necesidades actuais e de futuro, corrixindo os erros do plan de actuación que o trouxeron até aquí.

O porto da Coruña, como porto de interese do Estado, require un plan estratéxico que contribúa a se recuperar como un emprazamento óptimo para acoller unha ampla diversidade de escalas e tráfico comercial nacional e internacional.

Neste sentido, urxe recuperar o índice de conectividade do porto da Coruña con outros recintos para dinamizar os tráfico, nomeadamente o emerxente de contedores, captar novos fluxos de mercadorías, ser base de operacións e facilitar a súa dimensión internacional.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Comprométese o goberno galego a demandar, desde a súa representación no Consello de administración da Autoridade Portuaria da Coruña, un plan estratéxico de impulso e dinamización económica do porto da Coruña?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 18/02/2021 12:44:36

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 12:44:40

Mercedes Queixas Zas na data 18/02/2021 12:44:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Rosana Pérez Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as actuacións a realizar debido á mortalidade de moluscos e perda de ingresos no sector marisqueiro da ría de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pasada semana varios areas do fondo da ría de Vigo víronse gravemente afectadas polas intensas choivas que caeron sobre todo no litoral galego. Zonas como Arcade, Cesantes, Redondela ou Vilaboa Carril, Vilagarcía, quedaron considerabelmente danadas polos sucesivos temporais.

Todas as confrarías concernidas coinciden en subliñar que os grandes aportes de auga doce recibidos provocaron unha baixada importante da salinidade da auga do mar e sinálase directamente como contribución a esa baixa salinidade o exceso de auga doce procedente tanto do encoro de Eiras, unha apresa que abre as comportas sen ningún tipo de comunicación ás confrarías afectadas.

No caso dos areas de Arcade, a mortalidade é superior ao 90% en boa parte dos bancos marisqueiros. Unha mortalidade que se conta por toneladas e, dende logo, supera con creces ao que incluso nun principio se estimaba.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aquí, a mortalidade dos últimos días veu agudizar unha situación xa crítica do sector, que pola situación de peche dos mercados prioritarios de destino sufriu de maneira especialmente intensa o impacto económico da pandemia, unha situación que afectou á todas as artes tanto de a pé como de a flote.

A perda constante de recurso está a derivar nunha verdadeira situación de angustia para as e os profesionais do mar e neste contexto faise necesaria unha avaliación, un seguimento, unha análise das consecuencias da perda de recurso para o sector nas diferentes rías e unha toma de decisións áxiles que impidan que esta nova crise siga a ter repercusión nos ingresos dos mariscadores e mariscadoras.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para facer fronte á situación de mortalidade de moluscos e á previsíbel perda de ingresos do sector marisqueiro derivada do exceso de auga doce na ría de Vigo?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 18/02/2021 13:17:44

María do Carme González Iglesias na data 18/02/2021 13:17:47

Alexandra Fernández Gómez na data 18/02/2021 13:17:54

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 18/02/2021 13:18:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonzo, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a opinión da Xunta de Galiza respecto da proliferación de parques eólicos de ámbito estatal en Galiza e a súa colisión co Plan eólico galego vixente e coa soberanía galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza asiste por primeira vez ao intento por parte de grandes empresas de promover parques eólicos de máis de 50MW, que dependen do Estado. Isto acontece nun momento no que Galiza experimenta un boom eólico desenvolvido sen unha adecuada planificación e vixilancia pública, baixo unha arquitectura legal obsoleta e sen garantías para a participación social e a salvagarda do patrimonio natural como demostra a problemática social existente ao longo de todo o país.

Isto acontece cun evidente abandono de funcións por parte da Xunta de Galiza, que nega un debate arredor de cal debe ser o novo modelo enerxético galego para a descarbonización ao tempo que impulsa mudanzas lexislativas para reducir garantías á sociedade e aos concellos galegos e abrir a porta a grandes multinacionais sen garantir unha folia de ruta para asegurar o retorno socioeconómico.

Despois dunha década de parálise, asistimos a unha expansión sen precedentes. Desde a entrada de Núñez Feijoo no ano 2009 ata o ano 2018 non se instalaran en Galiza nin 300MW. No 2019, nun só ano, puxéronse en marcha 19 parques e 400MW





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instalados máis, un número maior aos instalados na década anterior. Este desenvolvemento, que podería parecer positivo, estase a dar de forma abrupta, sen planificación e sen consenso coa sociedade dos lugares afectados, e en moitos casos a través dunha fraudulenta fragmentación dos proxectos en proxectos máis pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto. Ademais, isto faise por parte do goberno galego sen unha mínima protección dos valores naturais, como demostra que haxa máis de 35 parques en tramitación dentro da Rede Natura. Recentes sentenzas xudiciais como a de Sasdónigas ou da Serra do Iribio dan conta desta situación sinalan tamén o papel da administración galega á hora de rebaixar garantías ambientais e desprotexer espazos singulares.

Ademais, Galiza asiste por primeira vez ao intento por parte de grandes empresas de promover parques eólicos de máis de 50MW, que dependen do Estado e segundo o recollido na lei do sector eléctrico do ano 2013 realizan a súa tramitación ante o Ministerio responsábel de enerxía, neste caso o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Ás fondas discrepancias que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten coa política enerxética do Partido Popular engádese a fonda preocupación pola falta de opinión, valoración e actuación diante dun acontecemento, a implantación de parques de xestión estatal, que se está a desenvolver vulnerando a precaria e cativa planificación da propia Xunta de Galiza. Se ben é certo que a isto contribúe o propio goberno galego. Dunha banda, ao ser incumpridor das súas propias normas. Doutra banda, ao ser o responsábel da non actualización e consenso dun novo plan sectorial eólico.

Este é un asunto que debe abordarse freando e corrixindo a política produtivista e sen planificación da Xunta de Galiza e facendo valer o autogoberno para demandar





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tamén un marco que respecte a capacidade de Galiza de decidir respecto das súas necesidades e prioridades enerxéticas.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que vai facer a Xunta de Galiza diante da ofensiva estatal de promoción de macroproxectos eólicos que coliden co Plan Sectorial Eólico galego e co exercicio das nosas competencias?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonso

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 13:43:55

Ramón Fernández Alfonso na data 18/02/2021 13:43:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 18/02/2021 13:44:10

Noa Presas Bergantiños na data 18/02/2021 13:44:19



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O 15 de febreiro de 2021, a conselleira do Mar, participou no Consello Consultivo de Política Pesqueira para Asuntos Comunitarios no que se debateu sobre as negociacións bilaterais das posibilidades de pesca para 2021 nas augas compartidas entre a Unión Europea e o Reino Unido. No marco deste encontro Galicia defendeu unha vez máis o incremento tanto das cotas provisionais asignadas ao primeiro trimestre do ano como para o conxunto de 2021 nestas augas co obxectivo de compensar outras posibles caídas.

En relación ao primeiro trimestre do ano, nas poboacións de peixes compartidas co Reino Unido establecéronse de xeito provisional unhas cotas estables e proporcionais ás fixadas para 2020.

Para este período, Galicia considera necesario o incremento das cotas asignadas para o primeiro trimestre co obxectivo de realizar aumentos nas pesqueiras que, xunto coa xestión que a frota realice delas, permitan manter a súa actividade tamén durante o resto do ano. Hai que lembrar que moitas pesqueiras como a da xarda, o lirio ou o rape en Gran Sol teñen as súas cotas asignadas por buque, o que supón que cada armador as organiza segundo beneficie á súa actividade e non necesariamente nos tres primeiros meses do ano.

En canto ás cotas definitivas para o 2021 que se están a negociar para as augas compartidas co Reino Unido, á hora de determinalas é preciso ter en conta, amais das principais cifras de asignación, a necesidade de dispor de cota de especies para a súa cesión e intercambio con outros Estados Membros.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son as demandas do Goberno galego nas negociacións das cotas definitivas para 2021 en augas de Gran Sol?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 18/02/2021 14:30:40

José Manuel Balseiro Orol na data 18/02/2021 14:30:53

Ana Belén García Vidal na data 18/02/2021 14:31:08

Manuel Santos Costa na data 18/02/2021 14:31:18

José Alberto Pazos Couñago na data 18/02/2021 14:31:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Elena Suárez Sarmiento na data 18/02/2021 14:31:38

Daniel Vega Pérez na data 18/02/2021 14:31:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

María Isaura Abelairas Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral Pleno**.

O barrio do Cura en Vigo foi demolido para proceder á súa reconstrución quedando só a Escola Infantil Municipal Santa Marta pendente de buscar outra radicación na contorna. Actualmente, esta conta con 42 nenos e nenas matriculados, dun total de 78 prazas.

O Concello de Vigo propón empregar os espazos dispoñibles do CEIP Ramón y Cajal situado na mesma zona escolar. Este colexio escolariza actualmente 114 alumnos e alumnas, tendo capacidade para escolarizar a 235, polo que conta con espazos dispoñibles suficientes, tres aulas baleiras contiguas, dúas bibliotecas, aula para o servizo de orientación, aula para atención especializada de pedagogía terapéutica, sala de informática de 100 metros cadrados, despachos, local para a ANPA, etc.

En resumo, conta con espazo suficiente que podería ser remodelado sen mingua da calidade educativa para poder integrar aos alumnos da EEI Santa Marta. De feito, o Concello de Vigo manifestou o seu compromiso coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade para facer as obras que permitan unha entrada independente, acondicionamento das aulas e patio exterior, así como buscar formas posibles para a utilización do comedor escolar.

Esta solución, que sería un exemplo de colaboración institucional entre o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia, permitiría unha solución óptima. Non obstante, todo apunta a que por parte de Goberno galego non se ten intención de facilitar esta solución a un problema doado de resolver e que, sen dúbida, é un escenario óptimo para dar respostas á cidadanía.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:



Que intereses ten a Xunta de Galicia para negarse a dar as autorizacións precisas para a ocupación provisional destes espazos, deixando fóra a 42 nenos e nenas, e sen traballo ás persoas que se dedican a súa educación?

Pazo do Parlamento, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: María Isaura Abelairas Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Marina Otero Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 18/02/2021 15:37:28

Julio Torrado Quintela na data 18/02/2021 15:37:44

Marina Ortega Otero na data 18/02/2021 15:37:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 12 de febreiro deuse a coñecer a sentenza da Audiencia Provincial da Coruña en relación co recurso presentado pola familia Franco a respecto da sentenza do xulgado de primeira instancia sobre o Pazo de Meirás.

Na xustificación da sentenza hai referencias preocupantes sobre os feitos históricos e sobre o relato do espolio do Pazo de Meirás que non son admisíbeis desde un punto de vista democrático. Mais do que consideracións xurídicas, aparecen numerosos xuízos de valor, opinións e expresións que non son admisíbeis cando se están a xulgar feitos de extrema gravidade e que afectan a persoas que foron vítimas de abusos, espolio, vexacións e aldraxes de todo tipo.

Referencias como as que fai a sentenza á doazón do Pazo, aos métodos para a súa adquisición, e á apropiación doutras propiedades na contorna son contrarias á unha verdade histórica acreditada por numerosas probas e intentan modificar o relato dos feitos dando por boa a versión falsa do franquismo.

Por outra parte, resulta paradoxal que a sentenza non establece a mala fe posesoria no caso de Francisco Franco e a Carmen Polo, a pesar de constatar a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

compravenda fraudulenta de 1941 e todo un *modus operandi* para apropiarse dun ben que a todos os efectos funcionou como residencia do autoproclamado Xefe do estado.

Todas estas consideracións son de extrema gravidade e poden ter implicacións nun hipotético recurso de casación por parte da familia Franco.

No inmediato, o aspecto máis grave da sentenza ten que ver coa “boa fe posesoria” dos herdeiros e demandantes, o que ten importantes implicacións a respecto da indemnización a que tería dereito a familia Franco tanto polos gastos necesarios como polos gastos útiles.

E o que resulta aínda moito máis difícil de explicar e semella unha clara mostra de parcialidade é que se presuma esa boa fe posesoria desde 1975, cando o Estado seguiu prestando servizos até 1990 e os demandantes teñen a condición de herdeiros e a condición de “posuidores” desde o ano 2018.

Por parte da avogacía do Estado fíxose unha valoración positiva do fallo e anunciouse a intención de non presentar recurso. A mesma valoración fixo a Xunta de Galiza por medio do conselleiro de Cultura, que nunhas declaracións públicas valorou positivamente a sentenza e asumiu a indemnización aos Franco.

Desde o BNG entendemos que estas posturas son indamisíbeis por varias razóns:

- Pola importancia de defender o relato histórico e non dar por boas as valoracións do fallo xudicial.
- Porque non se pode admitir que a sentenza estableza a boa fe posesoria dos herdeiros desde 1975, ao tempo que non establece a mala fe posesoria de Franco e a súa dona desde os inicios e máis alá de 1975, cando menos até 1988.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, entendemos que o goberno galego debe ser consecuente cos acordos do parlamento galego de 2017 e 2018, no sentido de que a reclamación e a devolución do Pazo debería facerse sen custos para o erario público, que xa pagou abondo o espolio e o goce deste ben por parte do Ditador e a súa familia.

Se se pretendese de verdade unha acción de xustiza e reparación, o lóxico sería promover unha investigación exhaustiva sobre todos os bens espoliados e adquiridos de maneira irregular e de mala fe polo clan Franco, e polo tanto sobre o enriquecemento logrado pola posesión e venda de bens adquiridos polo Estado. Trataríase en consecuencia, en boa lóxica democrática, de que rendan contas e paguen polo que foi claramente obxecto de apropiacións indebidas e non do mundo ao revés de que sexan indemnizados e beneficiados.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego presentar recurso diante do Tribunal Supremo en relación coa sentenza da Audiencia Provincial sobre o pazo de Meirás?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 16:26:38

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/02/2021 16:26:41

Mercedes Queixas Zas na data 18/02/2021 16:26:51



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

As reformas do Regulamento hipotecario e da Lei hipotecaria (concretamente do seu artigo 206) levadas a cabo polos gobernos do PP no Estado desde o primeiro Goberno Aznar posibilitaron o acceso ao rexistro da propiedade de calquera tipo de bens inmuebles, así como a calquera dereito real sobre eles, situación que foi aproveitada pola Igrexa Católica para inmatricular multitude de bens ao seu nome, tendo en conta que ata ese momento, os templos dedicados ao culto católico quedaban fóra do rexistro, posto que eran considerados bens de dominio público, que non se poden adquirir pola súa simple posesión, sendo necesario entón un título previo xustificativo da propiedade ou do dereito real.

En lexislaturas pasadas o PSdeG xa formulou, sen que fose apoiada polo PP, unha iniciativa dirixida a coñecer os efectos que tivo en Galicia a dita reforma a través dun estudo da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado que enumerase os bens inmatriculados a favor da Igrexa Católica desde 1998, como se fixo noutros lugares de España.

Nestes días, o Goberno está facendo pública a relación dos bens que se inmatricularon aproveitando a vía aberta pola modificación da normativa hipotecaria do Goberno Aznar.

Segundo os datos do Goberno, o número de inmuebles inmatriculados pola Igrexa é de aproximadamente 35.000, dos cales 7.131, é dicir, un de cada cinco, corresponden a Galicia, o cal dá idea da importancia desta situación na nosa comunidade. Dentro deses 7.131, hai 2.747 templos, e o resto está integrado por todo tipo de bens inmuebles. A relación completa deses bens vén de ser remitida ó Congreso, o cal abrirá o prazo para reclamar legalmente por parte de quen estea en desacordo coa declaración de titularidade en favor da Igrexa, como pode ser o caso de particulares ou concellos, entre outros.

Por iso o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego que debe establecer mecanismos para facilitar que os posibles titulares de bens inmatriculados pola Igrexa Católica ao abeiro da



reforma da normativa hipotecaria impulsada polo Goberno Aznar poidan reclamar os seus eventuais dereitos dada a dimensión deste asunto en Galicia?

Pazo do Parlamento, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández
Paloma Castro Rey
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 18/02/2021 15:46:52

Paloma Castro Rey na data 18/02/2021 15:47:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a modificación do regulamento en materia de socorrismo acuático.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo a información recibida por este grupo parlamentar, mesmo publicada en diferentes medios de comunicación, a Xunta de Galiza ten expresado a intención de realizar unha modificación substancial na normativa que regula a prestación do servizo de socorrismo en espazos de baño, tanto natural como piscinas públicas, e da cualificación e responsabilidades das persoas encargadas da súa execución.

Certamente nos últimos anos os concellos galegos veñen sufrindo enormes dificultades para contratar persoal cualificado para prestar o servizo de salvamento acuático nas praias ou nas piscinas públicas, existindo unha evidente falla de previsión da Xunta de Galiza ante esta eventualidade, e unha evidente ausencia na promoción da capacitación de persoas para desempeñar tales cometidos.

A día de hoxe a Xunta de Galiza ten expresado a súa intención de reducir as exigencias para acceder á condición de socorrista, así como a creación da figura do “auxiliar de socorrista” que con limitada capacidade de acción e unha formación elemental, poda “cubrir” a inexistencia de socorristas, dando as usuarias dos espazos naturais de baño un sensación de falsa seguridade. Existiría persoal, mais capacitado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para unhas moi limitadas intervencións. Unha creación que en ningún caso serviría para paliar o déficit de socorristas, antes ao contrario desincentivaría a realización de cursos de capacitación para obtención de tal cualificación; máxime nunha actividade, actualmente, tan estacional.

Por outra banda, o art. 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común establece a obrigatoriedade de, con carácter previo a elaboración dun proxecto de regulamento, a consulta pública dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente atinxidos pola norma. Consulta que habería de verificarse a través do portal web da Administración. Non consta que a Xunta de Galiza procedese a cumprimento de tal precepto e que, por exemplo, ante a eventual creación dunha nova figura profesional se recabase a opinión das organizacións sindicais máis representativas.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o Goberno Galego abrir un trámite de audiencia cos suxeitos e organización sectoriais e sindicais máis representativas cara a unha modificación do Decreto 104/2012?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 18/02/2021 16:59:43

Xosé Luis Bará Torres na data 18/02/2021 16:59:47

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/02/2021 16:59:53



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O traballo de historiadores e investigadores do noso país fixo que saíra a luz un dos capítulos máis negros da nosa historia, a Guerra Civil e a Postguerra, pero coma sempre, na maioría destes casos, os feitos e as vítimas teñen color masculino, quedando na sombra as mulleres.

Os crimes do franquismo non fixeron distinción de xénero, e no noso país miles de mulleres foron represaliadas, perseguidas, escravizadas, violadas, ou asasinadas, por unha dobre condición: ser muller e ter unha ideoloxía diferente.

Durante o goberno Bipartito a Xunta de Galicia, tiña un compromiso coa recuperación da memoria, que traducíuse en investimentos e iniciativas políticas que abarcaban por exemplo a creación do **Consello da Memoria**, con representación de asociacións, personalidades superviventes coma Isaac Díaz Pardo e Avelino Pousa Antelo, familiares das vítimas, historiadores e investigadores sobre la represión;

Fixéronse convocatorias públicas de axudas en 2006, 2007 y 2008 para la realización por parte de asociacións e particulares de actividades de investigación, homenaxes, audiovisuais.....

Declarouse o ano 2006 como Ano da Memoria e promovéronse iniciativas dende a Consellería de Cultura para mostrar por primeira vez un pasado escurecido, favorecendo o seu coñecemento e o recoñecemento ás vítimas no espazo público. Se permitiu naturalizar, e expresar, o que sempre fora silenciado.

Neste ano tamén cofinanciouse un libro editado pola revista feminista Andaina, que levaba por título “A memoria esquecida: peladas, presas, paseadas” dedicado ás mulleres revolucionarias que morreron no anonimato, no que se recollían testemuñas de moitas mulleres represaliadas.



O cambio de Goberno, no ano 2009 puxo fin a todo isto, agochando nun caixón todos estes proxectos, e a Xunta do PP non volveu a investir en proxectos relacionados coa recuperación da memoria.

Dende o PSdeG, presentamos unha emenda ao orzamento 2021 na que pedíamos unha partida 1.000.000 € para Memoria histórica co fin de contribuír a promover e divulgar investigacións e estudos que contribúan a facer posible as demandas de recoñecemento das vítimas do franquismo, e dentro disto coma non podería ser doutra forma aos crimes de xénero, por entender que é un deber de conciencia e responsabilidade.

A recuperación da historia con perspectiva de xénero e fundamental xa que visibiliza e reivindica como suxeitos políticos ás mulleres, co fin de facer xustiza con elas pero tamén para que as nenas do futuro poidan ter coma referentes todas aquelas mulleres .

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Vai o Goberno da Xunta a impulsar un Proxecto de Recuperación da Memoria Democrática das mulleres galegas, co fin de visibilizalas e recoñecer a represión que sufriron e o papel vertebrador que tiveron na loita pola democracia e a autonomía galega?

Pazo do Parlamento, 18 de febreiro de 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 18/02/2021 17:23:15

Pablo Arangüena Fernández na data 18/02/2021 17:23:24



Á Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Encarnación Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias, Elena Suárez Sarmiento e Felisa Rodríguez Ferro ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en pleno**.

Exposición de motivos:

Os galegos e as galegas levan moitos anos comprometidos coa convivencia lingüística entre o galego e o castelán, ambas linguas cooficiais ao amparo do marco normativo previsto na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia e na Lei de Normalización Lingüística de Galicia.

En Galicia non existe ningún tipo de conflito lingüístico neste momento, mesmo contamos cun modelo de bilingüismo cordial “totalmente normalizado”, un modelo integrador que busca a convivencia entre as linguas cooficiais en condicións de igualdade, ao tempo que se promove a aprendizaxe de linguas estranxeiras e un aproveitamento intenso co outro gran tronco lingüístico común que é Lusofonía.

A enquisa que o IGE realiza cada 5 anos, estamos a falar da última que foi no ano 2018, sobre o uso da lingua galega amosa que o número de galegofalantes aumenta por 1ª vez desde que temos estatísticas. Así, o galego refórzase como a lingua maioritaria na nosa Comunidade.

Hoxe falan galego máis persoas na nosa Comunidade que hai 5 anos. En concreto, o 51,88% da poboación, fronte ao 50,9% de 2013, é monolingüe en galego ou bilingüe con predominio do galego. Un leve repunte pasando dun 72,9% no ano 2013 a un 75,02% no 2018 de persoas que usan o galego a diario.

Tamén medran os usos bilingües, co que conleva a un exemplo de convivencia lingüística. En definitiva, a nosa lingua continua tendo uns índices de competencia mais elevados de todas as Comunidades Autónomas con linguas cooficiais.

Recentemente, o Goberno central vén de facer pública a súa resposta ás recomendacións feitas hai un tempo polo Comité de Ministros do Consello de Europa en relación á Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias. Así, no informe estatal remitido ao Consello de Europa explica que o sistema educativo galego réxese polo Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



de Galicia e fala de que na nosa comunidade está implantado un sistema de ensino totalmente bilingüe.

Segundo o devandito informe, faise fincapé en que non existen limitacións ao ensino do galego en Galicia, senón o seguimento dun sistema de ensino bilingüe.

Logo de anos de ataques continuos ao Decreto do Plurilingüismo, pese a estar tamén avalado polos tribunais, parece chegado o momento de acabar definitivamente coas confrontacións políticas en relación con este asunto e reafirmar o modelo de equilibrio lingüístico entre galego e castelán, xunto coa aprendizaxe de linguas estranxeiras no sistema educativo de Galicia.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes presenta a seguinte pregunta oral en pleno:

Que valoración fai a Xunta tras a publicación dun recente informe por parte do Goberno estatal en resposta ás recomendacións do Comité de Ministros do Consello de Europa en relación coa Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Domínguez na data 18/02/2021 16:27:27

Ovidio Rodeiro Tato na data 18/02/2021 16:27:38

Teresa Egerique Mosquera na data 18/02/2021 16:27:47

María Encarnación Amigo Díaz na data 18/02/2021 16:27:55

José Luis Ferro Iglesias na data 18/02/2021 16:28:06

María Elena Suárez Sarmiento na data 18/02/2021 16:28:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Felisa Rodríguez Carrera na data 18/02/2021 16:28:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O DOG do 10 de febreiro de 2021 publicaba as axudas para proxectos colectivos de modernización das infraestruturas dos portos pesqueiros, das lonxas e dos lugares de desembarque, para a mellora da eficiencia enerxética, da protección do ambiente, da seguridade e das condicións de traballo, e da calidade e do control e rastrexabilidade dos produtos desembarcados da pesca, cofinanciada polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP).

O Programa Operativo do FEMP para Galicia recolle no seu plan financeiro un orzamento específico para equipamentos portuarios, unha medida que dispón dun orzamento global de 34 millóns de euros, dos cales procederán do FEMP un total de 25,5 millóns de euros (75%) financiándose as iniciativas nun 100% do gasto elixible.

Neste contexto, o FEMP recolle que se poderán financiar investimentos para mellorar as infraestruturas dos portos pesqueiros, das lonxas, dos lugares de desembarque e dos fondeadoiros. O obxectivo é:

- Mellorar a calidade e incrementar o control e a rastrexabilidade dos produtos desembarcados.
- Aumentar a eficiencia enerxética.
- Contribuír á protección do medio ambiente.
- Mellorar a seguridade e as condicións de traballo dos pescadores



A mellora constante das instalacións e dos equipamentos portuarios é unha prioridade para a Xunta e ten como obxectivo facilitar o labor diario dos profesionais do mar e impulsar a competitividade do sector e a súa rendibilidade.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal foi o orzamento destinado pola Consellería do Mar entre os anos 2016 e 2020 aos proxectos financiados nos portos pesqueiros galegos para a modernización e mellora das infraestruturas vencelladas coa súa actividade así como o subministro de equipamentos e servizos para optimizar a comercialización dos produtos do mar?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 18/02/2021 14:26:42

José Manuel Balseiro Orol na data 18/02/2021 14:26:57

Ana Belén García Vidal na data 18/02/2021 14:27:11

Manuel Santos Costa na data 18/02/2021 14:27:21

José Alberto Pazos Couñago na data 18/02/2021 14:27:29

María Elena Suárez Sarmiento na data 18/02/2021 14:27:40

Daniel Vega Pérez na data 18/02/2021 14:27:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Elena Suárez Sarmiento, Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada por coñecer en sede parlamentaria o posicionamento do goberno galego nun tema anunciado recentemente.

É de sobra coñecida a implicación técnica e económica da Xunta de Galicia na dotación e mellora dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración dos concellos galegos, a pesar de que esta é unha competencia de ámbito municipal.

Neste contexto, o Goberno galego anunciou recentemente a execución de varios proxectos destinados a mellorar a rede de saneamento e o sistema de depuración no concello de Vilagarcía de Arousa por importe de 33 millóns de euros.

Estas melloras forman parte dun programa de actuación máis amplo que o Goberno galego vén desenvolvemento nos últimos anos co obxectivo último de acadar o saneamento integral da ría de Arousa e que ten suposto xa importantes investimentos por parte da Administración autonómica.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguintes pregunta oral en pleno:

1. Que proxectos ten previsto acometer o Goberno galego en Vilagarcía de Arousa para mellorar o saneamento e apoiar ao Concello de Villagarcía de Arousa no desenvolvemento das súas competencias municipais de saneamento e depuración?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Santiago de Compostela, a 22 de Febreiro 2021.

Asinado dixitalmente por:

María Elena Suárez Sarmiento na data 22/02/2021 13:51:34

Diego Calvo Pouso na data 22/02/2021 13:51:46

Ramón Carballo Páez na data 22/02/2021 13:52:06

Carmen María Pomar Tojo na data 22/02/2021 13:52:19

José Manuel Balseiro Orol na data 22/02/2021 13:52:30

María Sol Díaz Mouteira na data 22/02/2021 13:52:45

Marta Nóvoa Iglesias na data 22/02/2021 13:54:18

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/02/2021 13:54:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

